

AGAPI Plan Estratéxico do Sector Audiovisual Galego (2002-2005)

Da Lei ó Clúster do Audiovisual de Galicia

SUMARIO

AUDIOVISUAL GALEGO: CON VOZ PROPIA.
PLAN ESTRATÉXICO DO AUDIOVISUAL GALEGO (2002-2005)

AGAPI 1994-2001.
OITO ANOS COMO MOTOR DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

Primeira parte ANÁLISE SECTORIAL

- I. POLÍTICA SECTORIAL
- II. FINANCIAMENTO
- III. PRODUCCIÓN
- IV. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN
- V. FORMACIÓN
- VI. COOPERACIÓN EMPRESARIAL

Segunda parte 100 PROPOSTAS SECTORIAIS

100 PROPOSTAS Á SOCIEDADE GALEGA
PROPOSTAS POR ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN
CALENDARIO DE EXECUCIÓN

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

Lei do audiovisual de Galicia
Convenio IFC-BA
Convenio ICO-TVG-AGAPI

ÍNDICE DE PROPOSTAS

ÍNDICE

PRESENTACIÓN: PLAN ESTRATÉGICO DO AUDIOVISUAL GALEGO (2002-2005)

“O audiovisual é hoxe, como o foi a moda na década dos 80,
un dos paradigmas da modernización galega”

A AGAPI creouse o 19 de decembro de 1994. Tras seis anos de presenza ininterrompida no sector audiovisual galego, a Xunta Directiva da AGAPI considerou en setembro do ano 2000 que o proxecto inicial da AGAPI estaba concluído. Os obxectivos fundacionais conseguíranse en gran medida e a asociación lograra trasladar á sociedade galega, e especialmente á Administración autonómica, as nosas demandas e expectativas, creando un verdadeiro caldo de cultivo que fixo posible a maduración e un desenvolvemento exponencial do sector.

Naquel momento abriuse un proceso de diálogo e reflexión cos nosos asociados e outros interlocutores cualificados e chegamos á conclusión de que era preciso lanzar novos retos, formular un novo proxecto colectivo para o sector audiovisual de Galicia e, en definitiva, crear un novo horizonte. Foi así como desde a Xunta Directiva da AGAPI formulámo-la conveniencia de elaborar, por primeira vez, un Plan Estratéxico sectorial, capaz de recolle-la nova realidade e as demandas do sector. Queríamos, e queremos, poñer en orde as nosas ideas e ilusións e proxectalas cara ó futuro dun modo sistemático e coherente.

Froito daquela decisión foi un calendario de traballo amplo e complexo, realizado colectivamente ó longo de todo un ano (setembro de 2000 a setembro de 2001), mediante o cal a AGAPI levou a cabo a súa decisión de elaborar este Plan Estratéxico que o lector, e o sector, teñen nas súas mans.

A Casa Antiga do Monte

O primeiro paso consistiu nunhas xornadas de traballo maratonianas (Casa Antiga do Monte, Lestrove, Padrón, 28-30 de setembro de 2000), nas que se trazaron as liñas mestras do plan, se analizaron separadamente cada un dos seus alicerces e, nunha tormenta de ideas moi participativa, se achegaron un sen fin de propostas e medidas. A Xunta Directiva da AGAPI estaba formada daquela por Andrés Barbé como presidente, Manuel Gómez, Pancho Casal, Beatriz Legerén, Valentín Carrera e Luis Collazo, actuando como secretario de actas o xerente, Javier López. Das reunións de Lestrove saíu un primeiro borrador denominado “Obxectivos prioritarios do Plan Estratéxico”, que, dalgún xeito, foi a *herdanza* deixada pola Xunta Directiva saínte, ó cumpri-lo seu mandato, tras dous anos de intensa xestión.

En xaneiro de 2001, a asemblea de socios elixiu cunha participación do 80% unha nova Xunta Directiva, que recolleu a testemuña do Plan Estratéxico e se propuxo levalo a bo porto durante o ano 2001: cremos que o obxectivo se cumpriu. A responsabilidade última dos contidos deste plan correspóndelle á Xunta Directiva actual, presidida por Manuel Gómez e formada por Valentín Carrera, vicepresidente e vocal de Formación; Pancho Casal, vicepresidente de Cine; Celestino Hermida, vicepresidente de Son; Moncho Varela, vicepresidente de Televisión; Alejandro Castro e Marcos Gallego, vocais; e Beatriz Legerén, tesoureira.

Consenso parlamentario

Co primeiro borrador de traballo na man, a AGAPI puxo en marcha un amplo proceso externo e interno de consultas, diálogo e debate colectivo. No ámbito externo, consideramos imprescindible para a boa marcha do Plan Estratéxico, é dicir, para facer unha proposta realista, cos pés na terra, contar coa colaboración e o consenso dos grupos parlamentarios representados no Parlamento galego e da Administración autonómica, a través dos seus diferentes departamentos. No primeiro caso, é de rigor e de inescusable elegancia que a industria audiovisual galega manteña como interlocutores privilexiados a tódolos grupos parlamentarios galegos, posto que todos eles –cunha xenerosidade e unanimidade que os honra- fixeron posible a Lei 6/1999, do audiovisual galego, que declara o carácter estratéxico do sector.

O labor parlamentario en relación co sector audiovisual non acabou o 21 de xuño de 1999 coa aprobación da Lei 6/99, senón que entendemos que esta lei exemplar debe ser considerada como o punto de partida para unha serie de actuacións legislativas. Actuacións, das que trataremos nos capítulos seguintes, algunhas xa en marcha e outras moitas que esperamos fructifiquen na nova lexislatura 2002-2005, período coincidente co deste Plan Estratéxico. Para levar a cabo o diálogo cos grupos parlamentarios, a AGAPI remitiúlles a comezos do ano 2001 o primeiro borrador (“Obxectivos prioritarios”) ós catro grupos presentes no Parlamento de Galicia e, seguidamente, realizáronse reunións de traballo cos portavoces ou membros cualificados de cada grupo.

Co Grupo Parlamentario Popular mantivéronse entrevistas co seu portavoz e conselleiro de Presidencia, Jaime Pita (12 de xaneiro); co PSdeG-PSOE, o interlocutor foi o deputado José Luis Méndez Romeu (5 de febreiro); polo Bloque Nacionalista Galego, a interlocutora foi a deputada Pilar García Negro (12 de febreiro); e, finalmente, polo grupo EU de Galicia, recibiron o documento e participaron no debate os seus dous deputados, Anxo Guerreiro e Xosé Manuel Pazos (14 de febreiro). Todos eles tomaron boa nota das propostas contidas no noso documento e formularon, á súa vez, suxestións e recomendacións que se tiveron en conta na redacción final deste plan. E tódolos grupos parlamentarios coincidiron na necesidade de mante-lo consenso político básico para levar a bo termo as propostas estratéxicas. Á súa vez, a AGAPI, que impulsou e encareceu este consenso

parlamentario, seguirá apostando na próxima legislatura polo diálogo institucional, que tivo como primeiro froito a Lei do audiovisual.

Diálogo coa Administración

En segundo lugar, ningún sector estratéxico pode desenvolverse plenamente á marxe da Administración. E o certo é que entre os sectores industriais e as administracións competentes deben existir relacións fluídas e cordiais de colaboración e deben trazarse liñas de traballo compartidas, orientadas cara a un horizonte común. No noso caso, cinguíndonos á Administración autonómica, que ten transferidas as competencias na materia, a AGAPI considerou necesario facer un esforzo de diálogo coa Xunta de Galicia.

Para iso, o borrador inicial remitíuselle á Consellería de Cultura – tanto ó conselleiro como á directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual e ó CGAI-, á Consellería de Industria, á Consellería de Economía, ó IGAPE, á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (e ás súas dúas direccións xerais, de Formación e Colocación, e de Emprego). Por último, o texto remitiuse á Dirección Xeral da CRTVG. Iniciouse entón un amplo diálogo con todos estes departamentos da Administración, o que demandou un sobreesforzo por parte da Xunta Directiva, que damos por ben empregado desde o momento en que boa parte das propostas e demandas que se foron debullando nestas reunións acabaron *calando* no discurso dos xestores políticos e algunhas delas xa tomaron corpo real e comezaron a ser operativas. Moitas das ideas debatidas e analizadas partiron da AGAPI; outras, da Administración ou doutros axentes do sector; todas elas son froito dun diálogo fluído e participativo, con propostas de ida e volta, discutidas e contrastadas e, no substancial, cun interese sincero polo desenvolvemento do sector audiovisual.

Na Consellería de Cultura –a primeira en importancia, por razón das súas competencias en materia de produción e promoción do audiovisual en lingua galega- os nosos interlocutores foron o conselleiro Xesús Pérez Varela e a directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual, Rosanna López Salgueiro. O conselleiro mantivo unha exhaustiva reunión de traballo con toda a Xunta Directiva da AGAPI, na que se repasaron os principais asuntos do Plan Estratéxico relativos á Consellería de Cultura, especialmente a creación e posta en funcionamento do Consorcio do Audiovisual e o desenvolvemento da lei.

O encontro coa Consellería de Economía non foi menos importante, dada a importancia do financiamento para o noso sector. O conselleiro José Antonio Orza recibiu ó pleno da Xunta Directiva da AGAPI acompañado do secretario xeral da súa consellería, Emilio Álvarez Rey; da directora xeral do IGAPE, Margarita Rodríguez Rama; e do director de XesGalicia, José Luis González.

Desde o punto de vista empresarial, o interese e a sinceridade de propósitos do conselleiro de Economía -e moi especialmente do IGAPE, como instrumento financeiro de primeira orde- son o principal mecanismo para conseguila verdadeira maduración do sector audiovisual galego. Porque estamos convencidos -e así se recolle neste Plan Estratéxico- de que o verdadeiro futuro do sector pasa por ter un bo financiamento; un financiamento sostido, acorde coa especificidade do sector e co seu carácter estratéxico.

Se o sector é estratéxico -e éo por imperativo legal-, as ferramentas financeiras deben ser igualmente estratéxicas, específicas, sectoriais, concretas. O resto das fontes financeiras -as habituais- xa existen no mercado, sen necesidade de intervención do IGAPE nin do Parlamento galego. Esta mensaxe, transmitida con claridade, foi plenamente asumida pola Consellería de Economía. De cómo o poña en práctica dependerá o despegue do sector a curto e medio prazo.

Tamén a Consellería de Industria foi receptiva ás propostas da AGAPI e a reunión permitiu consensuar algunhas das medidas contidas no plan, relativas á presenza en mercados exteriores e á renovación de equipos, que xa se vén facendo nos últimos catro anos, o que permitiu unha mellora sen precedentes do parque informático e dos equipos técnicos das produtoras galegas.

O mesmo que Economía, a Consellería de Familia deulle á súa reunión co sector audiovisual o rango e a importancia debida: a conselleira Manuela López Besteiro recibiu á Directiva da AGAPI acompañada do director xeral de Formación e Colocación, Jaime López Cossío; e do director xeral de Emprego, Justo de Benito, cos que compartimos unha sesión de traballo ardua e fructífera.

Con esta consellería existía o antecedente dun convenio de colaboración -Familia/AGAPI, asinado en decembro de 2000- para elaborar un estudio-diagnóstico das necesidades de formación do sector audiovisual. O diálogo fluído con este departamento permitiu que ese estudio estivo finalizado no ano 2001, actualmente en imprenta. O estudio foi homologado no ámbito estatal pola Xunta Directiva da FAPAE (decembro de 2001), sendo xa un punto de referencia obrigado para mellora-la formación do sector.

Por último, o diálogo da AGAPI coa Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), e especialmente coa Televisión de Galicia, está sendo nos últimos anos continuo e aberto, feito ó que non é allea a vontade do director da Compañía de Radio Televisión de Galicia, Francisco Campos. Na reunión de traballo para discuti-lo Plan Estratéxico da AGAPI, Campos acompañouse do seu equipo: o director da TVG, Anxo Quintanilla; o director de programas, Carlos Carballo; e o director de Recursos Humanos, Javier Ruiz de Cortázar. Existe nestes momentos un convenio estable entre a TVG e a AGAPI, e este Plan Estratéxico é o motor da súa revisión e actualización, para lograr entre ámbalas partes que o convenio se cumpra e sexa eficaz.

Participación interna

Paralelamente ó proceso externo, en xaneiro do ano 2001 iniciouse un calendario interno. Ata o 23 de febreiro, tódolos asociados que o desexaron fixeron chegar á xerencia da AGAPI as súas contribucións e suxestións. A primeiros de marzo, o documento de traballo revisado foilles remitido ós socios da AGAPI, convocando seguidamente unha asemblea de socios monográfica. Foron numerosas as empresas participantes e recibíronse tamén achegas dalgúns profesionais, a título persoal; todas elas contribuíron a enriquece-lo documento de traballo.

Seguindo o calendario trazado, o 6 de marzo de 2001 tivo lugar no Club de Prensa de Santiago a asemblea monográfica, que contou con ampla participación. Os asociados asistentes a esta asemblea foron: Antón Reixa (Ringo Rango ,Portozás Visión S.L.); Beatriz Legerén (Pixel Graphics, Interacción, S.L.); Celestino Hermida (Área 5.1 Factoría Audiovisual); Dolores Ben Pena (Sodinator S.A.); Ignacio Vilar (Vía Láctea Filmes); Javier Vecino e José Coira (Noroeste de TV e Radio), José Luis González (Producciones Vigo S.L.); Luis Ángel Díaz (Faes, TRIADE); Luis Collazo (Productora Faro e Prod. Faro Lérez, S.L.), Luis Núñez Rojo (Studio XXI); Manuel Gómez Santos (Dygra); Manuel Seijas (Seypro); Mara Gutiérrez Andrés (Mara Producciones); Marcos Gallego Fernández (Servicios Audiovisuais Galegos SAGA TV); Moncho Varela (Pórtico Comunicación); Pablo Novo (Vídeo Zetra); Pancho Casal (Continental Prod.); Silvino Fernández (Estudio Uno TV); Susana Maceiras (Adivina Producciones); Valentín Carrera (Ibisa Televisión); Ignacio Varela (CTV, S.A.); Marco Meere (Costa Oeste); e Carmen de Miguel (Continental).

No curso da asemblea recolléronse máis contribucións e aprobouse formalmente o documento, que volveu de novo á Xunta Directiva. Unha vez incorporadas as suxestións e propostas recibidas, o novo texto refundido enviouse ás produtoras de AGAPI, concluíndo esta fase do debate a finais de xuño.

No verán do ano 2001, encomendóuselle a Valentín Carrera a redacción final e coordinación editorial do Plan Estratéxico, e recolleuse o asesoramento dun especialista en plans estratéxicos e de negocio, o profesor José Moreno Carretero, pertencente ó claustro da Escola de

Negocios de Caixanova. Finalmente, o 8 de setembro de 2001, coincidindo co 2º Aniversario da Lei 6/1999, a Xunta Directiva da AGAPI aprobou por unanimidade este Plan Estratéxico e acordou a súa edición e o seu envío a tódolos interlocutores do sector, dentro e fóra de Galicia, para contribuír a traza-lo horizonte da industria audiovisual galega para os próximos cinco anos.

Contido do Plan Estratégico

O documento que agora se presenta contén unha primeira parte analítica, que se inicia cunha panorámica do estado da cuestión: ónde estamos, de ónde vimos e a ónde imos; e unha segunda parte programática, na que se artellan cen propostas de futuro.

Así, no apartado “Política Sectorial” esbózanse os grandes retos do sector. Logramos entre todos a Lei do audiovisual: e agora, ¿que? Agora é o momento de desenvolver plenamente esa lei, de cumprir integramente o mandato do Parlamento Galego.

O primeiro mandato é a constitución do Consorcio do Audiovisual: neste Plan Estratégico considerámolo tamén o noso primeiro obxectivo, cun calendario concreto: o primeiro trimestre do ano 2002, de maneira que neste ano –unha vez que se aprobe o Orzamento da Comunidade Autónoma- o consorcio dispoña de orzamentos propios e sexa plenamente operativo.

O paso seguinte é a creación do Clúster do Audiovisual: propoñémonos desenvolve-lo proxecto durante 2002 e alcanza-la súa constitución formal en xaneiro de 2003.

Os capítulos seguintes céntranse na análise das cinco grandes áreas que, a modo de alicerces firmes, sosteñen o tecido sectorial: financiamento, produción, promoción e comercialización, formación e cooperación empresarial. En cada unha destas áreas analízase o contorno, fórmase un diagnóstico da situación e fanse unha serie de propostas concretas, atendendo á experiencia do sector, ás demandas de tódolos interlocutores que participaron na elaboración do plan e a experiencias alleas beneficiosas, das que é bo aprender.



As CEN PROPOSTAS estrutúranse como un programa que contén as liñas de traballo que a AGAPI se propón defender e desenvolver nos próximos anos. Externamente, as propostas agrúpanse por razón dos órganos da Administración ou outras institucións afectados en cada caso, ós que nos

gustaría que servisen de memorando para o mellor cumprimento dos seus fins específicos, sempre en diálogo co sector.

En canto ós grupos parlamentarios, sometemos á súa consideración o Plan Estratéxico no seu conxunto, con exquisito respecto á súa independencia de criterio, como un instrumento para o desenvolvemento da Lei do audiovisual que eles impulsaron e aprobaron, e demandámoslles un esforzo para mante-lo consenso que fixo posible a unanimidade do 21 de xullo de 1999.

Tamén o sometemos á consideración das asociacións empresariais e sindicais, e á de todo o sector -asociados, empresas, profesionais-, así como ás entidades financeiras e medios de comunicación. A todos agradecemoslle-la súa participación e pedímoslles que sigan impulsando activamente este sector estratéxico que é, asemade, industria e cultura, e unha ferramenta indispensable para o desenvolvemento de Galicia e a súa existencia exterior nun contorno globalizado. Audiovisual galego: con voz propia.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2001

2º aniversario da Lei do audiovisual de Galicia

Xunta Directiva da AGAPI

AGAPI 1994-2001: OITO ANOS COMO MOTOR DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

“Audiovisual galego: unha voz para o mundo”
(Grupo EAVE Galicia, 1994)

Introducción

Describir brevemente a historia do sector audiovisual galego nos últimos oito anos é repasa-la historia da AGAPI, pois a explosión do sector e o seu despegue dentro e fóra de Galicia non serían posibles sen a activa participación desta asociación empresarial, considerada fóra de Galicia como referente e modelo exportable, que xa está sendo obxecto de estudio por colegas doutras latitudes.

En 1994 naceu a proposta “Audiovisual galego: unha voz para o mundo”, que é a acta de nacemento dun sector industrial con vocación europea. Naquel ano, un puñado de produtores agrupados en torno ó máster europeo de produción *EAVE Arc Atlantic*, constituíronse como o Grupo EAVE Galicia [*formado por Beatriz Legerén, Manuel González, José Coira, X. X. Cabanas Cao, Valentín Carrera, Xosé Luis Carneiro, Pancho Casal e Xosé Manuel Barreira; en 1995 incorporouse Montse Besada*].

Este colectivo comezou a debate-la necesidade de contar cunha asociación de produtores audiovisuais, cuns formulamentos netamente europeos. O seu primeiro documento de traballo -“Audiovisual galego: unha voz para o mundo”- foille presentado en 1994 ó presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, nunha sesión histórica na que, ademais do Grupo EAVE Galicia, estiveron presentes os conselleiros de Cultura, Industria e Economía, e os máximos responsables da CRTVG e do IGAPE. Naquel documento fundacional xa se contemplaba a Lei do audiovisual, que tardaría cinco anos en chegar, ata xuño de 1999.

Co transfondo daquelas primeiras conversas, en outono de 1994 os membros do Grupo EAVE promoveron a AGAPI, que se constituíu formalmente o 19 de decembro de 1994, sendo os membros da súa Comisión Xestora e asinantes dos primeiros estatutos Pancho Casal, Eloy Lozano, Susana Maceiras, Fé Cortón, Andrés Barbé e Valentín Carrera. Naquel momento de incerteza e ilusións, a AGAPI naceu cos seguintes obxectivos:

- A defensa dos intereses peculiares determinados pola actividade económica ou especialidade profesional daquelas empresas que a formen, evitando moi especialmente a competencia ilícita entre os seus membros.

- Reforzar e fomentar cantas iniciativas particulares se poidan presentar e que tendan a unha mellora das finalidades da asociación.
- Organizar actividades de carácter asistencial, formativo, relacións públicas e corporativo en beneficio dos asociados.
- Representar, xestionar e defende-los intereses profesionais dos empresarios asociados.
- Como finalidade xeral, tenderá a impulsar tódalas actividades relacionadas coa imaxe nas que participen tódolos seus asociados sen restricción de ámbito xeográfico.

As empresas da AGAPI ano a ano

En 1994, a AGAPI nace con tan só 7 empresas; pero, en a penas un ano, a cifra multiplícase por catro, ata chegar en 1996 a 28 socios e seguir crescendo paulatinamente ata supera-la cifra actual de máis de 40 empresas.

Ano	Socios
1994-1995	7
1996	28
1997	30
1998	35
1999	45
2000	43
2001	40

Se atendemos ós subsectores de produción, as empresas asociadas á AGAPI dedícanse maioritariamente á produción de televisión e cine (dezanove produtoras). Na área de son e dobraxe hai catro empresas que ofrecen os seus servicios. Un subsector emerxente é o multimedia, que conta xa con seis produtoras dedicadas a este xénero. En canto ó vídeo industrial, institucional ou publicidade, hai once empresas que abarcan este sector.

AS AS A A A

Relacións institucionais

Durante estes oito anos (1994-2001) o traballo constante e o prestixio da AGAPI converteron esta asociación no punto de referencia do sector e interlocutor único coa Administración, dentro e fóra de Galicia, así como con tódolos axentes económicos e demais actores da industria audiovisual. A presenza da AGAPI en comisións de traballo, representacións institucionais, congresos, debates, e toda clase de foros é continua, mantendo unha permanente defensa dos intereses colectivos do sector.

Representacións da AGAPI en Galicia:

- Consello Asesor de Telecomunicacións de Galicia (Pleno e Comisión Permanente)
- Comisión Avaliadora das axudas ó sector audiovisual da Xunta de Galicia
- Confederación de Empresarios de Galicia (Xunta Directiva e Comité Executivo)
- Comisión Paritaria da TVG
- Comité Organizador do MITE (Mercado Internacional das Telecomunicacións)
- Consello Escolar da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

Representacións da AGAPI fóra de Galicia:

- FAPAE (representación na Xunta Directiva e nas Comisións Delegadas)
- EGEDA (Entidade de Gestión de Derechos Audiovisuales)
- FIPCA (Federación Iberoamericana de Cine y Audiovisuales)
- Spain Film Commission / Asociación Española de Film Commissioners (SFC)
- Comisión Paritaria Sectorial de FORCEM
- ICAA (Comisiones de ayuda al cine)

Principais convenios e acordos

En setembro do 1995 asinouse o primeiro acordo marco entre a AGAPI e a TVG para crea-las liñas de actuación encamiñadas a regula-la colaboración entre as empresas do audiovisual galego e a TVG, co fin común de conseguir un mellor desenvolvemento industrial e cultural de Galicia. Este acordo foi asinado baixo os seguintes termos:

- En cada exercicio, unha vez aprobados os orzamentos da TVG, procuraríase fixar un orzamento para investir en producións, coproducións, producións asociadas, obras audiovisuais de ficción e producións cinematográficas en lingua galega.
- A AGAPI coñecería da TVG, ademais do orzamento xa mencionado, os xéneros e temáticas nos que estea interesada prioritariamente a televisión dentro da súa estratexia de programación.
- Recibidos os proxectos, a TVG establecería con carácter anual a súa forma de participación nos proxectos presentados.
- Potencia-la difusión de audiovisuais producidos en Galicia.
- Constitución dunha comisión mixta de seguimento, que tería como obxectivo o seguimento e desenvolvemento do presente acordo.

No primeiro trimestre de 1996, iniciáronse os primeiros contactos coa Consellería de Industria, o IGAPE, AFIGAL e SOGARPO. Estas xestións deron como resultado a creación dun FONDO DE GARANTÍAS, concibido como un depósito plurianual para lles facilitar ás empresas os seus investimentos e mellora-la súa capacidade financeira. Establecéronse tres liñas de traballo:

- Inclusión do sector audiovisual entre os sectores subvencionables do convenio PEME. Isto supuxo a inclusión de tódalas empresas con código CNAE, referente á produción audiovisual, a optar a axudas deste convenio

- Fomento de axudas á innovación tecnolóxica.
- Creación do convenio entre a AGAPI, o IGAPE, AFIGAL e SOGARPO. Como complemento ás dúas liñas de actuación anteriores, detectouse a necesidade de créditos brandos ó circulante e ó investimento para facilita-la produción.

No ano 1998, a AGAPI apoiou a través da súa representación na FAPAE a firma do convenio entre a FAPAE e a FORTA para o fomento da produción cinematográfica. Este convenio comprometía as televisións integradas na FORTA a investir 1.200 millóns, dos que de 400 a 450 serían para películas de televisión, e o resto pasaría a formar parte do investimento que destinan anualmente ás produtoras.

A través da nosa representación no Consello Asesor do Audiovisual, a AGAPI colaborou estreitamente na elaboración do borrador da 1ª Lei do audiovisual de Galicia, aprobada en setembro de 1999. En febreiro do ano 2000, subscribiuse un novo acordo entre a AGAPI e a TVG, onde o compromiso desta última queda reflectido na seguinte cláusula:

No período que abarca os anos 2000, 2001 e 2002, e sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, a TVG acordou investir ata 1.500 millóns de pesetas con destino á adquisición de dereitos de reprodución, como distribución e comunicación pública de obras audiovisuais, así como á coprodución destas .

Por último, no ano 2001, asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Familia e a AGAPI para a elaboración dun estudo de necesidades formativas na produción audiovisual en Galicia. Neste mesmo ano, asínase un convenio tripartito entre a Consellería de Cultura, a AGAPI e a Asociación Galega de Editores, para avalia-la viabilidade de futuras producións audiovisuais a partir de títulos do fondo editorial galego.

Axudas da Administración

Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual

Ano 1995: Investíronse un total de 63 millóns de pesetas en proxectos de produción e desenvolvemento audiovisual.

Ano 1996: A cantidade que se destinou para axudas á produción e desenvolvemento de proxectos audiovisuais foi de 76 millóns.

Ano 1997: Un total de 109 millóns.

Ano 1998: Destinouse a subvencións a cantidade de 150 millóns, dos cales -e por primeira vez tras intensas negociacións por parte da AGAPI- se introduciron dúas modalidades de axuda, con contías diferenciadas, a produción e desenvolvemento (120 e 30, respectivamente). En 1998 foi tamén a primeira vez na que o ICAA subvencionou dous proxectos de longametraxe galega cun total de 42 millóns de pesetas.

Ano 1999: Destínanse 245 millóns a produción de proxectos e 30 a desenvolvemento, en axudas plurianuais. Producción: dos 245 millóns (que xa incluían 17,5 millóns do orzamento do ano 98), reserváronse en anos posteriores as cantidades de 91,5 millóns no ano 2000 e 93,5 millóns en 2001. Desenvolvemento: o orzamento total foi de 30 millóns.

Ano 2000: Distribuíronse axudas por valor de 179,5 millóns. Por primeira vez diferenciáronse as axudas en catro modalidades: produción, desenvolvemento de proxectos, novos realizadores e desenvolvemento de guiños, seguindo a liña das axudas do ICAA.

Ano 2001: Dun total de 178,2 millóns distribuídos, destináronse a produtoras da AGAPI 125,7 millóns (o 71%); en varios casos, os proxectos recibiron axuda plurianual, sendo o total das axudas atribuídas no 2001 para o período 2001-2002 de 208,2. Por modalidades, a distribución foi a seguinte: a desenvolvemento de proxectos, 48,9 millóns; a proxectos, 105,3 millóns; a desenvolvemento de guións, 12 millóns; e, finalmente, a novos realizadores, destináronse 13 millóns.

Total de axudas da Consellería de Cultura á produción e desenvolvemento no período 1995-2001: 1.088,9 millóns de pesetas (unha media de 155 millóns anuais).

Consellería de Industria

Axudas á innovación

Ano 1996: Por primeira vez concédense axudas específicas á innovación empresarial e tecnolóxica do sector audiovisual galego, cun investimento por parte das produtoras da AGAPI de 134,5 millóns de pesetas, e un total de case 54 millóns de subvención da Dirección Xeral de Programas Industriais e Infraestructuras Tecnolóxicas da Consellería de Industria; a porcentaxe de axuda estivo arredor dun 40% sobre o investimento de cada empresa.

Ano 1997: Sobre un total de 121 millóns que investiron as empresas da AGAPI, destináronse axudas por un total de 35 millóns, o que supuxo arredor do 28% de axuda sobre investimento.

Ano 1998: A cantidade destinada a investimentos por este concepto por parte das produtoras asociadas incrementouse ata 185 millóns; a cantidade total por parte da Dirección Xeral foi de 55 millóns, que roldou un ano máis o 30% de compromiso sobre o investimento.

Ano 1999: As produtoras integradas na AGAPI realizan un investimento en innovación tecnolóxica e empresarial de 225 millóns de pesetas, e a

porcentaxe de subvención destinada a cada empresa variou desde un 12% ata un 30%.

Ano 2000: Destináronse a subvencións por este concepto ás empresas da AGAPI un total de 45,5 millóns para uns proxectos de investimento de arredor de 600 millóns de pesetas.

**Total de subvencións á innovación tecnolóxica (1996-1999):
236.500.000 de pesetas**

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Ano 1999: Axudas para a asistencia a mercados, actividade fundamental para distribuír e promove-los produtos audiovisuais fóra de Galicia. En 1999, a Dirección Xeral de Comercio destinou 1.186.000 pesetas para axudar a sufragar parte dos gastos que se orixinan nas empresas por estes conceptos.

Dirección Xeral de Política Lingüística

Desde o ano 1998 a AGAPI recibiu pequenas subvencións desta dirección xeral en concepto de promoción e difusión da lingua galega, que contribuíron a unha incorporación xeneralizada do idioma galego, que é o idioma utilizado habitualmente pola AGAPI nas súas comunicacións. É salientable que esta dirección atende case exclusivamente os soportes tradicionais (imprenta e similares), en detrimento doutros soportes: audiovisuais, dixitais, etc.

Outras actividades (1995-2000)

Desde o seu inicio, a AGAPI patrocinou, fomentou e colaborou na organización de múltiples actividades destinadas a reforza-las necesidades das súas empresas. Destacan, entre outras, as seguintes (por ano de realización):

Ano 1996: MIDIA 96, Seminario de escritura de guións en equipo para TV, impartido por Guy Meredith.

Ano 1997: MIDIA 97, Seminario de Escritura de Guións en Equipo para TV, impartido por Guy Meredith; Seminario de Financiamento Audiovisual; Seminario para Análise de Guión de Longametraxe (Linda Seger); Universidade de Verán “Cero en Conducta”; I Mostra de Cine Celta; Páxina Web de AGAPI; MITE 97. Cursos FORCEM de: Avid, Guión, Márketing Cinematográfico, Producción en Cine e Producción en Televisión.

Ano 1998: MIDIA 98, MITE 98, EXPOGALICIA 98 (Bos Aires, Montevideo), Xornadas Audiovisuais ANEPA-AGAPI na Toxa, Atlantic Media 98 (Cardiff, País de Gales), Cursos Audiovisuais FORCEM 98, Universidade de Verán “Cero en Conducta”. Cursos FORCEM de: Orzamentos para Cine, Organización de Rodaxe, Liderado Empresarial e Habilidades Interpersoais.

Ano 1999: MITE 99, Seminario sobre Desenvolvemento e Xestión de Proxectos Multimedia TRAM, I Semana Internacional de Cine Documental de Santiago de Compostela, Atlantic Media 99, Universidade de Verán “Cero en Conducta”

Ano 2000: Curso de Dirección de actores, impartido por Jaime Chávarri; Cursos de Verán “Cero en Conducta”; Xornada de Distribución, coa asistencia de executivos de Lola Films, etc.

Premios AGAPI

Ademais de todas estas actividades impulsadas pola AGAPI, nesta breve memoria debemos destaca-la realización, desde 1996, da Gala do Audiovisual Galego (Premios AGAPI), en colaboración coa Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, a TVG e patrocinadores privados.

Relacionamos a continuación as datas e lugares de celebración deste evento que, tras cinco edicións, se consolidou como “Gala do Audiovisual”: unha noite de cita obrigada para todo o sector, escaparate das producións do ano e festa de convivencia entre artistas, técnicos e profesionais da imaxe de Galicia:

I Premios AGAPI > Outubro de 1996 > Ourense.

II Premios AGAPI > Xaneiro de 1998 > A Coruña.

III Premios AGAPI > Febreiro 1999 > Santiago de Compostela

IV Premios AGAPI > Marzo 2000 > Pontevedra.

V Premios AGAPI > Marzo 2001 > A Coruña.

Film Commission Virtual de Galicia

Gracias ó apoio da Consellería de Cultura e ó programa de fondos europeos Iniciativa Peme (IGAPE), púidose confecciona-la *Film Commission* Virtual de Galicia, que é, basicamente, unha axencia subministradora de información á produción coa finalidade de facilita-la rodaxe dunha película ou de calquera outra produción audiovisual nun territorio determinado. O produto elaborado é unha base de datos que consta de audio, fotografías, vídeo e texto, e que se presenta en formato *web* (www.filmcommissiongalicia.org).



Sen necesidade de alongar este breve repaso á pequena historia da AGAPI, son outras moitas as actividades desenvolvidas nos últimos oito anos e todas elas contribuíron a afianza-lo tecido industrial, creando relacións de

coñecemento e confianza mutua entre tódolos axentes do sector, o que de por si non é pouco mérito.

En resumo, gracias á actividade despregada pola AGAPI no período 1994-2001, o sector audiovisual galego pasou de ser a penas un nutrido grupo de amigos e profesionais cargados de ilusións a consolidar unha industria cada día máis sólida e solvente, madura, ata o punto de contar coa súa propia lexislación –a Lei do audiovisual, pioneira en España-; cun presente real e tanxible –a inmediata creación do Consorcio do Audiovisual- e un horizonte de futuro prometedor –o presente Plan Estratéxico 2002-2005-; e todo iso con estreitos lazos de colaboración institucionais, tanto públicos coma privados, que atravesan toda a sociedade galega.

Hoxe a industria audiovisual galega ten voz propia en España e en Europa, e espertouse a conciencia das administracións públicas, creándolles interese por un sector ata hai poucos anos esquecido de todos e condenado a unha certa función cultural, mínima. No comezo da nova lexislatura (outubro de 2001-2005), a AGAPI é o interlocutor principal da Administración galega co sector, ante a que xestionou axudas para a produción e o desenvolvemento e ó investimento en equipos por valor de dous mil millóns de pesetas. As películas producidas por empresas da AGAPI lograron estreas de éxito –incluído o mercado de Estados Unidos, en áreas tan difíciles como a animación, como é o caso de *O bosque animado*-, con presenza en festivais internacionais de primeira categoría, de San Sebastián a Berlín, pasando pola SEMINCI, e conseguiron para Galicia os primeiros Premios Goya da nosa historia audiovisual.

En Galicia fanse actualmente series de TV ou dobraxes de películas de éxito: o resultado é que o volume de negocio do sector alcanza en Galicia os sesenta mil millóns de pesetas anuais e Galicia é xa o terceiro eixe da industria audiovisual española, xunto con Madrid e Barcelona. Tal e como afirmou o presidente da Xunta durante a pasada lexislatura, no debate sobre o estado da autonomía “o audiovisual é hoxe, como o foi a moda na década dos 80, un dos paradigmas da modernización galega”.

Nin o camiño foi doado, nin está todo feito, nin ninguén pode atribuírse en exclusiva un mérito que lles corresponde a moitos, pois foi un labor de equipo, de sector, de cooperación entre empresas, de creación de lazos de confianza e de espertar ilusións. Non foi fácil. E a proba de que non todo está feito e de que nos queda un longo camiño por percorrer como industria, ata chegar á plenitude do sector son as 100 propostas deste Plan Estratéxico, que confiamos en que se chegue a realizar. Oxalá, cando chegue o ano 2005 e estea a punto de finaliza-lo período previsto neste Plan Estratéxico, poidamos facer balance positivo e constatar que a contribución

da AGAPI, entre outras, foi decisiva e beneficiosa para todo o sector. É o noso mellor desexo.

Primeira parte: ANÁLISE DO SECTOR

I. POLÍTICA SECTORIAL

“Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia a definición da política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual”
(Lei 6/99)

Introducción

O 8 de setembro de 1999 o *Diario Oficial de Galicia* publicou a Lei do audiovisual de Galicia (*Lei 6/1999*), aprobada poucos días antes nunha votación histórica, por unanimidade dos catro grupos parlamentarios presentes no Parlamento de Galicia. Esta Lei do audiovisual e a de normalización lingüística son as dúas únicas leis que concitaron a rara unanimidade do Parlamento.

O consenso –ó que non foi allea a activa participación da AGAPI, impulsando a norma legal e coadxuvando no seu trámite parlamentario-, foi posible gracias á vontade política dos grupos PP, PSdeG-PSOE, BNG e EG, tódolos cales comprenderon o alcance e a importancia de considera-lo sector audiovisual como un sector estratéxico.

É oportuno lembrar esta vontade política de consenso, expresada claramente na exposición de motivos da lei:

Tódolos elementos que conforman o campo do audiovisual estanse situando nun primeiro plano dentro dos sectores industrial e económico en todo o mundo, xerando nas últimas décadas un gran volume de negocio e de emprego directo e indirecto, así como desenvolvendo de forma paralela novos sectores do ensino universitario, profesional e de investigación.

(...) Por iso, tendo en conta a importancia cultural e económica do sector audiovisual, cómpre que se estimule o crecemento e o desenvolvemento deste sector estratéxico coa creación dun marco legal que lles permita ós cidadáns expresarse cos medios oportunos dentro do noso espacio audiovisual e cultural .

Este marco legal establecido pola propia lei debe estar inspirado nunha “política xeral”, a definición da cal lle corresponde ó Goberno galego. En efecto, o Consello da Xunta de Galicia ten atribuído polo art. 2 a) da Lei do audiovisual “a definición da política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual”, que se debe facer “por proposta da Consellería de Cultura” (art. 3a).

Cando afrontámo-la elaboración deste Plan Estratéxico, teríanos sido de grande utilidade á Xunta Directiva da AGAPI, a toda a asociación e, por extensión, a todo o sector audiovisual, dispoñer desa definición da “política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual”. Non foi posible porque nos dous anos transcorridos desde a promulgación da Lei do audiovisual, o Consello da Xunta aínda non aprobou ese documento de política xeral, que consideramos de primeirísima importancia.

O desenvolvemento pleno da Lei do audiovisual esixe como primeiro paso ese pronunciamento do Consello da Xunta de Galicia que achegue contido real e efectivo á consideración do audiovisual como sector estratéxico.

En tanto non se defina unha verdadeira política audiovisual galega, o carácter estratéxico do sector será unha declaración retórica. A responsabilidade do Goberno galego non acaba coa definición da súa “política xeral audiovisual”, senón que a lei lle encomenda expresamente, no mesmo artigo 2 do texto legal, “a aprobación dos regulamentos necesarios para o desenvolvemento desta lei” e “a coordinación das actividades dos órganos competentes no audiovisual coas dos restantes departamentos da Xunta de Galicia a través dunha comisión”.

Os regulamentos que desenvolven a lei –en materias tan importantes como o Consorcio ou a *Film Commission*, previstas na propia norma- están en estudio. En canto á *Comisión de Coordinación*, interna da Xunta de Galicia, pero de carácter interdepartamental, tampouco existe e, desde o sector, constatámo-la súa urxente necesidade.

Nestes momentos na industria audiovisual temos como interlocutores a media ducia de consellerías, coas súas diversas direccións xerais, e varios organismos autónomos. A AGAPI mantén nos últimos cinco anos liñas de traballo abertas coas consellerías de Economía, Familia, Industria, Presidencia, e, naturalmente, Cultura, ademais doutras liñas co CGAI, o IGAPE, XesGalicia, e a CRTVG. Con varios destes organismos existen convenios de colaboración asinados coa AGAPI, fructíferos e en funcionamento. Tal amplitude e dispersión esixe esa *Comisión de Coordinación*, a creación da cal ordena a lei, moi previsoramente ó respecto.

A política xeral e a *Comisión de Coordinación* son os dous instrumentos que deberían artellar un horizonte conxunto para a Administración galega en materia audiovisual que lles dera sentido e coherencia a tódalas actuacións realizadas en materias tan dispares como produción, financiamento, formación, creación de emprego, etc. Desde a AGAPI consideramos que a estratexia [dun sector *estratéxico*] debe ser de

longo alcance e non suxeita a vaivéns políticos nin a consideracións partidistas. Tal e como houbo un amplo consenso parlamentario na definición da lei, demandamos un similar consenso político no seu desenvolvemento, a través desa política xeral debidamente coordinada. Consideremos ó respecto un exemplo: a Cidade da Cultura, de especial transcendencia polo seu volume de investimento e singularidade.

En efecto, a Xunta de Galicia puxo en marcha a construción da Cidade da Cultura na ladeira do monte Gaiás (Santiago de Compostela). O macroproxecto anunciado inclúe tres áreas: Biblioteca e Hemeroteca de Galicia, Novas Tecnoloxías e área de Info-ocio [*Galicia 2001, Xunta de Galicia, p. 429 e ss.*], que ocuparán un complexo de máis de setecentos mil metros cadrados, a construción do cal concluírá no ano 2004 [*Informes El Correo Gallego, 12-11-2000*].

- A primeira destas áreas comprende a Gran Biblioteca e a Hemeroteca de Galicia, situadas nun edificio singular dotado de auditorio, sala de conferencias e salas multiúsos. O edificio aloxará o Centro Superior Bibliográfico de Galicia, “a base da biblioteca virtual, na que o visitante poderá acceder a través de pantallas de ordenador a calquera libro existente nos fondos documentais das bibliotecas de Galicia, así como doutros centros nacionais e internacionais”.
- A área de Novas Tecnoloxías inclúe un Centro Audiovisual, un Banco de Fotos de Galicia e unha Base Informática Camiño de Santiago. Este “Centro Audiovisual” –así o denomina o proxecto publicado pola Xunta de Galicia– parece destinado a *herda-lo* patrimonio e funcións do actual CGAI (o futuro do cal queda en entredito) pois “aglutinará: a Filmoteca galega, os fondos do Centro Galego das Artes da Imaxe, a Filmoteca Nacional, fondos das cadeas de televisión públicas e privadas, fondos doutras filmotecas internacionais, autonómicas e locais, centros e asociacións galegas de todo o mundo, coleccións particulares e un plató-auditorio”.
- Finalmente, a área de Info-ocio inclúe un Museo da Historia de Galicia, un Palacio da Ópera e un “Bosque de Galicia”.

Este proxecto de creación de novos espazos culturais e de investimento multimillonario, con participación de grandes empresas, como Telefónica, e de corporacións financeiras, esperta o lóxico entusiasmo de todo o sector e, particularmente, das empresas de produción audiovisual. Para os que traballamos no ámbito da industria cultural, unha iniciativa destas características debe de ser aplaudida sen reservas no seu conxunto. Sen embargo, no que atinxe especificamente ó audiovisual, unha análise polo miúdo revela aspectos preocupantes deste macroproxecto, derivados precisamente da ausencia dunha política xeral sectorial previamente definida pola Xunta de Galicia.

Así, a Cidade da Cultura autodefinese como “un eixe dinamizador da sociedade da información”, o que podería resultar beneficioso para as empresas tecnolóxicas, en detrimento da produción de contidos. Se o escollemos como exemplo é, xustamente, porque a Cidade da Cultura desenvolvida dentro esa “política xeral audiovisual” está chamada a se converter na punta de lanza do sector.

O proxecto arquitectónico encomendado ó neiorquino Peter Eisenman será o mellor escaparate da industria audiovisual galega se conseguimos que esta se implique na produción de contidos da Cidade da Cultura, convertida así en pedra angular deste sector estratéxico.

As dimensións orzamentarias desa pedra angular –en torno ós 22.000 millóns de investimento previstos en infraestructuras- deben te-lo seu correlato nun investimento igualmente estratéxico en produción de contidos, e iso débese facer con tempo suficiente, pois os guións de calidade e os contidos audiovisuais non se poden improvisar. A produción audiovisual necesita, ademais de cartos e medios, tempo de maduración. En resumo, desde a AGAPI queremos deixar claro o noso apoio á Cidade da Cultura, que pode ser unha verdadeira panca estratéxica de desenvolvemento e escaparate mundial da produción audiovisual galega.

Consortio do Audiovisual de Galicia

A Lei do audiovisual dispón que a Xunta de Galicia e, máis expresamente, a Consellería de Cultura, deben promover a constitución dun Consortio Audiovisual, con participación das administracións e entidades interesadas.

“Considérase axeitado –di a exposición de motivos da Lei 6/1999– crear un consorcio das diversas administracións, autonómica, local e institucional, e de institucións e empresas que una esforzos para a potenciación da industria audiovisual galega e que propicie a implicación e colaboración doutras administracións, institucións e empresas públicas e privadas para o mesmo fin”. Máis adiante, no art. 9 do texto legal, dáse forma a este mandato legislativo do seguinte modo:

Artigo 9º.-Potenciación das accións institucionais: do Consortio Audiovisual de Galicia.

- 1.- Para a potenciación institucional das accións tendentes ó desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia, as administracións e entidades interesadas convirán a constitución do Consortio Audiovisual de Galicia.*
- 2.- A consellería competente en materia audiovisual promoverá a constitución do devandito consorcio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.*
- 3.- O devandito consorcio terá a condición de entidade de dereito público de carácter interadministrativo e contará cun patrimonio propio.*
- 4.- Neste consorcio poderán participar entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan os fins de interese público concorrentes cos das administracións e entidades públicas consorciadas.*
- 5.- O consorcio financiarase con achegas das entidades que o constitúan, sen prexuízo dos demais medios económicos que lle correspondan conforme ó seu réxime xurídico.*
- 6.- O consorcio promoverá a formalización de convenios de colaboración con fundacións, asociacións e empresas que teñan interese no desenvolvemento do sector audiovisual galego.*

Asemade, promoverá a creación dunha oficina do audiovisual (film comission) para fomentar e facilita-las rodaxes en Galicia.

No momento de cerra-la redacción deste Plan Estratéxico, o consorcio non foi constituído, aínda que existe un anuncio formal da súa próxima constitución, anticipado polo conselleiro de Cultura o 10 de maio de 2001 ante a Comisión Permanente do Consello Asesor das Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia.

De cumprirse esta promesa no primeiro trimestre do ano 2002 –e contando co calendario parlamentario e a oportuna aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma-, o Consorcio Audiovisual de Galicia podería ser plenamente operativo e contar con orzamentos propios a partir de abril de 2002, o que sen dúbida será unha magnífica noticia para o sector. Agora ben, ¿que *consorcio* queremos e para que?

Desde a responsabilidade que lle corresponde á AGAPI, como entidade representativa da gran maioría das empresas de produción independente, observamos determinadas carencias na *letra pequena*, é dicir, nas propostas de regulamento do consorcio coñecidas ata a data. Así, está por concreta-la participación do sector privado, isto é, das empresas de produción independentes, representadas desde hai máis de seis anos pola AGAPI, que foi a principal entidade impulsora deste consorcio.

Sen descoñece-lo carácter administrativo do consorcio, a inclusión das empresas públicas e privadas está expresamente prevista polo legislador, tanto na exposición de motivos, antes citada, como no parágrafo 6 do art. 9 transcrito. Entendemos, xa que logo, que unha entidade como a AGAPI debe estar presente no Consorcio *ab initio* e participar desde o primeiro día na súa xestión, dándolle o seu verdadeiro carácter de organismo interadministrativo, sectorial e plural. Para artella-lo Consorcio Audiovisual de Galicia, a AGAPI formulou as súas propostas ós poderes públicos galegos en distintas ocasións (así, achegando borradores ou emendas ós sucesivos anteproxectos de decreto nas reunións do Consello Asesor das Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia ou ben remitíndollas directamente ó conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia). En síntese, estas propostas significan:

- Desexamos un organismo áxil, non burocratizado, que non sexa un duplicado ou apéndice da actual Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, para o cal debe evitarse toda duplicidade de competencias. Debe haber unha clara definición de funcións, de maneira que as do consorcio non

sexan nominais ou residuais, nin solapen as da Consellería de Cultura.

- Así mesmo, o obxecto do Consorcio Audiovisual tampouco é o de suplir ou reemplaza-la *Comisión de Coordinación* da Xunta de Galicia, prevista no art. 3 da Lei 6/99. Por iso, a Xunta de Galicia, como tal, non pode “copa-lo” Consorcio, desnaturalizando o seu carácter cooperativo. A coordinación das actividades da Xunta –repartidas entre as consellerías de Cultura, Economía, Familia, Industria, IGAPE, CRTVG, etc.- correspóndelle á *Comisión de Coordinación*, non ó Consorcio. Entendemos que no Consorcio do Audiovisual a Xunta de Galicia debe operar como *unha soa* administración consorciada, aberta á cooperación coas outras administracións (local, estatal) e coas empresas e institucións. Cómpre unha clara separación de funcións e competencias, compartindo todos un obxectivo común.

- O Consorcio Audiovisual tampouco debe solapar no seu cometido e funcións as do Consello Asesor das Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, claramente descritas no Decreto 279/1999. O Consello Asesor ten como función emitir informes, nalgún caso preceptivos, e arbitrar en posibles conflitos. Sen embargo, a lei encoméndalle ó consorcio especificamente *potencia-lo desenvolvemento do sector*.

- A presenza das asociacións sen ánimo de lucro, como a AGAPI, debe ser potenciada, pois son as máis próximas á realidade do sector e as que, coa súa xestión, poderán implicar un maior número de empresas e institucións.

- O Consorcio Audiovisual de Galicia debe ter plena capacidade xurídica e autonomía financeira para o cumprimento dos seus fins.

- O financiamento do Consorcio Audiovisual de Galicia debe ser garantido por lei, con carácter estable e permanente. Propoñemos para o exercicio 2002 un orzamento inicial de 1.200 millóns de pesetas.

- o A designación do futuro xerente do Consorcio debe recaer nun profesional do sector audiovisual galego, con formación técnica, e de recoñecido prestixio, sendo desexable unha persoa independente e nomeada por consenso.
- o As liñas xerais de actuación do consorcio deben encadrarse no marco da política audiovisual da Comisión Europea.

A proposta concreta da AGAPI en canto á representación e orzamento do futuro Consorcio Audiovisual é a seguinte:

	n	s	A A	ci ns	AA	onc os	A
oc is	5	2	3	4	1	7	22
n o	500		-	400	100	200	1 200

Proporción que quedaría representada neste gráfico:

***Film Commission* de Galicia**

Como vimos, a importancia do Consorcio Audiovisual de Galicia radica en que está chamado a se-lo verdadeiro motor dinamizador do sector. A lei encoméndalle, ademais, algunhas funcións concretas que nestes momentos están sen desenvolver precisamente porque a constitución do consorcio debe ser previa. É o caso da *Film Commission* de Galicia (presentada provisionalmente en outubro de 2001 e que aínda non entrou en funcionamento). O xa citado art. 9.6 da Lei 6/99 dispón a creación dunha “oficina do audiovisual (*film commission*) para fomentar e facilita-las rodaxes en Galicia” no marco do Consorcio do Audiovisual.

A disposición do lexislador satisfai unha demanda sectorial histórica e resulta moi oportuna nun momento no que se crearon e xa están funcionando unha vintena de *film commissions* en toda España (Andalucía, Cataluña, Canarias, Castela e León, Castela-A Mancha, etc.). Tamén hai *film offices* locais, con iniciativas concretas ó respecto en Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña.

Para poñer en marcha a Comisión de Cine de Galicia, a Consellería de Cultura encargou en 2001 á consultora Arthur Andersen un estudio ó que se destinou un orzamento de nove millóns de pesetas. Dado que o estudio non chegou ó sector, descoñecemos se responde verdadeiramente ás expectativas espertadas ou non.

En todo caso, é prioritario que o Consorcio Audiovisual sexa operativo, para que Galicia poida te-la súa ansiada *film commission*. As iniciativas prematuras á marxe do Consorcio levan consigo o perigo de que, antes ou despois, teñan que ser reconducidas, co conseguinte custo.

Sobre o modelo de *film commission*, non nos estenderemos moito, mais cómpre subliñar algúns requisitos:

- Debe ter unha dependencia directa do Consorcio Audiovisual
- Debe ser independente de intereses privados e, por tanto, non pode estar vinculada a fundacións privadas ligadas ó sector, tal e como esixe a AFCI (Asociación Internacional de *Film Commissioners*).

- Debe estar integrada na AFCI e na SFC (*Spain Film Commission*).
- Debe ter unha relación fluída con todo o sector e especialmente coas produtoras independentes e as televisións.
- Debe impulsar *todo* o territorio galego como potencial plató audiovisual e cinematográfico.
- Debe ter unha dobre configuración –real e virtual-, de modo que sirva de plataforma e escaparate do audiovisual galego en Internet.

Do Consorcio ó Clúster do Audiovisual

A creación do Consorcio do Audiovisual non é un fin en si mesmo, senón a posta en marcha dunha ferramenta administrativa para o desenvolvemento dun sector estratéxico. Unha ferramenta prevista polo lexislador e considerada necesaria por todo o sector. Xa comentamos que un sector considerado de interese estratéxico debe ter esa consideración en tódalas súas actividades: financiamento, produción, formación, etc.

A aposta da AGAPI polo Clúster do Audiovisual é unha aposta por conseguila plena maioría de idade do sector. A tutela da Administración respecto dun sector industrial calquera non pode ser indefinida e, o mesmo que agora é necesario un tratamento diferencial, con medidas de apoio específicas, verticais, intensivas, o desexable é que chegue un momento de madureza no que o sector camiñe por si só e poida prescindir das muletas administrativas.

Ese é o fin último do clúster e ese momento chegará cando a industria audiovisual galega poida vender en tódolos mercados en condicións de calidade e prezo competitivas. Os retos da internacionalización e da competitividade pasan, antes, por unha serie de melloras estruturais e productivas que as pequenas e medianas empresas galegas do audiovisual non poden acometer por si soas: por iso necesitan do *paraugas* do clúster.

No caso de Galicia, a existencia dun idioma propio é unha característica que acentúa esta necesidade: a *bandeira* lingüística non pode ser considerada como unha pesada carga, senón que a través do clúster témo-la posibilidade de transformala nunha vantaxe competitiva, nun mundo globalizado e uniforme no que a diferenza é un valor engadido. No ámbito técnico, a globalización actúa en sentido contrario, pero fortalecen tamén a idea de clúster.

Así, a tendencia constante á dixitalización permite xa que todo o proceso de produción poida facerse en Galicia. Conxuntando ámbalas cousas –as vantaxes locais e as globais–, non só se garante unha presenza de Galicia e da cultura galega no mercado audiovisual mundial, senón que se fai viable unha produción de carácter internacional, feita localmente.

Cando o profesor de Economía da Universidade de Harvard, Michael E. Porter, lanzou ó mundo en 1990 a idea de fomentar a creación de “cúmulos empresariais” (en inglés, *clusters*) fíxoo xustamente con esa intención de crear un *paraugas* protector: “as vantaxes duradeiras para competir nunha economía globalizada son con frecuencia de ámbito local” [Porter, *Estrategia competitiva. Técnicas de análisis de los sectores industriales y de la competencia e La ventaja competitiva de las naciones*. Véxase tamén o artigo de Joaquín Viana *Acumulados para avanzar*, en *Revista Actúa*, nº 6, BBVA, xullo 2000].

Pero, ¿en que consiste un clúster?

“A fórmula –escribe Viana– é sinxela: consiste na concentración de empresas e institucións dunha mesma zona xeográfica e sectores relacionados, xa sexan provedores especializados, parques tecnolóxicos e servicios de educación, información, reciclaxe ou apoio técnico. O obxectivo: compartir proxectos de innovación, investigación e desenvolvemento, aumenta-la capacidade competitiva, potencia-las áreas de formación, calidade e medio ambiente, detectar conxuntamente oportunidades de negocio e lograr unha visión multidisciplinar das características do sector no que operan. A estas metas xerais pódense engadir outras máis específicas, como a prevención de riscos ou a identificación de necesidades loxísticas. Desta forma perséguese solucionar de forma conxunta problemas globais do sector, que as pequenas e medianas empresas xeralmente non poden resolver individualmente porque carecen dos recursos necesarios para isto”.

Parece evidente que o tamaño medio das produtoras galegas non lle permite á gran maioría das empresas abordar individualmente plans de exportación ou programas avanzados de formación. O carácter cooperativo dos clústers suple as limitacións das pequenas empresas e permite resolver colectivamente as carencias sectoriais. A posta en marcha de clústers, relativamente novidosa en España e Galicia, é xa unha realidade en lugares como Holanda, Arizona, California, Quebec, etc.

En España existe desde 1996 o Clúster do Coñecemento (www.clusterconocimiento.com), que introduce o concepto novidoso de “Capital Intelectual” (considerando o coñecemento e a súa xestión como un dos principais activos de toda empresa).

O Clúster do Coñecemento foi impulsado polo Goberno Vasco dentro do seu Programa de Competitividade, que inclúe entre os seus cento vinte socios tódolos axentes económicos, públicos e privados (universidades, consultoras, centros de formación, empresas, asociacións,

cámaras de comercio, etc.; véxase a definición do clúster e a lista completa de socios en Anexo V).

Outros clústers significativos son ACLIMA (www.aclima.net), clúster do medio ambiente, con 62 socios e tamén impulsado polo Goberno vasco, baseado nun código de conducta medioambiental mediante o cal as empresas adheridas fan explícito publicamente o seu respecto ó medio ambiente.

En total –segundo o citado informe de Joaquín Viana- no País Vasco funcionan xa once clústers (aeronáutica, automoción, electrodomésticos, enerxía, máquina ferramenta, medio ambiente, papel, portos, telecomunicacións, coñecemento e Foro Marítimo Vasco), ós que o Goberno vasco destina anualmente uns 400 millóns de pesetas.

A Comunidade de Estremadura acaba de pór en marcha cinco clústers de nova creación (clústers estratéxicos de rochas ornamentais, madeira-moble, metal-mecánico, envase-embalaxe e coñecemento).

En canto a Galicia, as competencias corresponden á Consellería de Industria da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Programas Industriaiss e Infraestrutura Tecnolóxica). Foi esta Consellería de Industria a que impulsou en 1997 a creación do primeiro clúster galego, CEAGA (www.ceaga.com), formado por corenta e catro empresas auxiliares de automoción, que tivo como primeiro froito a creación do Centro Tecnolóxico de Automoción, no que a Xunta de Galicia investirá 1.900 millóns de pesetas nos próximos anos.

En setembro de 1999 constituíuse o Clúster Naval, ACLUNAGA, que engloba a noventa e seis compañías do sector naval galego, desde estaleiros a empresas de bens de equipo, subministracións, servizos, enxeñería e armadores. As empresas agrupadas en ACLUNAGA suman dez mil traballadores e unha facturación de 130.000 millóns de pesetas., e o seu principal obxectivo é eleva-la competitividade do sector naval galego.

Actualmente, está en fase de constitución o clúster da madeira. A título meramente ilustrativo, véxanse de seguido as liñas de actuación e os obxectivos xerais do Clúster de Automoción de Galicia:

LIÑAS DE ACTUACIÓN DO CEAGA

- Información e formación, como necesidades perentorias.
- Unión, co fin de crear opinión e transmitírllela ós estamentos adecuados.
- Colaboración e cooperación, incrementando así os contactos e a competitividade das industrias aproveitando a súa proximidade xeográfica.

- Incrementa-la produtividade e competitividade do sector de automoción como sector industrial estratéxico.
- Dinamización do tecido industrial galego.

OBXECTIVOS DO CEAGA

- Mellora-la cualificación dos recursos humanos con plans específicos.
- Cooperación con universidades e institucións formativas.
- Mellora da capacitación tecnolóxica do sector.
- Recompilación e transmisión de información.
- Promove-la creación e potenciación de centros tecnolóxicos.
- Utilización coordinada de centros especializados e laboratorios de asistencias.
- Desenvolvemento de accións do Plan Conxunto de Mellora da Competitividade.
- Representación e defensa de intereses sectoriais.
- Colaboración coas administracións públicas.
- Canalizar necesidades e dinamizar actuacións grupais.

REAS CLAVE DO CEAGA

- Investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- Calidade.
- Formación e cualificación permanente dos recursos humanos.
- Cooperación e comunicación interempresarial.
- Adaptación e orientación ás esixencias do mercado.
- Medio ambiente e seguridade laboral.
- Infraestructuras tecnolóxicas.
- Novas formas de organización e xestión industrial



Volvendo ó sector audiovisual, desde a AGAPI entendemos que a constitución do Clúster do Audiovisual de Galicia debe de se-lo obxectivo

prioritario a pór en marcha, xustamente como froito e desenvolvemento deste Plan Estratéxico 2002-2005. A iniciativa da AGAPI recibiu xa publicamente os primeiros apoios e posicionamentos, o que nos fai considerar este proxecto cunha perspectiva de fundado optimismo.

O primeiro pronunciamento público favorable ó Clúster do Audiovisual, e nada menos que en sede parlamentaria, ante o Parlamento de Galicia, foi o de Francisco Campos, director Xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG). A súa comparecencia ante a Comisión de Control do Parlamento de Galicia, o día 28 de xuño de 2001, constitúe unha declaración programática que, desde a AGAPI, subscribimos integramente; e así llo expresamos e agradecemos a Francisco Campos, en público e en privado.

*Galicia afirmaba Campos ante a Comisión de Control-
está a consolidar unha produción audiovisual con
identidade propia, baseada nun modelo de proximidade
que ten que mirar e proxectarse abertamente cara ó mundo
conservando ese pulo de orixinalidade que lle é propio.
Agora é preciso consolida-la base industrial, os recursos
financeiros, a creatividade e artella-las alianzas necesarias
que permitan afrontar-la comercialización exterior con
éxito. Fai falla moita intelixencia, moita creatividade,
moita xenerosidade, moita unión, moitos recursos e moito
traballo. Pero, visto o balance dos últimos cinco anos, é
posible en Galicia conquistar obxectivos ambiciosos se non
se cometen moitos erros e se mantén o mesmo impulso
industrial.*

*A Televisión de Galicia foi a turbina desa enerxía e dese
impulso e coido que así pode seguir sendo. Pero non chega
con eso. Coido que o sector necesita un novo pulo de auto-
organización. Porque estamos a falar dun sector industrial
estratéxico moderno e de futuro- para esta sociedade do
século XXI; e así, o audiovisual galego debería converxer
cara un clúster de unión e integración, como xa fixeron en
Galicia outros grupos industriais (automóbil, pesca,
madeira, pedra). Unha integración e converxencia que
conecta por un lado coas telecomunicacións e as
tecnoloxías da información a multimedia, en definitiva- e
por outro coas industrias dos contidos, a ciencia e a
cultura.*

Un hipersector que facturou o ano pasado en España 10,8 billóns de pesetas, segundo datos de ANIEL, e que en Galicia representa máis do 5% do noso PIB, é dicir, uns 250.000 millóns de pesetas anuais. Coido que nesa perspectiva da sociedade multimedia a importancia e o futuro do audiovisual é incuestionable. En 1995 había en Galicia menos de 40 firmas audiovisuais e no 2000 xa son preto de cen as empresas que multiplicaron por cinco a súa facturación.

En segundo lugar, as principais entidades financeiras galegas, como Caixanova e Caixa Galicia, ratificaron a súa decidida aposta pola industria audiovisual galega e confiamos en que se sumen á nosa iniciativa. Feitos tan novidosos e positivos para o sector como a participación de Caixanova en *O bosque animado* e *O lápiz do carpinteiro*, e a máis recente de Caixa Galicia na longametraxe de Fernando León *Os luns ó sol* –protagonizada por Javier Bardem, indican o alto grao de credibilidade financeira acadado polo sector.

Caixanova e a AGAPI asinaron recentemente un convenio de colaboración para o efecto. Á súa vez, a AGAPI contratou o asesoramento técnico dunha empresa líder en creación e implantación de clústers industriais, SOLUCIONA M.C., a proposta da cal é un sólido punto de partida. O proxecto do Clúster do Audiovisual comezou a redactarse en setembro de 2001 e a solicitude para o seu desenvolvemento presentouse ante o IGAPE o 4 de decembro de 2001, ó abeiro do Plan de Consolidación e Competitividade da Peme (PLAN PEME, Ministerio de Economía, RD 582/2001, do 1 de xuño, BOE 2-7-01. En canto ás bases reguladoras de Galicia, véxase o DOG do 23 de xullo de 2001).

O desenvolvemento típico dun clúster require un proceso de organización e converxencia empresarial que pode durar un ano, aproximadamente, no curso do cal se convocan os axentes económicos interesados, se organizan grupos de traballo e se diseña un Plan Sectorial de Competitividade. Así pois, e como conclusión deste apartado, diremos que a AGAPI se propón desenvolver-lo proxecto de Clúster do Audiovisual durante o ano 2002, co obxectivo de logra-la súa constitución e pleno funcionamento antes do 1 de xaneiro de 2003.

II FINANCIAMENTO

“Un sector estratéxico require dun financiamento estratéxico”

Perspectiva europea

Comecemos sentando dúas premisas elementais:

- Un sector de interese estratéxico require un financiamento de alcance igualmente estratéxico; é dicir, uns mecanismos de financiamento especiais e específicos.
- Sen un adecuado financiamento é imposible logra-lo desenvolvemento da Lei do audiovisual.

Son dúas premisas sobre as que confiamos que sexa fácil o acordo, posto que, en caso contrario, a expresión “sector estratéxico” carecerá de sentido e será unha expresión baleira e, a curto prazo, a propia Lei do audiovisual acabará converténdose en letra morta. Para que isto non ocorra, convirá que todos –productoras, Administración, grupos parlamentarios, consorcio, clúster, etc.- esteamos de acordo conn cáles son os mecanismos financeiros que fagan posible o pleno desenvolvemento da Lei do audiovisual e lle deamos ó alicerce financeiro a debida importancia.

Tal é a importancia do financiamento para o bo termo de toda produción audiovisual que, desde a AGAPI, o consideramos como o segundo alicerce deste Plan Estratégico, seguido da política sectorial xenérica descrita no apartado anterior. As liñas que seguen artellan un simple Plan de Financiamento, con medidas concretas inspiradas en experiencias positivas de Francia, Cataluña, etc. Como, en último termo, temos que desenvolvernos nunha economía globalizada, na que compiten os sectores maduros, empezaremos por revisa-lo contorno sectorial europeo en materia de financiamento.

Política audiovisual da Comisión Europea

Un cambio profundo da paisaxe audiovisual europea (en termos de competitividade, complexidade técnica e transnacionalización) levou á Comisión Europea a presentar en 1998 unha comunicación ó Parlamento e ó Consello titulada: *"Política audiovisual - as próximas etapas"*. O texto tiña por obxecto empezar a reconsidera-la política audiovisual actual e debuxa-los próximos pasos e direccións en que se movería. A comisión

centrábase moi especialmente nos aspectos vencellados ós mecanismos de apoio e, en particular, cara ó futuro dos programas MEDIA, MEDIA II e MEDIA+, así como cara á reorganización da proposta da comisión destinada a atraer aínda máis investimentos privados á produción audiovisual.

Estes traballos na esfera da Unión Europea puxeron de manifesto a vital importancia que institucións, produtores e creadores lles dan ás fontes financeiras e á mobilización de recursos no universo da produción audiovisual. O diagnóstico era claro: o futuro liderato europeo en materia de ideas e contidos necesitaba o colchón elástico que catapultara as ideas ás pantallas e ós ollos do público. E ese colchón é o financiamento.

A Unión Europea confioulle á comisión a misión de que nas negociacións vencelladas ó comercio mundial faga fincapé en que os Estados conserven e desenvolvan a súa capacidade de definir e poñer en práctica as súas políticas culturais e audiovisuais para a salvagarda da súa diversidade cultural [Resolución do Consello do 12 de febreiro de 2001 sobre as axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual 2001/C73/02].

Tendo en conta que Galicia asumiu boa parte das competencias que lle corresponden en materia de fomento do audiovisual, estas consideracións comunitarias trasládanse ó ámbito autonómico como obxectivo estratéxico de primeira orde nas políticas culturais e industriais. Fronte a posibles detractores de mecanismos financeiros sectoriais, *ad hoc*, a resolución do Consello da Unión Europea deixa claro que as axudas ó audiovisual non son un caso de proteccionismo, senón unha necesidade inescusable. A cita é importante:

A industria audiovisual constitúe unha industria cultural por excelencia. As axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual constitúen un dos medios principais para garanti-la diversidade cultural. O obxectivo da diversidade cultural supón un tecido industrial que permita satisfacer ese obxectivo e xustifica o carácter específico das axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual adaptadas a cada circunstancia específica [Res. Consello UE, 12-II-01].

Esta filosofía europea de “xustifica-lo carácter específico das axudas nacionais” produciu a reacción en cadea dalgunhas administracións estatais ou autonómicas.

No caso de Galicia, a recomendación europea traducíuse nos esforzos do lexislador e no consenso parlamentario que fixeron posible a Lei do audiovisual. En materia de financiamento, a lei galega subliña o interese estratéxico da industria audiovisual atendendo ós seguintes factores:

- A importancia económica acadada polo sector
- O número de persoas ás que emprega
- As perspectivas futuras para a creación de empregos vencellados á comunicación audiovisual
- O papel educativo e cultural que xogan os medios de comunicación e os produtos das industrias culturais nun contorno marcado pola dialéctica globalización-diversidade.

i2i-Audiovisual : A Comisión Europea e o BEI

En coherencia cos principios de política audiovisual europea enunciados, a comisión, o Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI), impulsaron en xuño de 2000 o programa financeiro “i2i-Audiovisual”, consistente nun conxunto de accións destinadas a reforza-la base financeira da industria audiovisual europea e a acelera-la súa adaptación ás tecnoloxías dixitais.

Este paquete financeiro da comisión, o BEI e o FEI é complementario do programa Media Plus, e sinala a tendencia comunitaria cara á que deben converxe-las nosas propias propostas financeiras.

A iniciativa “i2i-Audiovisual” ten unha duración inicial de dous anos, cun volume de financiamento previsto por parte do grupo BEI superior ós 15.000 millóns de euros e 1.000 millóns en capital-risco. A iniciativa consta de catro liñas de acción; as súas características máis significativas son:

- **Préstamos globais ó sector bancario.** O BEI puxo a disposición do sector bancario especializado liñas de crédito para o financiamento de empresas de creación audiovisual, de tecnoloxías de audiovisuais ou de traballos subcontratados. Estes “préstamos globais” son compatibles

(complementarios) cos sistemas públicos de promoción do audiovisual e poderían comportar elementos de reparto dos riscos e beneficiarse de estruturas de garantía apoiadas polo FEI.

- **Financiamento a medio e longo prazo para investimento en infraestructuras.** Destinada a grupos de produción ou distribución para os seus investimentos en infraestructuras (estudios, instalacións dixitais) no ámbito da produción de obras audiovisuais. Poderá adoptar a forma de financiamentos estruturados que teñan unhas condicións de reembolso que estean parcialmente vinculadas ó éxito dos proxectos financiados. O seu obxecto primordial é compensar deficiencias industriais no sector respecto á competencia mundial e a creación de actividades con efectos positivos sobre as empresas en si mesmas.
- **Fondos de capital risco especializados.** O programa “i2i-Audiovisual” prevé crear fondos de capital risco especializados no sector audiovisual mediante a subscripción de participacións do FEI. Nestes fondos, o FEI -de maneira análoga a como podería opera-lo IGAPE en Galicia- intervén como *fondo de fondos* nun ámbito sectorial moi especializado no que a falta de recursos financeiros e de operadores impiden a creación dun mercado de capital risco eficaz. Unha das iniciativas froito desta liña foi a sociedade finlandesa *Venture Capital for Creative Industries* (Capital Risco para Industrias Creativas), dotada cun orzamento de 50 millóns de euros, dos cales 16,5 millóns foron facilitados polo Fondo Europeo de Investimentos.
- **Financiamento para accións complementarias.** Liña dotada con 400 millóns € en cinco anos, destinada a mellora-la complementariedade entre os recursos bancarios do Grupo BEI e as subvencións comunitarias do Programa Media Plus. A Comisión Europea propón organizar sesións de formación sobre financiamento de empresas e obras audiovisuais, poñer en marcha accións conxuntas para apoiar a cooperación entre distribuidores (para campañas de distribución) e desenvolver-los servicios *on line*. Outras accións complementarias serían: fomentar o diálogo entre os

financeiros europeos do sector audiovisual, a colaboración dos cales en coproduccións é escasa. Nesta líña, a AGAPI suxeriu xa realizar un Seminario de Financiamento da Coproducción, coa participación de técnicos do IGAPE, do ICO, da FAPAE, de EGEDA e das entidades financeiras.

Banca e ladrillos

Hagamos un esfuerzo de imaginación. Pensemos en una actividad industrial que aplica lo último en tecnología, en un sector que con sólo un centenar de empresas pequeñas factura más de 50.000 millones de pesetas y exporta el 94% de lo que produce. Pensemos, además, que de las diez primeras compañías de dicho sector, cuatro de ellas son españolas. Pensemos que, en lo que respecta a dicha actividad industrial, España es un país líder. Y ahora, imaginemos que a una empresa de este sector que tiene la mejor tecnología y aplica programas de I+D para desarrollar un proyecto puntero en toda Europa, con respaldo de la Unión Europea, del Gobierno de su Comunidad Autónoma y la colaboración de varias universidades, los bancos españoles le niegan la línea de financiación para llevarlo a cabo. ¿Imposible? No. Cortedad de miras. Ceguera bancaria. El sector al que me refiero es el cine de animación... [Carlos Matías, Banca y ladrillos, Banca 15, 28 de febreiro de 2001].

O caso real descrito por Matías non é outro que a recente produción galega *O bosque animado*. De nada lle serviron ó produtor os seus esforzos en I+D, os seus riscos persoais ou o apoio inicial de Media II. A banca non vía “ladrillos”. Agora que *O bosque animado* foi un éxito de crítica e público e logrou unha recadación millonaria en taquilla -a máis alta acadada nunca por unha produción galega-, agora sabemos que a película é rendible e non ten moito mérito sumarse tralo éxito ós centos de felicitacións recibidas por Manuel Gómez e todo o equipo de Dygra.

O mérito foi felicitar a Dygra xa en febreiro de 2001, cando escribe o seu certo artigo Carlos Matías, cando o guionista e director de *O bosque animado*, Ángel de la Cruz, escribe un conto bancario *El cuento del aval* [*La Voz de Galicia*, 31 de agosto de 2000], de obrigada lectura para analistas de risco e directores de banco, tantas veces incapaces de entenderen as claves financeiras dun sector *distinto*. Dun sector que non inviste en ladrillos ou cementos, nin pode inventaria-las súas existencias por toneladas, senón que ten os seus principais activos en inmaterial: proxectos, desenvolvementos, argumentos, guións, programas informáticos.

Un sector ó que é preciso entender financeiramente desde dentro e ó que só moi recentemente comezaron a entender algunhas entidades

financeiras: Caixanova apostou por producións galegas como *Os viaxeiros da luz*, *O bosque animado* e *O lapis do carpintero*; Caixa Galicia colaborou recentemente no financiamento dunha longametraxe de Continental. Os datos indican que as cousas empezaron a cambiar e que o financiamento da industria audiovisual galega entrou en vías de maduración e normalidade. Un apoio decidido destas dúas entidades –Caixanova e Caixa Galicia– situaría a Galicia no mellor punto de saída. As propostas que seguen pretenden contribuír a esa normalización financeira.

Audiovisual: un produto específico

Ó audiovisual pásanlle dúas cousas que afectan ó seu financiamento. En primeiro lugar, tal e como vimos, non é considerado un produto *normal* en moitos despachos de entidades financeiras. Como consecuencia disto, o papel que os poderes públicos teñen no seu financiamento é desmedido, chegando a afectar ós contidos, ó proceso de produción e á súa distribución. Para estes dous problemas (pouca confianza privada e excesiva dependencia do público), **hai tres vías de solución:**

- Que os investidores privados “crean” nas posibilidades do audiovisual, como xa está empezando a ocorrer.
- Que a Administración siga apoiando a creación e o desenvolvemento de proxectos, con criterios de calidade e rigor.
- Que os produtores asuman o risco de poñer as súas ideas no mercado buscando algo máis que o colchón da subvención.
- Negarlles axuda a produtoras cunha cifra de negocio que dependa exclusivamente do diñeiro público.

Estas tres solucións combinadas conteñen a clave da competitividade da industria audiovisual. E debemos insistir sempre no concepto de “industria”, tal e como o define a Comisión Europea. Industria cultural, porque os produtos audiovisuais acadaron un alto grao de complexidade, as empresas que os fabrican estandarizaron os seus procesos de produción, e os seus produtos seriados inscribíense nos parámetros clásicos da industria cultural. Razóns todas para que os produtos audiovisuais teñan esa cualificación de produtos, á marxe da súa especial natureza creativa, artística ou intelectual.

O paso dado polos *productos* da industria cultural de cara á súa consideración como tales, resultado dunha fabricación seriada e baseada en criterios de produtividade e competitividade no contorno da economía de

mercado, non veu acompañado, sen embargo, da aceptación da súa natureza de produto por moitos dos participantes no proceso de financiamento.

A confianza que os investidores depositan en produtos do real e o tanxible (ladrillos, peixe, coches...) non se extrapolou ó inmaterial, creativo ou artístico (argumentos, guións, proxectos) do audiovisual.

Así, é unha realidade incuestionable que os *financiadores* da produción, públicos e privados, puxeron só problemas á hora de apoiar proxectos de audiovisual na súa fase de desenvolvemento, amparándose nas súas particulares características. Sen embargo, **o desenvolvemento é o I+D específico da industria audiovisual**. Os formatos de novos programas, os programas piloto, os guións, o estudio e negociación de argumentos, dereitos de autor, etc. son as nosas patentes e, aínda que sexan intanxibles, nada houbo nos últimos meses máis solvente e tanxible – bancariamente falando- que o guión de *Torrente en Marbella*, a película que superou os 3.000 millóns de pesetas de recadación en taquilla.

Sen embargo, boa parte da banca colocóulle-la etiqueta de “intanxibles” ós produtos da industria cultural. Non hai ladrillos, non hai nada que tocar nin ver agás bosquejos e sinopse. Poucas institucións financeiras aceptan un guión, un *story-board*, un plan de produción, un *dossier* ou un deseño de produción –avalados por precontratos-, como punto de arranque dun préstamo comercial, un aval, unha liña de desconto ou un *leasing*.

A actividade do audiovisual non está exenta de riscos, con moitos factores actuando sobre un todo sintético de industria e creatividade como é o produto audiovisual. O certo é, ademais, que as producións audiovisuais consomen boa parte do seu orzamento antes de que a productora sexa capaz sequera de ensinarlles ós investidores unha versión *alfa* do seu produto.

Para iso é especialmente importante que investimentos *de risco* complementen os recursos que a empresa poida pór pola súa conta e caixa ó servizo do desenvolvemento dunha idea.

En termos de financiamento, trátase de conseguir que o *apoyo a expectativas* que tiveron, por exemplo, os produtos da nova economía se traslade ós produtos da industria cultural. Dito doutro modo: a industria audiovisual é rendible e vai seguir séndoo a curto e medio prazo e, tal e como se vai configurando o hipersector da comunicación, hai poucas posibilidades de que deixe de ser rendible. Este convencemento é o que os investidores privados necesitan para deposita-lo seu diñeiro e as súas esperanzas nos produtos da industria cultural e convencerse de que poden asumir riscos suficientemente controlados.

Un sector participado polo poder público

As características culturais propias da produción audiovisual motivaron a participación dos poderes públicos na súa ordenación e no apoio ás súas actividades. A participación da Administración na ordenación do sector audiovisual relacionouse tamén co papel dos medios audiovisuais –no caso de Galicia, a TVG- como xeradores da realidade e creadores de opinión, o que lle xera ó sector algúns lastres e equívocos.

Con estes dous condicionantes de partida, faise inevitable camiñar cara a un futuro de financiamento mixto no que a Administración participe como motor da creación en tanto que colabora coas entidades financeiras para axudar a realizar un audiovisual de calidade e competitivo. As axudas públicas contribuíron a lle dar ó sector a posición que agora ten, pero a progresión imparabile dos seus resultados e os seus produtos fan inevitable, no horizonte dos próximos anos, encontrar un novo modelo de financiamento máis moderno e competitivo. Todos –o sector, as entidades financeiras e a propia Administración- debemos entender que a contribución dos poderes públicos debe ser unha máis entre as varias fontes de financiamento da obra audiovisual, tales como:

- As vendas e prevendas a distribuidores ou axentes.
- Os investimentos das televisións.
- Os investimentos de capital.
- O financiamento bancario.
- As subvencións públicas.

Cara a un novo contorno de financiamento

En resumo, debemos establecer entre tódolos axentes económicos implicados un novo marco de traballo e configurar ese novo contorno galego de financiamento do audiovisual, artellado en torno ás seguintes premisas:

- Os investidores deben confiar nas ferramentas de desenvolvemento dun produto audiovisual como avais para sulga-la viabilidade dun investimento.
- O financiamento dos produtos do audiovisual englobarase nas actividades de fomento da sociedade da información e da

comunicación, sen perde-la súa identidade. A produción de contidos debe ter un tratamento diferenciado respecto das infraestructuras, telecomunicacións, etc.

- Debe existir financiamento para I+D en audiovisual; isto é, investigación e desenvolvemento en formatos, linguaxes e soportes. Isto inclúe o apoio explícito ós novos realizadores.
- A participación de fontes de financiamento privadas no día a día da industria cultural proporciónalle ó sector o dinamismo que debe se-la forma de vida consubstancial co mundo audiovisual. A participación do capital privado e as súas dinámicas multiplican as posibilidades de produción e introducen criterios de calidade na valoración das propostas e proxectos.
- Ó mesmo tempo, o diñeiro privado debe colaborar intensamente no financiamento de proxectos e producións. Así, os produtores serán máis autónomos e independentes con respecto á Administración en termos económicos, culturais e ideolóxicos. Coñecida é, por exemplo, a *especial* relación que os estudos e os traballadores de Hollywood manteñen coa Administración norteamericana, marcada pola independencia dos primeiros, poderosas máquinas de xerar ideas e diñeiro.
- A contribución pública fará fincapé no apoio a aqueles produtos que, pola súa especial natureza creativa ou artística, signifiquen experimentación ou investigación incompatible por formato ou linguaxe coas canles tradicionais da distribución de produtos.
- O papel das televisións como dinamizadoras do panorama cultural e audiovisual outórgalles unha especial importancia

no financiamento dos productos cos que enchen as súas grellas.

- Financiamento sostido é igual a produción sostida. Actualmente non existe continuidade nos plans de financiamento. A cantidade de traballadores fixos que forman parte dunha empresa é pequena comparada co número de traballadores eventuais que mobilizan as empresas. Así, entre traballo e traballo desmantélase o equipo de produción, os equipos técnicos non se amortizan e o financiamento non é sostido, nin a produción tampouco. O salto dun sector incipiente a un sector maduro dáse coa continuidade.

Axentes e liñas de financiamento

Os axentes financeiros

IGAPE

Entidade de dereito público con personalidade xurídica, patrimonio público e capacidade e disposición dos seus recursos para o cumprimento dos seus fins, o IGAPE debe ser un instrumento de promoción e fomento do investimento productivo en Galicia. Ademais, correspóndelle actuar directamente na oferta de servicios de alto nivel que requiran dunha elevada preparación. A súa ampla autonomía de xestión, as súas estruturas flexibles e a capacitación dos seus técnicos fano especialmente dotado para entende-las necesidades e os requirimentos inmediatos do sector privado.

O IGAPE debe converterse, xa que logo, no principal apoio da industria audiovisual, dadas as súas características, concentrando:

- o Iniciativas de promoción e fomento do desenvolvemento do sector
- o Potenciando os investimentos en innovación e tecnoloxía
- o Estimulando a comercialización e a apertura a mercados dos produtos da industria cultural galega
- o Achegando solucións a problemas específicos do financiamento da empresa, xa sexan técnicos, formativos ou de infraestrutura.
- o Axudando na creación de novas empresas e financiando o seu nacemento

Cinco actividades concretas

1 Convenios de IGAPE-ICO-Entidades financeiras

Proponse establecer liñas de financiamento subsidiado para os proxectos de investimento empresarial do sector audiovisual. Na súa negociación, deben terse en conta as especiais características do sector audiovisual. Actuarán como garantías do proxecto os materiais de desenvolvemento propios dunha produción audiovisual (plan de produción, guión, dereitos, etc.). O sector opta por un modelo continuo de traballo –segundo o modelo europeo- que non converta en anuais as convocatorias de axudas.

2. Convenios do IGAPE-Entidades de Crédito (contratos de *leasing*)

Promoción de contratos de colaboración con entidades de arrendamento financeiro. A proposta é diminuí-los límites que o IGAPE establece, demasiado altos para as necesidades continuas de investimento en tecnoloxía do sector audiovisual. Na actualidade, o importe mínimo do investimento subvencionable é de 60.000 € (10 millóns de pesetas aprox.) e a vixencia dos contratos debe ser como mínimo de dez anos.

3. Concesión de avais polo IGAPE

O IGAPE actuará como avalista das empresas beneficiarias ante as entidades de crédito ou entidades financeiras establecidas. Trátase de continuar nesta liña; pero, unha vez máis insistindo no carácter intanxible da produción audiovisual, previndo a concesión de avais nos termos requiridos polos produtores audiovisuais. O IGAPE velará polo correcto funcionamento da concesión de avais, que teñan en consideración a natureza particular do produto audiovisual.

4. Axudas á cooperación empresarial

Axudas para potencia-lo desenvolvemento de proxectos empresariais de natureza productiva, comercial, tecnolóxica ou de investimento conxunto en capital entre dúas ou máis empresas independentes, tanto no ámbito nacional coma internacional. Os seus obxectivos son a obtención de economías de escala, a expansión polo territorio e a competitividade das empresas que interveñen.

5. Iniciativa PCCP de desenvolvemento empresarial

O Plan de Consolidación e Competitividade da PEME (2000-2006) prevé varias liñas de actuación. Tendo en conta o tamaño mínimo da empresa audiovisual galega, trataríase de lle aplicar ó sector as políticas de consolidación e competitividade das PEMES previstas na dita iniciativa nos seguintes ámbitos: sociedade da información, innovación de procesos

(xestión e organización), innovación en técnicas empresariais (deseño, redes interempresariais de cooperación e sistemas de calidade).

SGR (Sociedades de garantía recíproca)

A súa finalidade é a prestación de garantías por aval ou por outros medios a prol dos seus socios partícipes para operacións que estes practiquen dentro do xiro ou tráfico de empresas das que sexan titulares, así como a prestación de servizos de asistencia e asesoramento financeiro ós seus socios e a participación en sociedades que teñan como obxecto actividades dirixidas ás PEMES. Non lles pode conceder directamente ningunha clase de crédito ós seus socios. En Galicia funcionan as sociedades de garantía recíproca Afianzamentos de Galicia Sociedade de Garantía Recíproca (AFIGAL) e Sociedade de Garantía Recíproca de Pontevedra (SOGARPO).

XESGALICIA

O capital risco, nas súas modalidades de capital semente, capital de arranque e capital de desenvolvemento (complementadas estas actuacións con outras formas de financiamento como os préstamos participativos) ten unha especial importancia no desenvolvemento das industrias vinculadas á sociedade da información e da comunicación. É vital para este tipo de investimentos que o sector audiovisual dea un perfil baseado en:

- Capacidade xerencial. Experiencia profesional e calidade humana do equipo directivo.
- Presencia dun claro diferencial con respecto a outras actividades, e dentro do sector, en relación coa competencia, polo que se require un perfil individual da empresa dinámico e atractivo en termos de produto, proceso, servizo ou xestión).
- A perspectiva de altas e rápidas rendibilidades.
- A capacidade de crecemento (tanto polo que se refire ó seu potencial tecnolóxico como da súa expansión comercial).

Estas fórmulas de financiamento vinculadas ó capital risco parecen feitas a medida dun sector, o audiovisual, que presenta un perfil expansivo evidente, onde a calidade de xestión é a base da produción, a innovación é continua e a diferenciación prioridade absoluta. Vigo Activo S.A. ou Gescaixa representan en Galicia o perfil de sociedade de capital risco cunha xestión que debería complementar ó sector audiovisual. Os seus investimentos indican un exemplo do enfoque que o financiamento audiovisual pode precisar. Neste sentido, experiencias como a finlandesa *Venture Capital for Creative Industries* (Capital Risco para Industrias Creativas) recibiron o apoio de institucións europeas para colaborar especificamente co sector audiovisual

ENTIDADES FINANCEIRAS

O sector audiovisual demanda a participación do sector financeiro no desenvolvemento do audiovisual galego. Trátase de conseguir unha posición de diálogo baseada no entendemento mutuo, o establecemento de relacións comerciais estables e proveitosas para ámbalas partes e garanti-lo futuro do sector mediante a rendibilidade das operacións.

A Administración autonómica desenvolverá os mecanismos ó seu alcance para promover a creación de institucións financeiras específicas de apoio ó audiovisual. A Administración actuará como colchón na creación destas sociedades, con liñas de crédito oficial específicas para o sector. Deberíanse establecer desde o sector liñas específicas de colaboración coas organizacións de empresarios de banca e finanzas para comunicarlle-las necesidades que o sector ten en materia de financiamento. A idea é transmitir unha sensación de fiabilidade, proxección de futuro e rendibilidade. Prevese a posibilidade de que a AGAPI actúe como interlocutor cos principais bancos e organismos financeiros para transmitir-las súas necesidades e prepara-lo terreo para un diálogo moito máis efectivo entre as empresas e o sector financeiro.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Comprende as actuacións da Administración nos seus sucesivos ámbitos xeográficos (local, autonómico, estatal e europeo), cunha actuación que ten –como vimos– un carácter complementario, pero imprescindible para a

posta en marcha de mecanismos financeiros que permitían o despegue do sector.

As principais liñas de financiamento

Para maior claridade, concluiremos este apartado –o detalle práctico do cal remitimos ás propostas concretas contidas na segunda parte deste documento– describindo a grandes riscos as principais liñas financeiras consideradas necesarias, que son:

- a) Liñas de financiamento directo (á produción)
- b) Liñas de capital-risco (ó capital)
- c) Fondo de garantías (a circulante)
- d) Axudas públicas

Préstamos públicos directos á produción

A referencia básica desta liña de financiamento é o convenio sectorial do Instituto Catalán de Finanzas. Durante o ano 2000, este Instituto concedeu corenta e catro préstamos á industria audiovisual catalana por un importe de 8.682 millóns de pesetas. Estes préstamos xeraron un investimento inducido de 39.313 millóns. Foron trinta e seis operacións para a produción, catro para a distribución, unha para a exhibición e tres para posprodución e rodaxe. Fíxase un nivel de risco máximo por productora en función das características individuais.

Sobre este particular é de especial interese o documento “Convenio de Colaboración entre la Asociación Barcelona Audiovisual y el Instituto Catalán de las finanzas para financiar inversiones en el ámbito de la producción audiovisual” (véxase texto completo en anexos). Os créditos directos estruturaríanse de dúas formas:

- Créditos mediante desconto de contratos.
- Créditos adicionais para o financiamento que non se ten por desconto de contratos.

Neste contexto é vital o establecemento de filtros para aqueles non interesados na produción audiovisual e si en percibi-las axudas.

Liña de capital-risco a capital

Englobaríase dentro das iniciativas de XesGalicia, GesCaixa, Vigo Activo, etc., cun interese especial vinculado ó carácter estratéxico do sector. Plan de Valoración e plans estratéxicos de empresas da AGAPI ou do futuro Clúster do Audiovisual que o desexaran. En función destes plans, XesGalicia debe participar no capital das empresas para colaborar no financiamento dos ditos plans estratéxicos.

Liña de fondo de garantías a circulante

Imprescindible no desenvolvemento dun sector como o audiovisual, cun forte crecemento en mans de empresas de estrutura débil. Trátase de artellar un depósito plurianual estable para facilita-lo crédito ó circulante. O funcionamento do fondo debe inspirarse nos modelos utilizados noutras comunidades autónomas. Debe ser áxil e rigoroso. Áxil, para permiti-lo apoio ás producións audiovisuais reais. Rigoroso, para asegura-la continuidade do propio fondo e a solidez dos seus investimentos.

Proponse unha dotación duns dous millóns € (300 millóns de pesetas aprox.) para apoiar con garantías as características da industria galega. O produtor podería achegar unha parte das garantías (en torno ó 30%) ademais de contratos que soporten o total do orzamento de produción. Os axentes deste fondo de garantías deben se-lo IGAPE, o ICO, AFIGAL e SOGARPO.

Axudas públicas autonómicas e estatais

A Lei de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual establece a obrigaón das televisións de investir un cinco por cento da súa conta de resultados en produción audiovisual. Desta porcentaxe, o sesenta por cento deberá dedicarse á produción de películas en calquera das linguas do estado español. Ademais, o texto eleva a rango de lei as axudas automáticas que se conceden en función da recadación que obteña a película en taquilla.

As produtoras independentes -chamadas así por non contar no seu accionariado con participación de canles de televisión- beneficianse doutro punto desta Lei de fomento da cinematografía, do seguinte: as produtoras

participadas por canles de televisión están obrigadas a coproducir coas empresas independentes polo menos o setenta e cinco por cento dos seus proxectos. Esta previsión legal é unha forma de garanti-la competitividade dentro da industria audiovisual española. Por último, conseguiu-se que as axudas sobre proxectos de curtametraxes, longametraxes e as axudas a desenvolvemento de guións estean reservadas ás produtoras independentes. Para os filmes de novos realizadores, os de baixo orzamento, documentais, películas de relevancia cultural os baremos para recibir axudas rebáixanse considerablemente.

Ó fío desta nova regulación legal, claramente favorable ós intereses do sector, de novo debe recordarse o carácter do idioma galego como lingua minoritaria en Europa e, polo tanto, necesitada dun tratamento diferencial favorable. Na Europa do Euro a existencia dunha lingua propia non pode ser un obstáculo, senón unha vantaxe e, para logralo, cómpre unha clara discriminación positiva. Neste sentido, consideramos que seguen sendo necesarias, de modo específico, as axudas directas á produción en lingua galega, xestionadas pola Consellería de Cultura.

As medidas contidas neste Plan Estratéxico e, en xeral, tódalas políticas empresariais analizadas, tenden á consolidación do tecido industrial audiovisual en Galicia, facendo abstracción da cuestión lingüística: as empresas galegas poden producir e producen -e é desexable que así sexa- películas para o mercado español ou americano, anuncios para o mercado portugués, series de TV e programas para as televisións españolas, ou fan dobraxes a todo tipo de idiomas, incluídos algúns exóticos, etc.-. Todo iso está na natureza do sector e da propia produción audiovisual e televisiva. Sen prexuízo do anterior, a defensa do idioma galego, como feito diferencial, require -e vai seguir requirindo durante moitos anos- unhas axudas *ad hoc* das que o sector e os poderes públicos non poden nin deben prescindir. Por este motivo, como conclusión do presente capítulo relativo ó financiamento, referímonos seguidamente ás axudas públicas á produción en lingua galega.

Axudas ó audiovisual da Consellería de Cultura

Proposta de axudas ó audiovisual 2002

As axudas ó audiovisual xogaron un papel fundamental no desenvolvemento do sector audiovisual en lingua galega. Desenvolvemento entendido en tres vertentes fundamentais: crecemento económico (maior uso do idioma), creación de emprego e desenvolvemento cultural e da diversidade. A produción audiovisual en lingua galega acadou altas cotas de complexidade: os seus proxectos son máis grandes, o seu volume de negocio máis elevado e o seu estándar de calidade máis alto.

Convocatoria das axudas

A época máis propicia para a convocatoria é o mes de xaneiro. A natureza das axudas é, ano tras ano, expansiva. Os investimentos feitos ata agora crearon no sector unha dinámica de crecemento e expansión. Prodúcese melloras nos equipos, proxectos máis complexos, accédese a mercados máis competitivos e tómanse posicións que se porían en perigo en caso de que diminuíran as contribucións públicas ó sector audiovisual.

No caso concreto das longametraxes –dado o seu valor cultural emblemático e a súa incidencia educativa nas xeracións máis novas- deben establecerse políticas lingüísticas concretas (non só desde a Consellería de Cultura, senón tamén desde a Dirección Xeral de Política Lingüística). Así, consideramos viable alcanzar en 2006 o obxectivo de que o 25% das películas estreadas en Galicia sexan en galego. Isto significa un aumento gradual prudente, dun 5% anual (desde o 2002 ó 2006). Esta medida de política lingüística –apoio á dobraxe- tería un custo reducido (en torno a sete millóns de pesetas por película, o que representaría unha partida de 500 millóns no 2006; a proposta do sector é que a cantidade destinada a este obxectivo sexa achegada conxuntamente pola Xunta de Galicia (o 33%; nótese que en Cataluña a Generalitat achega a este obxectivo o 50% do custo de dobraxe) e as distribuidoras cinematográficas (o resto).

En resumo, afirmámola natureza necesariamente expansiva das axudas a través dos anos. O traballo feito en canto a produción en lingua galega é extraordinario e a puxanza da competencia indica que un fallo nas axudas agora motivaría unha desfeita na lóxica de crecemento e cota de

mercado da produción en lingua galega. É por iso que solicitamos que para o ano 2002 as axudas ascendan a unha contía de 3,5 millóns € (seiscentos millóns de pesetas aprox.), distribuídos da seguinte forma:

	A	A
A s s n o n o		48 000
A s o cci n		2 000 000
A s sc i i n		120 000
A s o cci n non co ci i n is o-c ci n c s		120 000
n o co o i o nos n io s n o c os i n is		1 000 000
o 2002		3 288 000

Proposta de comisión avaliadora

A comisión avaliadora dos proxectos presentados ten unha enorme importancia por se-la encargada de analizar con detemento cada unha das propostas. A AGAPI propón a seguinte estrutura para esa comisión:

- o 1 representante da asociación de guionistas
- o 1 experto en produción
- o 1 experto en mercados audiovisuais (distribuidor)
- o 1 experto en produción multimedia
- o 1 representante da TVG
- o 1 representante da AGAPI
- o 1 representante do CGAI

Proposta de axudas automáticas

As especiais características do sector fan necesario o desenvolvemento dun plan de axudas automáticas, similar ó desenvolvido polo ICAA. O sector propón a constitución dun fondo de protección do audiovisual xestionado desde o consorcio que dea axudas automáticas a tódalas producións audiovisuais e multimedia que cumpran determinadas condicións de produción e difusión.

Axudas á promoción e difusión

Trátase de dispoñer dun fondo especificamente orientado á promoción e difusión dos produtos do audiovisual galego, é dicir, destinado a materiais promocionais, presenza en festivais, presenza en mercados e *showcases* nacionais e internacionais, copiado para distribución, etc. Neste mesmo capítulo englobaríanse axudas á dobraxe que favoreceran a exportación.

Subvencións á exhibición de películas

O apoio ás producións cinematográficas alí onde se xoga o seu futuro, nas pantallas de cine, merece a continuidade dun plan de axuda ou subvencións a aqueles exhibidores que acrediten que proxectaron películas da UE. A contía das axudas resulta da aplicación de ata un cinco por cento dos ingresos brutos xerados polas películas, máis un dous por cento máis en caso de que a película se exhiba xunto a unha curtametraxe. Un obxectivo prioritario é conseguir-la estrea de tódalas longametraxes galegas no exterior.

Financiamento do I+D audiovisual

Investigación en novos formatos e linguaxes e novas tecnoloxías de distribución audiovisual. Ningún sector pode crecer –nin sequera manterse– se vive afastado da investigación ou ás costas do I+D. Por iso, nun sector como o audiovisual, que xoga coa innovación continua nas linguaxes e co desenvolvemento imparable da tecnoloxía, os poderes públicos e as universidades deben destinar-las recursos necesarios para a investigación, formación e capacitación profesional. Propoñemos que se desenvolvan liñas de financiamento específicas para que as empresas poidan realiza-las seus propios plans de I+D en audiovisual. Contéplase a posibilidade de iniciativas conxuntas de innovación baseadas no intercambio de coñecementos entre empresas.

III PRODUCCIÓN

“Na Europa do Euro, a existencia dunha lingua propia non pode ser un obstáculo, senón unha vantaxe e, para logralo, cómpre unha clara discriminación positiva.”

As produtoras galegas

Para a análise do contorno productivo do sector audiovisual galego, tomamos como base documental algúns traballos realizados recentemente para o sector, coa participación directa da AGAPI (en concreto, o *Estudio do sector*, realizado en 1999 pola Consellería de Cultura, e o *Estudio de necesidades formativas*, realizado en 2001 pola AGAPI e a Consellería de Familia; en ámbolos casos o traballo de consultoría foi realizado por Soluziona management consulting).

Para estudar mellor o sector, consideramos catro subsectores (cine, vídeo-TV, multimedia e animación) e en cada un deles analizáremo-las variables básicas: emprego, facturación, formación, financiamento, exportación, etc.

En Galicia existen –ou detectamos-, un total de 123 empresas de produción audiovisual (incluíndo tanto sociedades como empresarios individuais), sendo algunhas delas as máis veteranas da industria audiovisual de Galicia, como é o caso de Vídeo Voz TV, S.A. ou Productora Faro, S.A., fundadas en 1985.

Destas produtoras, o 15% foron creadas en 1998 ou 1999, e o 75%, delas na década dos noventa. Só un 12% das produtoras son anteriores a 1985, o que revela unha taxa de creación de empresas de produción audiovisual en Galicia nos últimos anos considerablemente elevada. En canto á súa distribución provincial, é como segue:

Distribución provincial das produtoras galegas localizadas				
	A	o	ns	on
s s	65	2	5	28

A provincia da Coruña aglutina a maior parte das produtoras galegas, con 80 (un 65%), seguida a distancia por Pontevedra, con 34 (o 28%), e cun peso moito menor Ourense con seis (5%) e Lugo con tres (2%).

A titularidade de tódalas empresas censadas é privada. Hai oito que pertencen a grupos empresariais: Vídeo Voz TV S.A. ó Grupo Voz, de

comunicación; Zenit Multimedia S.A. a Gestmusic Endemol, grupo multinacional de produción televisiva; Vídeo Galicia, S.A. e CTV, S.A. ó grupo Araganey; Producciones Vigo S.L. a ACEIMAR; Galicia Media S.L. a un grupo editorial e de comunicación; Editorial Compostela S.A. de Santiago de Compostela ó grupo de El Correo Gallego; La Región Televisión Ourense ó grupo do mesmo nome; e Bren Enterteinment, S.A. ó grupo Filmax.

En canto ó desenvolvemento de actividades e xeración de contidos, no gráfico aparece recollida a porcentaxe de empresas que se move en cada un dos sectores (cine, vídeo-televisión, multimedia e animación), sen que a participación nalgún deles sexa excluínte. As produtoras que traballan no sector de vídeo e televisión son, claramente, as máis numerosas. Tamén é evidente o predominio das producións en soporte videográfico, seguido moi de cerca pola televisión e, a unha certa distancia, a publicidade. O subsector cun menor número de empresas é o de animación.

A contía dos recursos propios destas empresas incrementouse de maneira importante, de forma que o capital social das produtoras da mostra pasou de 598 millóns de pesetas no momento da súa fundación a 1.425 segundo cifras de 1999, variación que supón un incremento superior ó 138%. A contía do capital social medio pasou de 9.338.562 pesetas a 22.267.689 no ano 1999, o que reforza a afirmación anterior. Polo tanto, a industria audiovisual galega mostra unha importante tendencia cara á capitalización.

Capital social das produtoras		
	i soci inici	i soci c
on i	9 338 562	22 267 689
on o	597 668 000	1 425 132 147

En canto ós datos de facturación das produtoras galegas, pasou de 2.154 millóns de pesetas en 1994 a 5.693 en 1999, o que indica un crecemento neste período do 165%.

<p>Facturación das produtoras galegas segundo o destino xeográfico da venda (en miles de pesetas)</p> <p>1994-99</p>
--

	1995	1996	1997	1998	1999
c i n o	2 154 669	2 405 012	3 125 496	4 064 045	5 693 450
c i n n i c i	83	81	82	78	67
c i n n s	17	19	16	21	32
c i n n o s n i o	0	0	2	1	1


Por destino das vendas, Galicia é o principal mercado destas empresas, cunha importancia que alcanza neste período unha media do 78%, cun máximo en 1995 do 83% e un mínimo en 1999 do 67%. En números absolutos, o volume de negocio en Galicia das produtoras pasa de 1.788 millóns de pesetas en 1995 a 3.815 millóns de pesetas en 1999, o que supón unha variación do 113% para todo o período.

En canto ás vendas en España, pásase de 366 millóns de pesetas en 1995 a 1.822 millóns de pesetas en 1999, cun crecemento do 398%. As empresas de produción de Galicia que máis venderon durante ese período no mercado estatal foron Vídeo Voz S.A. e Continental Producciones S.A. Por último, as exportacións incrementáronse espectacularmente, aínda que as cifras totais son pequenas.

Resultado contable das produtoras galegas (en miles de pesetas). 1995-99					
	1995	1996	1997	1998	1999
s o	76 080	86 408	175 715	253 962	299 156
s o io	2 536	2 541	4 749	6 349	6 799

Polo que se refire ó resultado das actividades das produtoras galegas aumentou desde os 76 millóns de pesetas en 1995 ós 300 de 1999, variación que supón un incremento do 295% para o período mencionado.

En canto ó resultado medio por produtora, pasouse de 2.536.000 pesetas por empresa en 1995 a 6.799.000 en 1999, o que supuxo un crecemento do 168%.



En canto ás fontes de financiamento, destaca a utilización das entidades financeiras como primeira opción, cun 44%, seguida de cerca



polas achegas de recursos propios, a publicidade, a venda de dereitos de antena ou mesmo os propios clientes (36%) e, finalmente, as subvencións públicas, que representan un 16%. O índice de endebedamento das produtoras galegas -entendido como o cociente entre os recursos alleos e os recursos propios- é do 68%.

Polo que se refire á carteira de clientes das empresas audiovisuais, a Televisión de Galicia é o principal –e, ás veces, único- comprador de vintedúas das produtoras. A porcentaxe media de participación do mellor cliente no total da facturación das empresas seleccionadas ascende ó 49,83%, e, en catro delas, é superior ó 90%.

En canto ós datos de emprego, os traballadores das produtoras galegas pasaron de 349 en 1995 a 792 en 1999, o que sinala un crecemento do emprego xerado do 127%.

Datos de emprego das produtoras. 1995-99					
	1995	1996	1997	1998	1999
o s o is	349	417	616	656	792
o s i os	38	33	25	26	34
o s o is	62	67	75	74	66

O número de empregados con carácter fixo decreceu entre 1995 e 1999 en termos relativos, mentres que o de traballadores temporais medrou. A cadro de persoal medio evolucionou lixeiramente, pasando de ter dez traballadores en 1995 a trece en 1999.

En resumo, considerando as variables citadas -facturación, resultado contable e emprego-, compróbase o superior crecemento do resultado no intervalo 1995-99 (datos homoxéneos), cun 295%; seguido do crecemento do emprego cun 127%; e do aumento da facturación, cun 113%. Todo isto conflúe nun forte crecemento do resultado por traballador, o que reflicte a boa saúde do sector. Os seus subsectores verémolos seguidamente con maior detalle.

A produción cinematográfica en Galicia

As produtoras cinematográficas detectadas son dezanove, entre as que existe un grao de desigualdade notable no que se refire ó número de proxectos que asumen e á súa envergadura. Deste modo, empresas como Producciones Sierra Madre, A.C. Chaos ou Miguel Asensio Producciones acometen fundamentalmente a produción de curtametraxes, mentres que outras como Atlántico Films, Continental Producciones, Adai Films ou Vici contan xa con varias longametraxes no seu haber.

A antigüidade media destas empresas remóntase a comezos dos noventa (a máis veterana é Abrago Films, de Miguel Castelo, creada en 1979). Só o 23% das produtoras cinematográficas son posteriores a 1995 e moitas delas naceron doutras anteriores, históricas na produción cinematográfica galega, como é o caso de Espello Vídeo Cine, de Xoán Cabanas Cao (agora en Adai Films e en Vici Producciones), Videotrama, de Xavier Villaverde (actualmente en Continental Producciones) ou Producións Cinematográficas Non si, de Ignacio Vilar (agora en Vía Láctea Films). Por distribución xeográfica, o 82% concéntrase na provincia da Coruña, seguida de Pontevedra co 12% e de Ourense co 6%.

No que se refire á forma xurídica que adoptan as produtoras cinematográficas galegas, predominan as sociedades limitadas e só unha é sociedade anónima, ademais dalgunhas sociedades cooperativas e unipersoais. Tal como vimos para o conxunto do sector, conséntase unha tendencia á capitalización, a xulgar pola evolución na contía media do capital social entre o momento da fundación da empresa e o momento actual.

O índice de especialización destas empresas é do 83%, é dicir, máis de 4/5 da facturación é orixinada por producións cinematográficas. Este grao de especialización provoca que, dado o reducido número de producións cinematográficas xeradas ou financiadas por estas empresas, non dispoñan dun fluxo continuo de ingresos, senón que sofren variacións

bruscas na facturación, coa conseguinte inestabilidade económica, laboral e de todo tipo.

A facturación das produtoras galegas de cine incrementouse no período 1994-99, pasando de 219 millóns de pesetas a máis de 800 millóns, o que representa un crecemento do 280%.

Con respecto á facturación por empresa, tamén se incrementou ata situarse en torno ós 83 millóns de media en 1999, media pouco representativa pois só dúas ou tres empresas superaban realmente esa cifra (*Continental Producciones, Atlántico Films*).

Unha peculiaridade destas produtoras vén dada polo longo período medio de maduración dos proxectos cinematográficos, é dicir, a cantidade de tempo que pasa desde que se inviste ata que se recupera o diñeiro, consecuencia da duración da fase de xestación do proxecto, deseño e escritura do guión, desenvolvemento e rodaxe, etapas que non producen ingresos para a produtora.

Polo que se refire ó resultado das produtoras de cine, seguindo a tendencia da facturación, incrementábase de maneira importante, pasando de 7.7 millóns a 48.4 millóns en 1999, o que supón un incremento do 526,7% no resultado total do subsector. Este crecemento é consecuencia do aumento no número de espectadores das producións xeradas en Galicia e da mellor elección das películas coproducidas por estas empresas.

En canto á fonte de financiamento máis importante destas empresas é, con diferenza, o das subvencións, fundamentalmente da Xunta de Galicia e do ICAA. Esta fonte financeira supón un 48% con respecto ó total. A continuación, figura un grupo de "outras", co 27%, que se corresponde coas contribucións de recursos propios e coa venda de dereitos de antena ás cadeas de televisión. Seguidamente figuran as entidades financeiras, que achegan o 20% do financiamento destas produtoras, ocupando as sociedades de garantía recíproca o outro 5%. Esta distribución do financiamento difire substancialmente da do sector de forma agregada, na que as entidades financeiras representan un papel moito máis importante. Como xa se expuxo amplamente na análise do contorno financeiro, a ausencia desta fonte de financiamento no panorama cinematográfico galego é consecuencia da reticencia xeral da banca a emprender proxectos arriscados como unha película.

A cifra media de empregados das produtoras de cine pasa de 107 traballadores en 1994 a 146 en 1999, cun certo estancamento na cifra de traballadores fixos e un maior crecemento na dos temporais. O número

medio de empregados por empresa de produción de cine en Galicia duplicouse (de 9,7 persoas en 1994 a 20,87 en 1999).

A produción videográfica e de televisión en Galicia

O factor diferencial destas empresas con respecto ó resto das subsectores é que, dedicándose á xeración de contidos audiovisuais, as súas producións van destinadas fundamentalmente á emisión por televisión ou ó vídeo, xa sexa a través de programas informativos, series televisivas, magazines, documentais ou docudramas, ou anuncios publicitarios e vídeos institucionais, entre outros xéneros.

En Galicia hai 115 empresas cunha actividade que está relacionada co medio televisivo e videográfico, das que 74 son produtoras, 37 televisións locais (a maior parte delas con produción propia no que se refire a espazos informativos e a magazines) e 4 televisións autonómicas ou nacionais con espazo de desconexión, que tamén contan cos seus propios medios de produción.

En canto á antigüidade das produtoras de vídeo e televisión, a data media é 1993; o 23% son posteriores a 1995, o que acredita un subsector netamente novo. A distribución xeográfica concéntrase na provincia da Coruña (57%), seguida de Pontevedra (32%). Respecto á forma xurídica das produtoras videográficas e televisivas galegas, o 90% son sociedades limitadas.

A cifra media de socios destas empresas é de 2,55, cunha participación media do socio maioritario do 59,57%, dato inferior á media das produtoras galegas. Iso pode interpretarse, o mesmo que ocorría no caso das produtoras de cine, como unha tendencia á unipersonalidade encuberta nestas sociedades, cun accionista maioritario que posúe a maioría do capital social.

Tódalas produtoras identificadas son de titularidade privada e sete delas pertencen a grupos empresariais: trátase de Producciones Vigo S.L., que está integrada no grupo ACEIMAR; CTV do Grupo Araganey; Zenit Multimedia do Grupo Gestmusic Endemol; Noroeste de TV e Radio, Editorial Compostela; La Región Ourense e Productora El Progreso, dos seus respectivos grupos de comunicación. Tamén no caso das produtoras videográficas se percibe unha tendencia á capitalización, posto que a contía

do capital social medio se multiplicara por tres desde o momento da constitución das empresas ata o ano 2000.

En canto ó índice de especialización das empresas que traballan en vídeo e televisión, non é demasiado alto, xa que oscila entre o 21,7% de televisión e o 24,2% de vídeo. Estes reducidos índices son positivos desde o punto de vista da diversificación de riscos, aínda que denotan unha escasa especialización nas actividades desenvolvidas. De feito, son varias as produtoras que realizan actividades nos sectores de vídeo e televisión e que tamén producen multimedia ou mesmo cine.

A facturación das produtoras galegas videográficas e de televisión identificadas incrementouse durante o período 1994-99, pasando de 1.304 millóns de pesetas ó inicio do intervalo a 3.855 en 1999. O crecemento de facturación foi do 195,59%, superior ó global da industria audiovisual en Galicia. Con respecto ás magnitudes medias, a facturación por empresa tamén variou, pasando de 108 millóns de pesetas en 1994 a 104 millóns en 1999. Estas magnitudes medias están determinadas polo volume de negocio de produtoras como CTV ou Vídeo Voz. Seguindo a tónica xeral da industria audiovisual galega, o destino máis frecuente das vendas das producións de vídeo e televisión destas empresas é Galicia, con porcentaxes superiores ó 90% en todo o período, aínda que a tendencia indica que se avanza na senda da apertura de mercados non domésticos.

A Televisión de Galicia aparece como o mellor cliente de quince das produtoras detectadas. A moita distancia, séguela en orde de importancia o mercado español, que ofrece unha traxectoria claramente ascendente, pasando de tan só un 1,66% en 1994 a case un 6% en 1999.

Polo que se refire ó resultado das produtoras de vídeo e televisión, tal e como ocorría coa facturación, o resultado incrementouse de maneira importante no intervalo 1994-99, pasando de 30 millóns de pesetas ó inicio do período a 183 millóns ó finalizar, o que supón un incremento do 521% no resultado total do subsector. O resultado medio por empresa pasou de 2,6 millóns de pesetas a 7,6 en 1999, dato que confirma a impresión da boa traxectoria do audiovisual galego.

A fonte de financiamento máis importante destas empresas son as entidades financeiras, a través de préstamos e créditos, fonte que alcanza un 48% do financiamento total. A continuación, co 38%, figuran as achegas de recursos propios e adiantos de clientes. As subvencións supoñen só o 10% das fontes de financiamento dos proxectos emprendidos por estas empresas. Esta distribución do financiamento aproxímase moito á das produtoras galegas en xeral, aínda que lles outorga unha importancia menor ás axudas institucionais e da Administración.

Por último, en canto ás cifras de emprego, a media de empregados das produtoras de vídeo e televisión pasou de 162 traballadores en 1994 a 502 en 1999, o que supón un incremento do 210%, manténdose estable a cifra de traballadores fixos e cun importante crecemento dos temporais.

O sector da produción de animación en Galicia

As empresas de animación localizadas en Galicia dedícanse, principalmente, á creación de debuxos animados (xa sexa a través do sistema tradicional ou por ordenador) e, nalgúns casos, á animación en plastilina, polo que sempre se incluían no sector multimedia, en vídeo ou, incluso, en cine. Sen embargo, a importancia desta actividade no ámbito galego, as súas novas demandas en canto a profesionais e, fundamentalmente, a eclosión da animación galega trala estrea da longametraxe *O bosque animado*, aconsellan considera-la actividade como un subsector diferenciado.

En Galicia hai oito produtoras de animación, cunha data de creación que se sitúa arredor de 1996, máis recente có resto da industria audiovisual galega. A distribución xeográfica concéntrase na provincia da Coruña (o 74% das produtoras de animación), seguida de Pontevedra e Ourense.

En canto á forma xurídica que adoptan as produtoras de animación galegas, máis da metade son sociedades limitadas e, nalgún caso, son empresarios individuais. A cifra media de socios destas empresas é de 2,4, cunha participación media do socio maioritario do 64%, dato superior á media tanto das empresas da industria audiovisual galega coma das produtoras, polo que unha vez máis se aprecia a tendencia á unipersonalidade encuberta nestas empresas, cun accionista maioritario que posúe a maioría do capital social. Tódalas produtoras de animación son de titularidade privada, e unha delas, Bren Entertainment, S.A., pertence ó grupo empresarial Filmax. O capital social total actual destas empresas ascende a 603 millóns de pesetas, cun capital social medio por empresa superior á media da industria audiovisual en Galicia (dato determinado pola elevada contía do capital propio de Bren Entertainment, 250 millóns de pesetas, e Dygra Films, 345 millóns).

O índice de especialización destas empresas que operan no subsector da animación non é demasiado alto e acada un valor do 28,3%. Isto débese a que algunha das empresas teñen a animación na súa carteira

de productos, pero desenvolven outras actividades dentro da industria audiovisual, como é a produción multimedia, de vídeo ou de publicidade. Bren Enterteinment é a única que está plenamente dedicada á produción de debuxos animados.

A facturación das productoras galegas de animación incrementouse no período 1994-99, pasando de 64 millóns a 346 millóns en 1999. O crecemento operado por esta variable foi do 440%, dato moi superior ó global da industria audiovisual en Galicia. Non se computaron aínda os efectos da eclosión da animación en Galicia impulsada pola estrea de *O bosque animado* e o lanzamento das series de debuxos animados producidas por *Bren*, factores que fan pensar que no período 2002-2003 o volume de negocio deste sector se multiplicará.

Seguindo a tónica xeral da industria audiovisual galega, o destino máis frecuente das vendas das producións de animación destas empresas é Galicia, con porcentaxes que oscilan entre o 98,34% en 1994 e o 92,59% en 1999.

Polo que se refire ó financiamento, a fonte máis importante é a de “outras”, que se refire a recursos propios e anticipos de clientes (41% do total). A continuación figuran as entidades financeiras, co 32%; en terceiro lugar, as subvencións, co 16% das fontes de financiamento; por último, as sociedades de garantía recíproca, que alcanzan o 11%, porcentaxe moi superior á media do sector.

En canto ó emprego, a cifra media de empregados das productoras de animación pasa de 10 traballadores en 1994 a 90 en 1999, o que supón un incremento do 790%, crecemento empuxado basicamente polos aumentos de cadro de persoal de Dygra e Bren Enterteinment S.A.

O sector da produción multimedia en Galicia

A cifra de empresas galegas dedicadas á produción multimedia é de vintedúas, considerando só as que se dedican prioritariamente á creación de contidos multimedia, pois hai outras moitas que desenvolven esta actividade con carácter secundario.

A data de creación destas empresas -en torno a 1994- é máis recente cá da media do sector audiovisual, o que confirma a súa xuventude e novidade. A empresa máis antiga do subsector é Dygra, que data de 1987, e as máis recentes son Esferobite S.C., Triade S.L. e Zenit Multimedia S.A., de 1998-99.

A distribución xeográfica está moi concentrada na provincia da Coruña (o 66% do total), seguida de Pontevedra (o 29%) e Lugo. Polo que se refire á forma xurídica, o 85% son sociedades limitadas. O capital social total das empresas multimedia ascendía en 1999 a 290 millóns de pesetas, e o inicial era de 261 millóns. Advírtese unha tendencia a mellora-la escasa capitalización do subsector. O capital social medio actual é de 22.324.461 pesetas, aínda que é certo que -como xa se dixo ó falar de animación- estes datos están desvirtuados pola cifra de recursos propios de Bren Enterteinment S.A., que naceu cun capital de 250 millóns de pesetas. En resumo, trátase de empresas escasamente capitalizadas.

Polo que se refire á facturación das produtoras de multimedia, a súa cifra de negocio total pasou de 92 millóns de pesetas en 1994 a 656 millóns en 1999, o que implica un crecemento da facturación multimedia do 610%. A empresa de maior dimensión con respecto á facturación é, actualmente, o grupo Galicia Media.

En canto á distribución desta facturación por destinos xeográficos, Galicia segue sendo, en termos xerais, o mercado maioritario, **cun do mercado local** do 92,47%, dado o carácter doméstico de parte destas producións, como son as páxinas web ou os CD Roms para catálogos de produtos.

A facturación das empresas galegas de multimedia en España supuxo para o período 1994-99 unha media do 3,19%, con tendencia a crecer; así, en 1999 a facturación fóra de Galicia ó resto de España foi do 14,4%.

Polo que se refire ó financiamento das empresas de multimedia, os recursos propios e de clientes representan o 49% das fontes actuais de financiamento. As entidades financeiras representan un 47% e o resto do financiamento procede de subvencións ou de sociedades de garantía recíproca. A peculiaridade máis destacada en canto ó financiamento deste subsector multimedia é o escaso peso que acadan as subvencións, con só o 4% do total de media.

O índice de especialización alcanzado por estas empresas é relativamente baixo, cun valor que rolda o 54%; é dicir, menos do 60% da facturación total destas empresas vén da produción multimedia. Por outro lado, a importancia do principal cliente con respecto ó total da facturación destas empresas é do 26%, dato inferior ó da media global do sector. De tódolos xeitos, os clientes destas produtoras adoitan ser empresas para servicios de creación de páxinas de Internet, confección de CD Roms de catálogos ou anuarios, ou mesmo usuarios dos programas de entretemento.

Para rematar, os datos laborais das empresas galegas de produción multimedia indican un cadro de persoal total que pasa de tan só catorce traballadores en 1994 a cincuenta e cinco en 1999, o que supón un **crecemento do... por cento**. Relacionando os datos de facturación e de emprego, advírtese que a facturación crece de maneira continuada, mentres que a cifra de traballadores experimentou un relativo estancamento.

IV. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

“No motion without promotion” (Viviane Reading, comisaria europea de Cultura)

Contorno e diagnóstico

En 1999 había 174 empresas en España que se dedicaban á distribución de películas (ou produtos de ficción e afíns). A súa facturación, segundo o último censo do INE, datado no 97, foi de 76.371 millóns de pesetas, dos cales 43.808 corresponderon a ingresos por explotación de películas en salas de cine. Neste subsector apréciase unha gran concentración da actividade empresarial, de forma que unhas poucas empresas (que ademais son norteamericanas) controlan cerca do 65% desa actividade.

Isto non fai máis que constatar con cifras o control absoluto das *majors* multinacionais do mercado da distribución. Estas *majors* son empresas que, polo xeral, teñen fixados acordos de distribución inamovibles cos grandes estudos e produtoras de Hollywood.

O principal obstáculo que crean estas grandes empresas distribuidoras á difusión do cine que non forma parte do circuíto comercial norteamericano reside na súa capacidade de presión á hora de negocia-la venda de películas cos exhibidores: as vendas que realizan seguen o método de “paquetes”, que consiste en obrigar á compra de películas comerciais de orzamento medio norteamericano a cambio da proxección de grandes superproduccións que, ó fin e ó cabo, son aquelas que lle reportan maior beneficio ás salas.

Este mecanismo viciado fai moi difícil a chegada ós cines de películas que non sexan distribuídas masivamente por estas empresas. A isto engádeselle o feito de que nos últimos tempos son -tamén- os grandes estudos os propietarios de numerosos multicines abertos en centros comerciais, polo que as producións que se proxectan nestas salas se limitan ó catálogo do estudio correspondente.

Os cines que non pertencen a multinacionais tamén teñen dificultades para escapar das imposicións de produtoras e distribuidores. Recentemente, a Asociación Española de Exhibidores decidiu levar a Buenavista Internacional ante o Tribunal Europeo da Competencia polas condicións abusivas que impoñía para a proxección dun dos seus últimos filmes: *Pearl Harbour*.

Por un lado, Buenavista obrigaba os exhibidores á compra da película de animación *As loucuras do emperador*. Por outro lado, o esquema de reparto de beneficios obrigaba os donos das salas a cederlle a Buenavista unha media do 50% da recadación durante case dous meses.

Se esta situación xa é sangrante no ámbito estatal en xeral, no caso galego as consecuencias que ten para o mercado audiovisual propio son moi negativas. É xusto, sen embargo, anotar no activo o exemplo de Buenavista Internacional, o apoio da cal á distribución internacional de *O bosque animado* sentou un precedente histórico e debería servir de modelo a outras distribuidoras americanas.

Ante esta realidade caben dúas liñas de actuación:

- Por unha parte, unha liña proteccionista que se basee no apoio institucional á produción propia (galega, española e europea) por medio do establecemento de cotas de pantalla decretadas e subvencións á proxección de filmes *made in UE*. O modelo que hai que seguir ó respecto debe inspirarse no marco normativo europeo.
- Por outra parte, a busca de colaboración coas grandes multinacionais da distribución e produción (caso de *O bosque animado*).

Ó problema da distribución engadirémoslle o da promoción. Un recente estudio realizado polo ICAA demostra que, dentro dos orzamentos nos que as produtoras se desenvolven para a realización de filmes, curtametraxes ou documentais, a partida máis modesta é sempre a que se destina a plans de promoción, márketing e comunicación. Á inversa do que, *grosso modo*, practica Hollywood. A ausencia dunha estratexia de venda e promoción na maior parte das producións é un mal que significa a “inexistencia” pública e mediática da produción audiovisual galega e o seu descoñecemento polo público en xeral.

Este ocultamento leva a unha falta de interese entre os potenciais espectadores, contraproducente para a conta de resultados das produtoras cinematográficas. De nada serve que un produtor executivo deposite todo o seu esforzo e diñeiro nunha obra e que un director achegue todo o seu talento, se o público ó que va dirixida tal obra non chega a coñecer nunca o verdadeiro alcance da produción e a estrea pasa inadvertida. A tendencia a seguir márcaa novamente o mercado estadounidense, que cada vez lle concede maior importancia á estratexia promocional das producións, adquirindo especial relevancia nos últimos tempos as novas tecnoloxías e os novos soportes (*web sites, CD Roms, e-card, etc.*)

Por último, e como feito que hai que ter en conta, está o chamado “drama das copias”. As multinacionais da distribución que, finalmente, deciden apostar por producións alleas ó mercado estadounidense castigan doutra forma os pequenos produtores: coa distribución dun escaso número de copias nos cines. Quizais un modelo que se debera seguir e un horizonte de esperanza se abren co exemplo de Dygra e o seu *Bosque animado*, que conseguiron salvar con éxito case tódolos obstáculos de distribución que tan penosamente cinguen e constrinxen a boa fin comercial e a chegada ó público das longametraxes galegas.

V. FORMACIÓN

“Aprender na sociedade da información significa aprender a aprender, e aprender durante toda a vida” (Manuel Castells)

Antecedentes

O contorno do sector audiovisual é altamente cambiante e xera necesidades de formación que se modifican a gran velocidade. Traballos, oficios e tarefas que hai un ano ou dous meses eran importantes na cadea de produción caen en desuso e nacen novos traballos e actividades que requiren formación específica. Froito desta evolución acelerada –que afecta a todo o contorno das novas tecnoloxías da información- é unha oferta educativa e formativa non sempre axustada á realidade, senón máis ben desordenada e mesmo anárquica.

Os axentes educativos son moitos e non actúan suxeitos a unha planificación previa; o resultado é unha oferta educativa en FP e universidades, por un lado, reiterativa (duplicanse ensinanzas) e, por outro lado, obsoleta e desfasada (ofértanse programas alleos á realidade do sector). Así, os estudantes que están agora en FP ou na universidade poden chegar ó mundo laboral dentro de dous, tres ou catro anos con serias deficiencias na súa formación, que deben atallarse no ámbito profesional mediante os programas de formación continua.

Por este motivo, a formación continua dos técnicos e profesionais que traballan diariamente en Galicia no sector audiovisual foi para a AGAPI unha preocupación constante desde a súa creación e segue a selo na actualidade. A continuación non nos estenderemos sobre aspectos da formación ocupacional ou regrada (profesional, universitaria, posgrao, etc.), nin sobre outras cuestións que inciden directamente sobre a calidade formativa dos profesionais do sector. A AGAPI promoveu conxuntamente coa Consellería de Familia un exhaustivo *Estudio sobre as necesidades de formación do sector*, a próxima publicación do cal nos escusa de afondar máis neste apartado. Remitímonos expresamente ás conclusións dese estudio sobre as que deben formularse as liñas de traballo do sector en materia de formación nos próximos anos.

Sen embargo, e a modo de reflexión, debemos repasa-la actividade realizada pola AGAPI nos últimos anos en materia de formación continua e ocupacional, dirixida non só ós traballadores pertencentes ás empresas desa asociación, senón a tódolos traballadores do sector. Nestes últimos anos, a AGAPI promoveu un total de 36 cursos e oito seminarios, entre eles algúns tan significativos como os impartidos por Guy Meredith, Linda Seger e Jaime Chavarri, ou o TRAM Multimedia, de proxección internacional. Estas actividades contaron coa presenza dun total de 684 alumnos; impartíronse

1.616 horas de formación e as actividades formativas realizadas significaron un investimento en formación superior ós 50 millóns de pesetas.

Para a súa realización, a AGAPI contou coa axuda directa da Xunta de Galicia (principalmente da Consellería de Cultura, pero tamén coa do CGAI e o IGAPE), de FORCEM e de EGEDA.

Tamén debe salientarse a colaboración coa EIS da Coruña (“Cero en conducta”) e a asesoría técnica de Soluziona. Malia esta intensa actividade formativa, a AGAPI non tivo persoal especializado dedicado por enteiro á programación e coordinación de cursos e seminarios, o que produciu desaxustes e conduciu, tras un período de reflexión, á realización do estudo de necesidades de formación do sector, acordado pola Xunta Directiva o 4 de xuño de 1999.

ACTIVIDADE FORMATIVA REALIZADA POLA AGAPI NOS ÚLTIMOS ANOS	
1997	
o	Curso de Guión, impartido por Guy Meredith [Xunta/EGEDA]
o	Seminario de Análise de Guión, impartido por Linda Seger [Xunta/EGEDA]
o	Seminario de Financiamento Audiovisual (con participación do BEX, ICO, AFIGAL e IGAPE). [Xunta/EGEDA]
o	Curso de Márketing Audiovisual, impartido por Paco Rodríguez [Forcem]
o	Curso e Producción de TV, por Manuel Serrano [Forcem]
o	Curso de Producción de Cine, por Joseán Gómez [Forcem]
o	Curso de Guión, por Juan Calvo [Forcem]
o	Curso de Posproducción en AVID, por AVID Center [Forcem]
o	“Cero en conducta” [EIS/CGAI]
1998	
o	Orzamentos para Cine, por Joseán Gómez [Forcem]
o	Liderado Empresarial I, por Norconsult [Forcem]
o	Habilidades Interpersoais I, por Norconsult [Forcem]
o	Organización de Rodaxe, por Iñaki Ros [Forcem]
o	“Cero en Conducta” [EIS/CGAI]
1999	
o	Xornada sobre Cooperación Empresarial” [CEG/EGEDA]
o	Curso de Dirección de Actores, por Jaime Chavarri [Xunta/CGAI]
o	Seminario de Xestión de Proxectos Multimedia [TRAMP/Xunta]
o	“Cero en Conducta” [EIS/CGAI]
o	Xornada sobre Distribución, por Marco Meere [EIS]
o	Habilidades Interpersoais II, por Norconsult [Forcem]
o	Liderado Empresarial II, por Norconsult [Forcem]
2000	
o	“Cero en Conducta” [EIS/CGAI]
o	Xornada Informativa sobre “Os mercados do documental”
o	Xornadas sobre o Plan Estratégico (3)
o	[Non se realizaron cursos FORCEM]

ACTIVIDADE DA AGAPI EN FORMACIÓN CONTINUA			
Actividades	Anos	Ocupación	Costes
1997			
Curso Guy Meredith	15	100	2.000.000
Seminario Linda Seger	30	40	6.209.920
Cursos FORCEM 97 (5 cursos)	110	200	6.750.000
Seminario de Financiamento	20	8	1.000.000
“Cero en Conducta” (6 cursos)	60	240	5.450.000
1998			
Orzamentos para Cine	13	40	1.250.000
Liderado Empresarial I	30	30	1.500.000
Organización de Rodaxe	12	40	1.250.000
Habilidades Interpersoais I	30	30	1.250.000
“Cero en Conducta” (6 cursos)	60	240	5.450.000
1999			
Xornada sobre Cooperación Empresarial	20	8	1.000.000
Curso de Dirección de Actores	14	40	1.258.600
Xornada sobre Distribución	20	8	468.824
Seminario Multimedia TRAMP	30	24	2.550.189
Cero en Conducta (6 cursos)	60	240	5.450.000
Liderado empresarial II	30	30	1.500.000
Habilidades interpersoais II	30	30	1.250.000
2000			
Cero en Conducta (6 cursos)	60	240	5.450.000
Xornada sobre Mercados do Documental	10	8	200.000
Xornadas sobre o Plan Estratégico	30	20	200.000
Total	684	1.616	51.437.533

* Datos elaborados a partir das Memorias anuais da AGAPI.

En cursiva os datos estimados.

Ano 2000: punto de inflexión

A decisión da Xunta Directiva foi o resultado da experiencia de varios anos realizando cursos e soportando desde a xerencia da AGAPI un peso excesivo na xestión destas actividades. O acordo de xuño de 1999 puxo en marcha a firma dun protocolo de colaboración entre a AGAPI e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (Anexo III).

Este protocolo, asinado con ocasión do curso celebrado en Poio en agosto de 2001, establece un amplo marco de colaboración entre a Consellería de Familia e o sector. Así, a AGAPI adquire a condición de interlocutor e mediador do sector audiovisual galego en materia de formación ante a Administración autonómica. Á súa vez, a Consellería de Familia achega a súa metodoloxía, documentación e o asesoramento do Observatorio Ocupacional. Ademais, o protocolo AGAPI-Familia tivo a virtude de establecer con esta consellería unha liña de comunicación fluída e estable, principalmente coa Dirección Xeral de Formación e Colocación e coa Dirección Xeral de Emprego. O protocolo deu xa os primeiros froitos.

Convenio para o Estudio de Necesidades

Tras ano e medio de xestións en decembro do ano 2000 asinouse o convenio para a elaboración dun *Estudio de necesidades formativas na produción audiovisual en Galicia*. O convenio ten asignado un orzamento de 12.000.000 de pesetas; a súa execución foi encargada pola AGAPI á consultora Soluziona e a publicación do traballo e presentación de conclusións está prevista para xaneiro de 2002. O grupo de traballo estivo formado por Arsenio Iglesias, Antonio Paz, Alejandra Fernández, Reyes Gámez Guardiola e José Antonio García Gallego, entre outros. A dirección da investigación encomendóuselle a unha Comisión de Seguimento integrada pola subdirectora do Instituto Galego das Cualificacións, Cristina Rubal, e o vocal de Formación da AGAPI, Valentín Carrera.

En canto ó contido, debe sinalarse que se trata dun estudio de “Análise ocupacional” que deberá completarse no futuro coa “Análise de competencias”. As “competencias” defínense no Sistema de Cualificacións Profesionais como “a capacidade de aplica-lo que se sabe para conseguir realiza-las actividades e funcións laborais de acordo cos niveis requiridos na produción e no emprego, e para soluciona-los problemas que se derivan dos cambios de produción. Vexamos, a modo de exemplo, cómo se define a “competencia” dun editor-montador de imaxe: “Edita ou monta imaxes con determinado ritmo e continuidade baseándose na expresividade de elementos conceptuais, formais e visuais, utilizando diferentes soportes e atendendo ás indicacións do director ou realizador, podendo achegar criterios propios. Axusta, opera e pode configurar os equipos técnicos de edición.” [Xunta de Galicia, Programas e Certificados, CD Rom, 2001].

A metodoloxía empregada –análise funcional- está validada polo Instituto Galego das Cualificacións e é coherente coa sistemática proposta polo Consello Xeral de Formación Profesional e o Instituto Nacional das Cualificacións, a homologación dos cales se pretende. O estudio foi validado polo Instituto Galego das Cualificacións e ratificado polas Xuntas Directivas da AGAPI e a FAPAE, o que lles dá ós seus resultados un alcance estatal e proxecta as conclusións desde Galicia cara a todo o sector audiovisual español.

Os obxectivos do estudio son:

- Diseñar un mecanismo de análise e detección de necesidades presentes e futuras de formación dentro do sector audiovisual (producción).
- Valida-la metodoloxía empregada para a súa homologación estatal.
- Afondar no coñecemento do sector e de toda a súa variable laboral.
- Redefini-las áreas profesionais e as ocupacións.
- Facilita-la programación de próximas accións formativas.

O estudio comprende unha primeira fase de análise do sector e dúas fases de traballo de campo: unha con expertos e outra coas empresas e traballadores. As entrevistas con expertos están permitindo facer unha descrición dos procesos productivos (por exemplo, cómo se fai un documental, unha curtametraxe, desde a primeira idea ata a súa estrea).

Coñece-lo proceso productivo completo permite identifica-las ocupacións e establece-lo perfil de coñecementos ideais. Seguidamente, no traballo de campo con empresas e traballadores indágase o perfil de coñecementos reais e complétase a análise sectorial laboral. O contraste entre o perfil de coñecementos ideais e os coñecementos reais ofrecerá unha primeira radiografía das necesidades formativas do sector.

Plan Galego de Formación Sectorial 2002

En paralelo ó *Estudio de necesidades*, avanzouse nun Plan de Formación 2001, presentado en outubro de 2001 á Consellería de Familia, no marco da Orde para accións complementarias, financiada polo Fondo Social Europeo, a execución do cal concluíu en decembro de 2001.

O resultado positivo desta experiencia móvenos, desde a AGAPI, a invitar outras entidades e asociacións sectoriais a pensar e deseñar conxuntamente para o ano 2002 un verdadeiro e máis ambicioso “Plan Galego de Formación do Sector Audiovisual”, no que non falten ningún dos axentes que realizan formación no noso sector, desde as asociacións empresariais e sindicais á CRTVG, pasando pola propia Consellería de Familia e, por extensión, a Xunta de Galicia no seu conxunto. En resumo, un sector definido como estratéxico demanda un plan de formación sectorial de alcance estratéxico.

Este futuro plan deberá incluír tamén a formación ocupacional, é dicir, tódalas accións dirixidas a traballadores desempregados (o denominado Programa FIP). Ó respecto, desde a AGAPI expresámo-lo noso propósito de que o FIP para o sector audiovisual non se limite á familia Información e manifestacións artísticas; debe abranguer outras especialidades incluídas agora na familia de Servicios ás empresas, tales como Deseño de páxinas web, Iniciación ó multimedia, etc. A formación ocupacional é un motivo de preocupación para as empresas do sector e deixamos constancia do interese do sector en participar en próximas convocatorias FIP. Isto non poderá facerse, sen embargo, sen establecer antes un marco estable e sólido de colaboración coas empresas e escolas actualmente xa homologadas pola Consellería de Familia para impartir formación ocupacional (Escola de Imaxe e Son de Vigo, CTV, etc.).

Polo demais, hai outros axentes sociais implicados na formación audiovisual –escolas de FP públicas e privadas, másters e centros especializados, facultades universitarias, etc.–, cunha actividade que demanda unha maior ordenación e converxencia cara a obxectivos compartidos. Obviamente, todo isto deberá ser obxecto de consideración

futura –tal vez no seo do Consorcio do Audiovisual-, pois excede o ámbito deste Plan Estratéxico.

Os obxectivos formativos dese futuro Plan 2002 serían:

- o Detectar e defini-las necesidades de formación
- o Mellora-la formación dos socios (aspecto empresarial)
- o Incidir na formación de todo o sector
- o Coordina-la formación audiovisual non regrada
- o Programa de bolsas e aprendizaxe de idiomas
- o Acordos para teleformación (creación de contidos)

Bolsas de estudos

Dentro das necesidades de formación continua, debemos ser conscientes de que non temos nin a demanda suficiente nin a capacidade para traer a Galicia tódolos cursos que os nosos profesionais necesitan, polo que interesaría establecer unha nova liña de actuación para permitir que profesionais con proxección saian a estudar fóra.

Tamén neste apartado habería que establecer unha división entre os cursos de posgrao ou similar e os cursos de formación continua. Para ámbalas modalidades cómpre crear un conxunto de bolsas para a formación dos profesionais galegos. O ideal sería crear un sistema de bolsas de estudos semiautomático, como existe en Irlanda, en que se puidera cubrir unha porcentaxe dos gastos que supón asistir a estes cursos. No caso dos cursos de formación de posgrao (European Film College, New York Film Academy, MEGA MEDIA e similares), habería que establecer un sistema de bolsas *a priori* que cubrira non só a matrícula, senón tamén o transporte, os gastos de manutención e aloxamento, xa que é básico que o bolseiro non teña outra ocupación máis que aprender. Para formación continua, poderían ser bolsas *a posteriori* ou convenios cos distintos centros formativos.

Outra necesidade formativa importante son os idiomas. Se está claro que o mercado internacional é prioritario para este sector, e que debemos intentar apoiar tódalas iniciativas destinadas a traer rodaxes a Galicia, enfrontámonos coa crúa realidade de que son moi poucos os profesionais cun nivel de idiomas axeitado. Tal vez sexa agora o momento de ver se é necesario iniciar unha liña de actuación ó respecto para solventar esta carencia, sendo evidente que o inglés é a prioridade número un, aínda que non habería que esquecer, pola importancia do seu mercado audiovisual, o francés e o alemán.

Dentro do sistema de bolsas proposto, poderían incluírse os cursos de maior interese, dos que enumeramos algún a título ilustrativo:

Xestión

ACE (Programa de desenvolvemento de proxectos de longametraxe)
STRATEGICS (Márketing de cine)
CARTOON (Seminarios sobre animación)
EAVE (Talleres de desenvolvemento)
INTERACTIVE MEDIA BUSINESS SCHOOL (Xestión de proxectos multimedia)
TELEVISIÓN BUSINESS SCHOOL (Desenvolvemento de proxectos de televisión)
FILM BUSINESS SCHOOL (Desenvolvemento de longametraxes)
MEGA MEDIA (Máster en xestión audiovisual)
FASTLANE (Prácticas en Polygram)
Novas tecnoloxías
European Digital Arts Babelsberg (Seminarios sobre novas tecnoloxías)
Guión
ARISTA (Taller de edición de guión)
PILOTS (Taller de desenvolvemento de guións)

Conclusión

A modo de conclusión, diremos que as principais propostas en materia de formación suxeridas pola AGAPI neste Plan Estratéxico 2002-2005 deben ser consensuadas cos axentes formativos da Administración autonómica e sometidas a discusión co propio sector e con expertos e profesionais especializados. De todas elas, destacan dúas:

> **Escola Superior de Cinematografía no 2003:** As tres escolas de formación profesional audiovisual existentes en Galicia deben ter a súa continuación natural nunha Escola Superior de Cinematografía, dependente da Consellería de Educación. A este respecto, debe considerarse a recente iniciativa da Escola de Imaxe e Son de Vigo, que asinou un acordo de cooperación coa Escola de Cine de San Antonio de los Caños (Cuba).

> **Escola de Arte Dramática:** Iniciativa que se pode desenvolver en colaboración co CDG e os profesionais (actores, dobradores, etc.) implicados.

Unha e outra deben ser debatidas no seo do Consorcio do Audiovisual, organismo que ten importantes competencias, encomendadas pola Lei 6/99, en materia de formación. En concreto, o art. 8 desa lei sinala como obxectivos que se deben alcanzar en materia de formación os seguintes:

*Promover e potencia-lo ensino do audiovisual e das novas tecnoloxías interactivas na práctica docente da educación.
Promove-la investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector audiovisual.*

En consecuencia, é desexable que o Consorcio do Audiovisual de Galicia teña tamén competencias en materia de formación, pois está chamado a se-lo órgano de coordinación da política sectorial audiovisual en tódalas áreas e, loxicamente, tamén na de formación.

VI. CULTURA EMPRESARIAL

“Hai algúns anos, no audiovisual galego $2+2$ era igual a 3;
agora conseguimos unirnos e cooperar;
pero o noso obxectivo para o futuro é que $2+2$ sexa igual a 5”
(Pancho Casal)

Contorno da relación empresarial en Galicia

A Asociación Galega de Productoras Independentes pon este Plan Estratégico *encima da mesa* como culminación dun plan de traballo que baseou a súa actuación nas necesidades sectoriais máis que nas diferencias, que fixo causa común máis que enfrontar a iguais, que apostou, en definitiva, por dotar dunha voz os produtores audiovisuais, unha voz que se escoite alta e clara e chegue ás persoas adecuadas nos momentos oportunos.

Á hora de falar de estratexias empresariais de cooperación, a AGAPI é o mellor exemplo de cómo decisións colectivas e políticas sectoriais de interese común producen os mellores resultados. Creadas as pontes entre os terminais desa rede de interaccións que é o sector audiovisual -este Plan Estratégico é boa proba disto-, coas propostas que seguen inténtase dar, no futuro próximo, algúns pasos máis na cooperación empresarial. Pasos organizados en tres direccións:

- Redes de cooperación entre empresas
- Uso de Internet
- Plans de mellora e de calidade

Redes de cooperación entre empresas

- 1. Cooperación** no establecemento de liñas de apoio tecnolóxico.
- 2. Cooperación** na elaboración dunha guía de recursos da produción audiovisual. Englobaría a un importante número de profesionais *freelance* (técnicos e artísticos).
- 3. Cooperación** na realización de xornadas comúns organizadas segundo áreas temáticas da produción audiovisual. Propóñense cursos do tipo: “necesidades da produción de gráfica para documental”. Estas reunións articularían as peticións de cada área de traballo do mundo audiovisual e poderían ter como resultado a elaboración de follas de conclusións.
- 4. Cooperación** no apoio á coproducción como medio de xerar economías de escala e permiti-la entrada en novos mercados.
- 5. Cooperación** para facer fincapé en que as redes de colaboración entre empresas se amplíen ó cuadrante noroeste da península Ibérica (Galicia, Asturias, Norte de Portugal e Castela-León) polas afinidades socioeconómicas que caracterizan a estas rexións.
- 6. Cooperación** no desenvolvemento tecnolóxico e posibilidades de plans de desenvolvemento conxunto nas áreas de arquivo, plataformas de traballo, formatos e estándares de calidade e compatibilidade. Desenvolvemento dun conxunto de normas que faciliten o traballo conxunto baseadas en procedementos.
- 07. Cooperación** no aproveitamento de oportunidades de negocio conxuntas, insistindo na natureza cultural do produtor audiovisual, na súa capacidade futura de xerar emprego e na necesidade de lle dar saída á situación socioeconómica galega pola vía da innovación. O desenvolvemento do sector require que empresas galegas asuman a maior parte posible da produción audiovisual que en Galicia levan a cabo entidades públicas e privadas. Preténdese que a maior parte posible do valor engadido da actividade audiovisual quede en Galicia.

08. Cooperación especial na realización dos premios anuais do sector. Os premios levaron ata o 2001 o nome da AGAPI; pero entendemos que deben colectivizarse e ser representativos de todo o sector, sen excepcións. Os futuros Premios do Audiovisual Galego deben salienta-la calidade das producións e apoiar coa súa audiencia e co seu palmarés a traxectoria da industria audiovisual galega.

En tódolos sentidos, intentarase que o sector e a AGAPI no seu nome como elemento aglutinador e representativo agrupe tódalas reivindicacións, reclamacións e accións que sexan nun instante ou lugar comúns a máis dunha empresa do sector. É a lóxica imperante na organización dos movementos empresariais os resultados dos cales están encima da mesa da AGAPI.

09. Cooperación directa e específica entre empresas de posproducción e de son en busca da calidade total e a realización do proceso de produción enteiramente en Galicia.

Uso de Internet, o B2B e o comercio electrónico

A industria audiovisual está vinculada de saída ás novas tecnoloxías da información. A rede axiña permitirá transmisións audiovisuais que están en cueiros debido ó escaso ancho de banda proporcionado polos operadores. É nos contidos onde se xoga o futuro da rede e é aí onde incide a produción audiovisual como productora de orixinalidades e diversidade nun contorno globalizado. A rede prevé contidos e servicios audiovisuais baixo múltiples formas: *streaming*, vídeo *on demand*, *web-sites*, descarga de materiais, imaxes ou sons de arquivo, servicios de noticias, canles temáticas. Un amplo abano de posibilidades para o que convén estar preparados desde catro puntos de vista

Os espectadores ¿Que van querer?, ¿como?, ¿canto están dispostos a pagar?

Os produtores: ¿Como crearán os seus produtos?, ¿trátase dun produto multiplataforma, crearase especificamente para Internet ou a rede compartirá os materiais co DVD, coas televisións, cos cines, etc.?

Os pagamentos ¿Como van ser?, ¿quen os vai facer?, ¿como se rendibilizan os investimentos?

A rede ¿Cando fará xustiza á imaxinación dos creadores unha rede que permita o vídeo como agora permite as imaxes? ¿Cando falaremos sen problemas dun *streaming* de audio e vídeo de calidade aceptable? ¿Como afectará a súa situación periférica ás actividades do audiovisual galego vinculadas a Internet?

A responder esas preguntas diríxense varias liñas de pensamento-actuación:

01. Internet para o arquivo e a catalogación. Insistimos na importancia do arquivo e das bases de datos de audiovisual. O audiovisual

galego traballa xa cun arquivo importante de materiais resultado dos seus anos de traballo. É importante a catalogación tanto das películas e curtametraxes e vídeos de creación como daquel material audiovisual de importancia para a súa conservación. Os medios dixitais poden colaborar de forma eficiente na xestión deste material. A escala sectorial e das empresas e a escala individual. Non chega con te-la información, hai que encontrala rapidamente. Cómpre ter catálogos áxiles. A rede axuda.

02. Internet pero agora. A industria do contido depende do desenvolvemento tecnolóxico dos operadores de telecomunicacións. Non debe suceder que os avances técnicos, como a implantación de ADSL, se subordinen a intereses económicos dos operadores. Isto xera tremendas desvantaxes comparativas nos territorios menos favorecidos. Forma parte das reivindicacións do sector un acceso ás tecnoloxías da información en igualdade de condicións.

03. Internet na produción. As apostas tecnolóxicas son decisións estratéxicas que deben contar co apoio experto da industria e da Administración. Neste sentido, propónse elaborar un estándar de produción para o sector audiovisual que busque homoxeneiza-los procedementos, optimiza-los gastos e mellora-la calidade e a comunicación entre empresas. Na elección dese estándar é vital a participación de toda a industria. O asesoramento dos expertos e as experiencias que se poidan xerar dentro da AGAPI para decanta-lo sector por un e outro estándar.

04. Internet e B2B. O intercambio de profesionais e servizos audiovisuais dentro do sector audiovisual faino especialmente indicado para beneficiarse de iniciativas de Business to Business (B2B) a través de Internet. Un portal especializado B2B en Galicia, dedicado ó audiovisual e posiblemente integrado no da FAPAE, constituirá un decisivo motor de avance.

05. Internet como motor En canto á industria multimedia, debe ser outro motor excepcional que lle dea pulo a tódolos servizos de audio e vídeo que formen parte da web, os CD Roms ou DVD.

06. Internet e os seus cerebros creadores. A industria galega debe facer un esforzo por conserva-los seus cerebros máis valiosos en sectores onde a creatividade é o activo imprescindible. Iso conséguese con políticas

estables de emprego, bos salarios, opcións de formación, participación dos departamentos creativos na toma de decisións e posibilidades de afrontar proxectos de gran tamaño, calidade e competitividade. Noutro caso, os profesionais con talento marcharan a onde os aprecien, furando profesionalmente un mercado en ebulición. Neste sentido, é imprescindible insistir, como xa se dixo, na importancia dun plan de formación sectorial que incida nos aspectos das novas tecnoloxías.

Plans de mellora e calidade

Os plans de calidade están vinculados á satisfacción do cliente e o consumidor, á eficacia dos procedementos, á optimización de recursos, á xeneralización de estándares, á mellora da competitividade e á produtividade, á seguridade e saúde no traballo. Constitúen un elemento de diferenciación e garantía. Tanto é así, que tódolos sectores productivos tomaron parte no desenvolvemento de plans de calidade. Os plans de mellora e calidade no sector audiovisual están relacionados con:

01. Calidade na tecnoloxía e no establecemento de estándares de calidade dos soportes tecnolóxicos: perdas de calidade nos envorcados e tratamentos, conceptos de compresión, calidade dos soportes segundo as súas características técnicas. Neste sentido podería ser útil trazar un mapa tecnolóxico dos soportes e os formatos que constituíra a base dos intercambios entre productoras.

02. Calidade na produción os procedementos de traballo. Procesos de calidade en orzamentación, preproducción, produción, tempos de execución, entrega de versións *alfa* e *beta* do produto final, materiais, montaxe, coidado dos materiais e seguros, posproducción.

03. Calidade na seguridade nos traballos cos másters, no copiado e seguridade dos resultados.

04. Calidade nos compromisos co cliente en prazos e prezos. Trátase de ser fiables como valor principal da empresa, de comprometerse e cumprilos pactos.

05. Calidade na xestión dos investimentos e as contribucións do sector financeiro, imprescindible para gañala confianza do sector financeiro.

O traballo a prol da calidade implica o desenvolvemento dunha imaxe máis forte do sector, da súa fiabilidade e da confianza que se pode depositar nos seus traballadores, nas súas empresas e nas súas posibilidades de crecemento.

Segunda parte: 100 PROPOSTAS SOCIEDADE GALEGA

“Tendo en conta a importancia cultural e económica do sector audiovisual, cómpre que se estimule e se potencie o crecemento e o desenvolvemento deste sector estratéxico” (Lei 6/1999)

PROPOSTAS DE POLÍTICA AUDIOVISUAL

1 Definición da política xeral audiovisual

Organo Consello da Xunta de Galicia

Descrición Solicitalle ó presidente da Xunta de Galicia o desenvolvemento do disposto polo art. 2 da Lei 6/99, relativo á “definición da política xeral non campo audiovisual”, dotando de contido efectivo a consideración de “sector estratéxico”.

Data Principios de 2002.

Orzamento Indeterminado

2 Comisión de Coordinación da Xunta de Galicia

Organo Xunta de Galicia.

Descrición Creación dunha comisión inter-consellerías, dependente da Consellería de Cultura, que coordine as actividades en materia audiovisual dos restantes departamentos da Xunta de Galicia. Determinación, por decreto da Xunta de Galicia, da súa dependencia orgánica, composición e funcións, en cumprimento do art. 2.c) da Lei 6/1999.

Data Principios de 2002

Orzamento Indeterminado

3 Constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia

Organo Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Descrición Solicitalle ó conselleiro de Cultura a urxente constitución do Consorcio do Audiovisual, con participación das entidades do sector. Cumprimento do art. 9 da Lei 6/1999.

Data Principios de 2002

Orzamento Indeterminado

4 Posta en marcha da Comisión de Cine (*Film Commission* de Galicia)

Organo Consorcio Audiovisual

Descrición Posta en marcha da oficina do audiovisual (*film commission*) para fomentar e facilita-las rodaxes audiovisuais no territorio da Comunidade Autónoma.

Data Inmediata desde a constitución do consorcio

Orzamento Indeterminado

5 Publicación do *Estudio do sector audiovisual en Galicia*

Organo Consellería de Cultura

Descrición A Consellería de Cultura realizou en 1999 un voluminoso estudo, a modo de *Libro branco do sector audiovisual*, con datos que foron actualizados a 31-12-2000, con activa participación das empresas da AGAPI. A publicación deste estudo sería un importante punto de referencia para o futuro do sector.

Data Principios do ano 2002

Orzamento Indeterminado

6 Plan de produción de contidos audiovisuais da Cidade da Cultura

Organo Consorcio do Audiovisual

Descrición Posta en marcha dun ambicioso plan de produción de contidos, con implicación das empresas e profesionais de produción independente, mediante concursos públicos de ideas, guións e proxectos.

Data 2002-2004

Orzamento Indeterminado

7 Convenios de colaboración con entidades financeiras

Organos AGAPI e Dirección Xeral de Caixanova e Caixa Galicia

Descrición Convenios de colaboración para o desenvolvemento conxunto do proxecto do Clúster do Audiovisual, con contribución económica e asesoramento técnico.

Data Principios de 2002.

Orzamento Indeterminado

8 Proxecto do Clúster do Audiovisual e solicitude ó PLAN PEME

rganos AGAPI e Soluziona management consulting.

Descrición Elaboración do proxecto do Clúster do Audiovisual (como desenvolvemento do Plan Estratégico). O proxecto debe incluír detección de debilidades do sector, convocatoria ós axentes económicos afectados, organización de grupos de traballo e marco de participación da Administración autonómica (a Consellería de Industria e o IGAPE). O anteprojecto xa foi presentado ante o IGAPE e actualmente está en estudo polo CES (Consello Económico e Social) a emisión dun informe-opinión sobre a conveniencia e necesidade do Clúster do Audiovisual.

Data Decembro 2001-marzo 2002

Orzamento Indeterminado

9 Desenvolvemento do Clúster do Audiovisual

rganos AGAPI, IGAPE, Consellería de Industria, CEG, CRTVG.

Descrición Segundo o anteprojecto presentado ó IGAPE, o obxectivo sinalado para o ano 2002 é o desenvolvemento completo do proxecto do clúster, coas fases que no seu momento se determinen.

Data 2002.

Orzamento 40 millóns de pts. (240.000 €)

10 Constitución do Clúster do Audiovisual

rgano Clúster do Audiovisual

Descrición Creación efectiva e posta en funcionamento do Clúster do Audiovisual de Galicia, con participación de tódolos axentes económicos afectados.

Data Decembro de 2002 (funcionamento en xaneiro 2003).

Orzamento Indeterminado

PROPOSTAS SOBRE FINANCIAMENTO

11 Fondo de Garantías

rganos Consellería de Economía e IGAPE

Descrición Fondo estable de garantías para aval-lo desconto de subvencións e contratos. Debe estar suficientemente dotado (mínimo estimado 3 millóns €, 500 millóns de pesetas), para a súa aplicación a circulante, con aceptación dos negativos, dereitos e formatos televisivos como garantía do produtor. Tamén se contempla a función de aval e/ou reaval para desconto de contratos, prevendas, etc.

Data Primeiro trimestre de 2002

Orzamento 3.000.000 € (500.000.000 pts. aprox.)

12 Convenio co IGAPE para préstamos directos á produción

rgano IGAPE

Descrición Préstamos directos do IGAPE en situación vantaxosa respecto ó mercado para financia-lo circulante das produtoras que seguen o modelo do convenio IFC/BA.

Data Primeiro trimestre de 2002

Orzamento 6.000.000 €/anuais.(1.000 millóns pts., aprox.)

13 Convenios IGAPE-ICO-ENTIDADES

rganos IGAPE, ICO e entidades financeiras.

Descrición Convenios IGAPE-ICO-Entidades financeiras para a prestación de apoio financeiro a proxectos audiovisuais.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

14 Avais sobre a propiedade intelectual

Organo IGAPE

Descrición Concesión de avais por parte do IGAPE considerando os activos específicos do sector (que son os “materiais propios” da industria audiovisual) en inmovilizado inmaterial, tales como desenvolvementos de proxectos, guións, dereitos de propiedade intelectual, argumentos, *story-boards*, etc.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

15 Axudas á coproducción

Organo IGAPE e Consellería de Industria

Descrición Seguindo as directrices europeas, considérase imprescindible facilitar o acceso das empresas galegas á coproducción con empresas doutros países da Unión Europea (prioritariamente) e Latinoamérica, así como o estímulo da cooperación empresarial.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

16 Incremento das axudas á produción e desenvolvemento

Organo Consellería de Cultura

Descrición Axudas ó sector audiovisual para produción e desenvolvemento. Dúas características continuidade + aumento permanente para garantir a expansión. Preténdese manter e reforzar a liña actual, duplicando a súa dotación (dado a gran demanda, o alto número de solicitudes e proxectos concorrentes ás últimas convocatorias públicas e o conseqüente grao de insatisfacción que xera a partida orzamentaria actual).

Data Orzamentos da Comunidade Autónoma 2002

Orzamento 3.600.000 € (600.000.000 pts. aprox.)

17 Axudas á comercialización

Organo Consellería de Industria

Descrición Axudas ó sector audiovisual para comercialización e presenza en mercados nacionais e internacionais (creación de catálogos de empresa e/ou sectoriais, versión a outros idiomas, presenza en feiras especializadas, etc.) .

Data 2003

Orzamento Indeterminado

18 Axudas automáticas para produción, distribución e exhibición cinematográfica

Organo Consellería de Cultura

Descrición O sistema estatal de axudas automáticas (Ministerio de Cultura) debe trasladarse ó ámbito da distribución e exhibición en lingua galega.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

19 Liña sectorial de capital-risco en XesGalicia

Organo XesGalicia

Descrición Participación prioritaria (con carácter sectorial, valorando a oportunidade estratéxica do investimento) dos fondos de capital-risco (XesGalicia) na capitalización das produtoras para a consolidación do sector. Liñas específicas de actuación en audiovisual.

Data 2002

Orzamento 6.000.000 € (1.000.000.000 pts. aprox.)

20 Colaboración cos investidores privados (e optimización das deducións fiscais)

Organo Fondos privados

Descrición Participación de fondos privados de investimento e financiamento na capitalización. Optimización de deducións no imposto de sociedades por investimentos en cine e televisión (ata un 20% na Lei 14/2000, do 29 de decembro, que incluíu longametraxes, series, animación e documental).

Data 2002

Orzamento Indeterminado

21 Business plan das empresas do sector

Organo AGAPI.

Descrición Análise do *business plan* das empresas, prospeccións de futuro.

Proveranse os mecanismos necesarios para que técnicos especializados analicen os plans de negocio das empresas e os asesoren sobre o seu financiamento, á marxe dos seminarios, cursos ou actividades formativas que preparen o sector para traballar efectivamente as súas posibilidades de financiamento. Trátase de trasladar ás empresas o Plan Estratégico interiorizándoo.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

22 Portelo do financiamento audiovisual

Organo Clúster do Audiovisual

Descrición Creación do portelo de financiamento en colaboración coa Xunta, o IGAPE e entidades financeiras. O obxectivo é responder individualmente ás necesidades de financiamento dunha productora e un proxecto concreto nun momento determinado, unificando criterios, trámites e xestións, simplificando o labor do produtor executivo e axilizando os procesos.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

23 Aumento do orzamento global da CRTVG

Organo Parlamento de Galicia (Orzamentos da Comunidade Autónoma)

Descrición Aumenta-la dotación orzamentaria da CRTVG para que chegue a cumprir-la lei do 5% (investimento do 5% da súa conta de resultados en produción audiovisual), sen detrimento da dotación orzamentaria de produción allea. Velar polo procedemento da participación da CRTVG no sector audiovisual galego.

Data 2002, 2003, 2004, 2005

Orzamento 18.000.000 €/anuais (3.000.000.000 pts. aprox.)

24 Participación das sociedades de garantía recíproca

Organos AFIGAL e SOGARPO

Descrición Fomenta-la actuación de **sociedades de garantía recíproca** no campo de audiovisual para a prestación de garantías e avais no tráfico empresarial.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

25 Seguimento do convenio AGAPI-TVG-ICO

rganos AGAPI-TVG-ICO

Descrición A ratificación do convenio para o financiamento de obras audiovisuais (documentais, longametraxes, *TV movies* e outros) os dereitos das cales foran adquiridos pola Televisión de Galicia, a través do Instituto Oficial de Crédito, é unha das mellores noticias que no plano económico o sector audiovisual independente galego recibiu nos últimos anos. Este convenio, que se formula en certa maneira como complemento ó xa subscrito en 2002 pola AGAPI e a TVG, terá vixencia durante os dous próximos anos e está previsto que sexa executado en dous exercicios (xaneiro 2002 - xuño 2002, xuño 2002- xuño2003). O importe da liña de financiamento será de 9.000.000 €, (1.500 millóns pts. aprox.), para o período comprendido entre a data da sinatura deste Convenio e o 30 de xuño de 2003, a razón de 4.000.000 € (750 millóns pts. aprox.) por exercicio. O seguimento deste convenio para a súa adecuada aplicación e cumprimento preséntase como unha das propostas fundamentais dentro do ámbito financeiro.

Data 2002, 2004

Orzamento 9.000.000 € (1.500.000 pts. aprox.)

26 Investigación+Desenvolvemento audiovisual

rganos Xunta de Galicia e universidades

Descrición Financiamento do I+D específico do sector audiovisual.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

27 Convenios de colaboración da AGAPI con entidades financeiras

rganos AGAPI e entidades financeiras

Descrición Elaboración dun plan de colaboración co sector financeiro e bancario galego e redacción dun prego de peticións do sector audiovisual ó sector financeiro.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

28 Investimento de SODIGAL (Programa Lanza)

rganos SODIGAL

Descrición Fomentar fórmulas de participación de entidades como SODIGAL no capital de empresas en lanzamento, emprendedores e similares, por un período dado de tempo.

Data 2003

Orzamento 600.000 € (100.000.000 pts. aprox.)

29 Actividades de formación sobre financiamento

rganos AGAPI e entidades financeiras

Descrición Apoio da Administración a actividades de formación e capacitación no ámbito da financiamento, con seminarios específicos de formación sectorial orientados a responsables e directivos das entidades financeiras. Visitas de traballo de empresarios e técnicos e xestores do IGAPE e entidades financeiras ó ICO (Instituto Catalán de Finanzas), etc.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

30 Comisión de seguimento do Plan de Financiamento

rganos AGAPI e axentes económicos

Descrición Creación dun documento de necesidades de financiamento do sector audiovisual para que sirva de nexo entre produtores, Administración e sector financeiro-bancario. Este documento debe se-la base de traballo dunha comisión de seguimento do Plan de Financiamento do sector audiovisual.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

PROPOSTAS DE PRODUCCIÓN

31 Axudas automáticas á produción cinematográfica

Organo Consellería de Cultura

Descrición A especificidade do audiovisual fai que algunhas das modalidades coas que se pretende axudar non cumpran en ocasións a finalidade á que se destinaban. Nesta liña, e seguindo as experiencias españolas e internacionais, sería conveniente a creación dun fondo de protección do audiovisual xestionado desde o consorcio, que lles dea axudas automáticas ás producións audiovisuais e multimedia xa realizadas e que cumpran determinadas condicións. Este fondo xa existe cun formulamento semellante no ICAA. A característica principal deste fondo específico de axudas automáticas reside en que se concedan as axudas tendo en conta a diversidade dos tipos de producións.

Data Principios de 2002

Orzamento Indeterminado

32 Seguimento do convenio marco asinado pola CRTVG e a AGAPI

Organo Televisión de Galicia

Descrición Durante o primeiro semestre de 1999 anunciouse a posta en marcha dun plan trianual de fomento da produción de documentais galegos para os que se destinarían 300 millóns de pesetas. Para isto, a CRTVG e a AGAPI acordan a creación dunha vía complementaria de financiamento, que se concretaría na negociación dos correspondentes contratos coas empresas produtoras en calquera fase de desenvolvemento dun proxecto. A CRTVG acordou investir 330 millóns para cine e 100 para documentais nos anos 1999 e 2000, do que resulta unha cantidade total de 940 millóns, dos que 200 millóns se destinaron a documentais e 740 a cine e películas de televisión.

Polo que respecta ó cine, o prezo de venda das obras acabadas ha de valorarse nun mínimo de 90.000 € (15 millóns pts. aprox.) e un máximo de 180.000 € (30 millóns pts. aprox.), ademais de 30.000 € (5 millóns pts. aprox.) en publicidade como máximo, a cambio da venda de dereitos en lingua galega no territorio lingüístico galego. Coa finalidade de contribuír á fase de preparación das películas cos produtores independentes e co obxecto de garantir producións de calidade e incorporar novos valores, 90.000 € (15 millóns pts.) deben ser destinados anualmente ó desenvolvemento de guións para películas de longametraxe, películas de televisión e documentais.

Ademais, a CRTVG contribuír á amortización das películas de longametraxe coa concesión dun *rapell* por recadación en taquilla de 6.000 € por cada 18.000 € recadados en Galicia. Co fin de incentivar as rodaxes en galego, a CRTVG

concederalles un plus do 5% do orzamento, ata un máximo de 60.000 €, ás empresas de produción que roden a versión orixinal en galego. A Televisión de Galicia negociará autonomamente coas empresas produtoras o eventual interese dos proxectos que se lle presenten durante o período de vixencia do convenio, fixando así as condicións contractuais directamente coas empresas.

Con respecto ós documentais, a CRTVG achegará ata un máximo do sesenta por cento do orzamento en concepto de compra de tódolos dereitos da versión galega da obra por un período máximo de sete anos, sendo o corenta por cento restante achegado pola produtora

Data O seguimento deberá realizarse a partir do ano 2002, aínda que cómpre recordar que a súa posta en marcha comezou no 2001

Orzamento 5.500.000 € (940.000.000 pts. aprox.)

33 Creación de contidos para a Cidade da Cultura

rgano Consellería de Cultura

Descrición As produtoras audiovisuais de Galicia apostan por participaren na produción de contidos para un proxecto de alcance e valor estratéxico para todo o sector.

Orzamento Aínda non está determinada a partida orzamentaria que se destinará á dotación de contidos audiovisuais da Cidade. Pero, unha parte substancial debería ir dirixida a produtoras galegas.

Data 2003-2004

34 Potenciación da produción galega cun incremento do orzamento da CRTVG para a compra de produtos audiovisuais ás empresas autonómicas

rgano CRTVG

Descrición Para o cumprimento da Lei do 5% (a CRTVG debe investir polo menos o 5% do seu orzamento en producións audiovisuais galegas), cómpre que a Consellería de Economía aumente as dotacións orzamentarias a esta televisión.

Data 2002

Orzamento Un 5% máis sobre o orzamento actual

35 Incentiva-las producciones con axudas de ata 3 millóns de euros (490 millóns de pesetas aprox.)

Organo Consellería de Cultura

Descrición Este diñeiro podería ser destinado tanto para axudas á produción como para o desenvolvemento. A lóxica anual á que se adaptan as axudas que a Consellería de Cultura lle concede á produción audiovisual crea a necesidade de que a convocatoria se axuste ó mes de xaneiro, para que as contribucións poidan ser aproveitadas adecuadamente ó longo do ano –real e contable- polas empresas beneficiarias. Só desta forma se poderían cumprir os obxectivos que se prevén na Lei do audiovisual. Tendo en conta isto, sería desexable que no ano 2002, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual publicase as convocatorias a comezos de ano polo que isto significa para o sector. En canto ós requisitos de petición das axudas, sería positivo que as producións se poidan presentar en soporte magnético e non necesariamente en celuloide.

Data 2002

Orzamento 440 millóns de pesetas

36 Comisión avaliadora plural e especializada

Organo Consellería de Cultura

Descrición A comisión avaliadora dos proxectos ten enorme importancia, por se-la encargada de analizar en profundidade cada unha das propostas de solicitude. Sería conveniente para garanti-la obxectividade e o correcto xuízo que os membros da comisión avaliadora respondan ós seguintes perfís

- 1 representante da asociación de guionistas
- 1 representante experto en produción
- 1 representante experto en mercados audiovisuais
- 1 representante experto en produción multimedia
- 1 representante da Televisión de Galicia
- 1 representante da AGAPI
- 1 representante do CGAI

Data 2002

Orzamento Non é preciso.

37 Impulso de productos máis competitivos mediante adquisición de tecnoloxías avanzadas

rgano Consellería de Industria

Descrición A situación específica do sector audiovisual, no que a innovación tecnolóxica é un factor fundamental para concorrer dunha forma competitiva no mercado, fai necesaria unha especial atención ás axudas para a adquisición de maquinaria. Nos últimos catro anos, as axudas para a renovación e innovación tecnolóxica pasaron dun 40% inicial ó 20%. Sería conveniente que esta porcentaxe regresase ás súas orixes.

A estimación é que o sector audiovisual investirá arredor de 18 millóns € (300 millóns de pts. aprox.) para a innovación e a renovación tecnolóxica, tanto en *software* coma en *hardware*. Aplicadas as porcentaxes de axudas, isto significaría unha contribución por parte da Consellería de Industria de 120 millóns de pesetas, esenciais para logralo obxectivo de incremento de postos de traballo e de facturación expresado no resumo inicial de obxectivos.

Data 2002

Orzamento 720.000 € (120.000.000 pts. aprox.)

38 Incrementar postos de traballo das produtoras da AGAPI desde os 188 postos fixos e 444 eventuais actuais ata os 300 postos fixos e 650 eventuais

rgano Consellería de Familia.

Descrición Para conseguilo obxectivo proposto e combatala precariedade do emprego dentro do sector –nestes momentos é moi superior o número de contratados eventualmente có de traballadores con posto fixo- sería bo que se mantivesen as axudas para a contratación estable que nestes momentos xa se están concedendo.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

39 Mellora na distribución da contratación de produción da CRTVG, facilitando a entrada de novas produtoras entre os provedores habituais

Organo Televisión de Galicia

Descrición Seguindo as instrucións do convenio marco asinado entre a AGAPI e a Televisión de Galicia, o importe unitario que a CRTVG destinará a cada proxecto subvencionado non debe supera-los dez millóns de pesetas. Ademais, co fin de promover-la participación do maior número posible de produtoras galegas, establécese unha limitación do 20% do orzamento asignable a unha soa produtora. A este respecto, deberán terse moi en conta as recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

40 Estratexia común coa CRTVG para realizar convenios co resto das televisións do Estado e da Unión Europea co obxectivo de producir proxectos

Organo CRTVG

Descrición O futuro da produción audiovisual está na coproducción, sobre todo se o obxectivo é afrontar proxectos dunha magnitude considerable e cun estándar de calidade alto. A coproducción é unha alternativa clara de financiamento. Por esta razón, na liña de lles dar prioridade ás empresas que máis diversifiquen e externalicen a súa produción, e atendendo ós propósitos do Convenio Marco coa TVG, a televisión autonómica debería realizar un esforzo adicional á hora de relacionarse con outras televisións para alcanzar acordos de colaboración en proxectos conxuntos. A FORTA, agrupación de televisións autonómicas con fondos propios, ten capacidade suficiente para chegar a este tipo de acordos e establecer vías de colaboración. Por outro lado, diferentes programas da Unión Europea insisten na idea de crear estreitas vías de colaboración entre as televisións públicas comunitarias. A Televisión de Galicia non pode facer oídos xordos ás oportunidades que se lle brinden ó audiovisual das periferias.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

41 Convenio AGAPI-CRTVG para o desenvolvemento de proxectos experimentais

rganos CRTVG-AGAPI

Descrición A experimentación é a base da creación con éxito. Os proxectos inicialmente *amateurs* ou desinteresados poden chegar a se converter en ideas rendibles. O apoio a este tipo de proxectos abre un camiño seguro cara á formación de novos profesionais e senta as bases para que pequenas iniciativas consigan ser grandes.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

42 Producción estable de oito a doce TV movies por ano, desenvolvidas en coproducción coa CRTVG

rganos AGAPI-CRTVG

Descrición O incremento das canles de televisión vai facilita-lo financiamento deste tipo de proxectos. Por outro lado, a *TV movie* é un formato ideal para, posteriormente, da-lo paso á longametraxe, tanto para os actores como para os técnicos que neste momento realizan as series de ficción de gran éxito na Televisión de Galicia. Experiencias como a de *Mareas Vivas* demostran que este tipo de producións gozan de moita audiencia. As *TV movies* son, ademais, produtos exportables, o que non só significaría ingresos para as propias produtoras que venderan os dereitos de emisión ou para a CRTVG, que podería revendelos, senón que ademais podería ser unha fonte de traballo para as empresas de dobraxe e un medio de promoción do sector.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

43 Convenio para sonorizar películas en galego

rganos Dirección Xeral de Política Lingüística, AGAPI e CRTVG

Descrición O sistema catalán de axudas á exhibición cinematográfica en lingua catalana (a Generalitat achega o 50% do seu custo), debe ser aplicado gradualmente, ata acadar unha cota de cine en galego do 25% en 2006, a razón dun incremento do 5% anual. O custo debería sufragarse entre a Xunta de Galicia (33%) e as distribuidoras (o resto).

Data 2002-2006

Orzamento Indeterminado

44 Maduración e profesionalización competitiva dos traballadores do sector mediante convenios de formación

Organo IGAPE

Descrición Os convenios de formación desexables non só se ocuparían das cuestións formativas, senón tamén da inserción laboral. É recomendable un estudio previo, realista, sobre as necesidades concretas de cada rama do sector e, mesmo, de cada productora. Este tipo de estratexias formativas personalizadas non só supoñen unha subida no nivel de cualificación dos profesionais do sector, senón que ademais, ó tratarse de respostas concretas a demandas concretas, ofrecen unha garantía de resultado inmediato.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

45 Colaboración coas facultades e escolas para producións non comerciais

Organo Universidades, EGACI (Escola Galega de Cine), etc.

Descrición A existencia de estudos audiovisuais en centros docentes –tales como a Facultade de Xornalismo de Santiago, a Facultade de Humanidades e a de Belas Artes en Pontevedra, a EGACI en Vigo, etc. – fan posible a utilización destes medios e platós por parte da industria en producións non comerciais. Excluindo expresamente o uso comercial destes medios educativos –que en ningún caso deben entrar en competencia coa industria-, deben establecerse liñas de colaboración en áreas non comerciais así como en I+D.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

46 Colaboración coa futura Escola Superior de Arte Dramática para a intervención de actores nas producións galegas

Organo IGAEM-Universidades

Descrición Existen en toda Galicia varias escolas e talleres non homologados nos que se imparten clases de interpretación e expresión cultural. O número de persoas que se matricula nestes cursos cada ano e o número crecente de producións de ficción que se rodan en Galicia son as mellores probas de que unha titulación regrada de interpretación é cada vez máis necesaria. As universidades galegas e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, co impulso da AGAPI, poderían crear ben unha Escola Oficial, ben un programa de cursos concreto.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

47 Producción máis especializada e competitiva gracias á formación de profesionais con bolsas específicas

rgano Consellería de Familia

Descrición Para que o sector audiovisual galego poida responder con produtos competitivos ás demandas do mercado do entretemento, debe contar con profesionais que estean á altura das circunstancias. A formación destes profesionais podería incentivarse coa creación de bolsas específicas que premien a excelencia e creatividade.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

48 Producción de maior calidade para o desenvolvemento de contidos para a teleformación no sector audiovisual

rganos Consellerías de Educación e Familia

Descrición A colaboración con empresas especializadas sería fundamental á hora de dirixi-los esforzos formativos do sector a través da teleformación.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

49 Plan de colaboración coa Escola de Negocios de Caixanova

rgano Escola de Negocios de Caixanova

Descrición Na tarefa de contribuír á maduración dos produtores executivos de Galicia, a Escola de Negocios de Caixanova podería participar de modo especial. Nos cursos que vai desenvolver esta escola, en colaboración con AGAPI, inculcarase cómo valorar adecuadamente unha empresa e cómo facer unha prospección de futuro desta para realizar producións de nivel. O sector audiovisual non só necesita profesionais da produción, senón tamén da xestión e a administración; é dicir, empresarios que saiban cómo facer fronte a proxectos de dimensións considerables desde o punto de vista económico e empresarial.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

50 Asesoramento en titulacións e axuda na elaboración dun mapa de posgraos en función das necesidades de produción do sector en Galicia

rganos Universidades galegas

Descrición Á hora de elaborar un mapa das necesidades formativas de Galicia, tanto a Universidade de Santiago como as da Coruña e Vigo deberían participar activamente elaborando un estudio de demanda entre os estudantes, necesidades no mercado laboral e posibilidades reais orzamentarias ou de medios. Este estudio, sumado ó elaborado pola AGAPI e a Consellería de Familia, debería ofrece unha radiografía bastante aproximada das necesidades do sector e as súas productoras.

Data Principios de 2002

Orzamento Indeterminado

PROPOSTAS DE PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

51 Programa semanal divulgativo do sector audiovisual galego

rganos TVG - AGAPI

Descrición A emisión na TVG dun programa semanal, dunha media hora de duración, acerca do audiovisual propio axudaría a crear entre os espectadores unha conciencia selectiva de apoio ó cine galego. Ademais, un programa deste tipo permitiría dar a coñece-las actividades dun sector estratéxico que, a estes niveis, rara vez aparece nos telexornais (a diferenza doutros sectores estratéxicos como o pesqueiro, o madeireiro, etc.).

Data 2002

Orzamento Indeterminado

52 Distribución de parte dos orzamentos de promoción e difusión ás produtoras galegas

rgano Consellería de Cultura

Descrición Posto que a promoción é un elemento clave para o éxito dunha produción, proponse que a Consellería de Cultura financie o 33% dos gastos promocionais xustificados para erradica-la tendencia actual na que as produtoras destinan tódolos seus esforzos económicos á parte de produción e carecen de fondos para a parte comunicacional.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

53 Seguimento do convenio marco da CRTVG na súa faceta de instrumento difusor

rganos CRTVG-AGAPI

Descrición O convenio marco entre a Televisión de Galicia e a AGAPI pretende establecer vínculos de colaboración permanentes para a promoción e difusión do audiovisual galego, fundamentais para a industria de contidos e para a difusión dos valores culturais, turísticos e de entretemento de Galicia. Co fin de cumprir con este obxectivo, a Televisión de Galicia debe garanti-la presenza de películas de longametraxe, películas para televisión e documentais de creación de nova produción realizados en lingua galega, mediante a adquisición para a difusión tanto na TVG como na Canle Internacional dos oportunos dereitos de comunicación pública, reprodución e, se é o caso, distribución.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

54 Axudas ós plans de comunicación dun produto

rgano Consellería de Cultura

Descrición Independentemente de que unha productora presente o seu proxecto ás subvencións para desenvolvemento ou produción, os produtores galegos deberán poder optar a unha subvención concreta á promoción dun produto. Unha boa campaña de difusión pode chegar a ser tan cara como a propia execución do proxecto. Moitas veces, a promoción constitúe o funil onde se atascan as producións galegas que queren saír a competir ó mercado.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

55 Participación e representación do audiovisual galego no Conferencia Euro-Iberoamericana do sector cinematográfico e audiovisual

rganos Consellería de Cultura e AGAPI

Descrición A participación neste tipo de conferencias non só axuda a promove-los traballos do sector audiovisual galego, senón que ademais pode abrir vías cara a acordos de coprodución.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

56 Axudas para a presenza en festivais

rgano Consellería de Cultura

Descrición Cando unha empresa acode a un festival para promove-los seus produtos non só dá a coñece-lo seu produto concreto, senón que fai un labor de difusión e representación de todo o sector. Isto é algo que debe ser tido en conta e incentivado pola Administración autonómica. O copiado de orixinais e envío a diferentes puntos de España e o mundo é un gran custo que moitas veces non se ve rendibilizado en termos económicos.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

57 Axudas a copias para distribución

rgano Consellería de Cultura

Descrición Na actualidade existen convocatorias públicas para axudas a diferentes fases da creación do produto audiovisual. Sen embargo, nestas convocatorias ignórase unha e outra vez a parte da distribución. Para axuda-los produtos galegos a se introducir no circuío estatal de salas e poder formularse como obxectivo serio saír a mercados internacionais, a Administración debe axudar economicamente á súa distribución.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

58 Elaboración de estudio de mercados (en cine, televisión, documental e multimedia) para a distribución adecuada

rgano Consellería de Industria

Descrición Non tódolos produtos son iguais e, por suposto, tampouco os mercados ós que se deben destinar eses produtos o son. Para lograr unha adecuada colocación da produción galega nos circuíos comerciais convencionais, e tamén nos alternativos, cómpre realizar un estudio de mercado que describa correctamente as características da demanda actual.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

59 Axudas para a asistencia a mercados e implicación directa da Administración nestes mercados

rgano Consellería de Cultura

Descrición Tal como afirmamos noutra medida, a necesidade de estar presentes en festivais internacionais, para que os produtos galegos poidan ser coñecidos máis alá de Pedrafita, é absolutamente necesaria a participación en mercados internacionais, participación que deberá ser incentivada non só economicamente senón tamén co apoio institucional, coa representación da Administración autonómica.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

60 Acordos para a distribución con grandes empresas especializadas en distribución

rganos Consellería de Cultura, AGAPI e CRTVG

Descrición Hai só dous anos a Xunta de Galicia chegou a un acordo histórico coa empresa Filmax, que foi o primeiro, pero que non debe se-lo último. Coñecida a situación actual dos circuitos comerciais de distribución, é desexable que a Administración autonómica, en colaboración coa AGAPI e a CRTVG, trate de forxar e asinar acordos de distribución coas grandes empresas de distribución (que teñen nas súas mans o mercado).

Data 2003-2004

Orzamento Indeterminado

61 Elaboración dun catálogo de empresas e producións audiovisuais

rgano Consellería de Industria

O catálogo de empresas e producións audiovisuais, xerado pola Administración, non só é necesario para ter unha visión de conxunto fidedigna da realidade do audiovisual galego, ademais supón unha ferramenta de promoción que presentar. Este catálogo debe ser elaborado pola Consellería de Industria e non por unha empresa privada ou unha asociación, para que nel non só estean presentes as produtoras da AGAPI ou aquelas con maior facturación, senón todo o sector.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

62 Axudas ás salas de exhibición que proxecten películas comunitarias

rgano Consellería de Cultura

Descrición As salas de exhibición son un foro cultural importante na sociedade actual, ademais da principal plataforma da produción cinematográfica europea presente. Actualmente, as comunidades autónomas son a Administración competente para convocar e conceder axudas á exhibición cinematográfica e, de feito, xa se publicaron ordes que convocan subvencións para as salas de exhibición cinematográfica que proxecten películas comunitarias beneficiarias das axudas para a distribución do ICAA. Poden optar a estas axudas os titulares de salas de exhibición cinematográfica situadas en Galicia que acrediten que proxectaran películas da Comunidade Europea beneficiarias das axudas para a distribución convocadas polo ICAA e que estean inscritas no rexistro de empresas deste instituto. A contía das axudas resulta da aplicación de ata un 5% dos ingresos brutos da recadación xerados pola proxección das películas comunitarias. No caso de que esas películas sexan exhibidas xunto a algunha curtametraxe, poden recibir adicionalmente o equivalente ó 2% dos ingresos brutos de recadación que obteña a correspondente película comunitaria. O obxectivo da Consellería de Cultura deberá ser que esas axudas se manteñan e se potencien.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

63 Promoción institucional de festivais propios de curtametraxes, longametraxes e documentais

rgano Consellería de Cultura

Descrición A Consellería de Cultura debe incentivar e axudar ós festivais e concursos de creación audiovisual, sobre todo no plano das dotacións. Novos talentos, produtoras galegas e o sector en xeral serían beneficiarias dun instrumento que é, sobre todo, auto-promocional.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

64 Creación e celebración dunha feira internacional centrada nunha rama industrial do sector audiovisual

Organo Consellería de Industria

Descrición Galicia podería ser anfitriona dunha feira nacional de maquinaria ou *software* para a produción audiovisual. Habería dúas posibilidades: crea-la feira *ex novo* (dado o gran número de empresas de dobraxe e sonorización que existen en Galicia, unha **Feira de Son** sería unha idea adecuada), ou ben, celebrar en chan galego algunha feira de prestixio xa existente. Con este tipo de convocatorias conséguese concentrar na comunidade a un gran número de profesionais e provedores especializados e converte-lo país nun referente na materia. A Semana Verde ou Expo-Agro son experiencias moi positivas dentro doutros sectores que se poden aplicar ó audiovisual.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

65 Apoio ós Premios AGAPI (Premios do Audiovisual Galego)

Organos Consellería de Cultura e CRTVG

Descrición Os premios AGAPI foron desde o momento da súa creación un acontecemento promocional de primeira clase para as produtoras que forman parte da asociación en concreto e para o sector en xeral. Tódolos esforzos que estas empresas realizan ó longo do ano saen á luz na cerimonia de entrega dos premios, convertida en verdadeira Gala ou Festa do Audiovisual Galego. Tras cinco edicións celebrando os Premios AGAPI, a nosa asociación considera que estes premios se deben converter nos premios de todo o sector e propón modifica-lo seu nome e bases de convocatoria, de modo que os futuros “premios do Audiovisual Galego” – coa denominación que no seu día se acorde- sexan os de todo o sector audiovisual galego, sen exclusión.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

66 Acordo coa CRTVG para a difusión de *promos* de producións do audiovisual galego

Organo CRTVG

Descrición A difusión de *promos* (breves espazos promocionais) de cine propio é unha estratexia adoptada hai xa tempo pola Televisión Española que está a realizar un intenso labor de apoio ó cine español, non só por medio de coproducción e compra de dereitos de emisión, senón tamén coa publicidade que lles dá ás producións estatais. Neste sentido, o programa *Versión española* é un claro exemplo de promoción intelixente do cine español. A Televisión de Galicia podería seguir este exemplo, coa emisión dun programa como o que xa se propuxo nun punto anterior e, adicionalmente, coa proxección de *promos* elaboradas dentro da CRTVG ou polas produtoras interesadas (na TVE séguese unha fórmula mixta).

Data 2002

Orzamento Indeterminado

67 Acordos a través da AGAPI e a FAPAE coa Televisión Española

Organos AGAPI, FAPAE e CRTVG

Descrición A AGAPI, coa axuda da Federación Española de Productoras e coa Televisión de Galicia como “madríña” de excepción, debe chegar a un acordo de emisión de producións audiovisuais galegas. Non só no que se refire ó cine, campo no que Televisión Española avanzou moito nos últimos anos, senón tamén no ámbito do documental, que, non o esquezamos, é o máis prolífico (en canto a número de producións ó ano) na comunidade galega.

Data 2002-2003

Orzamento Indeterminado

68 Axudas á dobraxe e á subtitulación

Organo Consellería de Cultura

Descrición As axudas á dobraxe e á subtitulación xa se mencionan no apartado de produción, pero é fundamental recordalas á hora de falar de promoción e difusión. Para que os produtos audiovisuais galegos teñan unha certa difusión en circuitos internacionais, cómpre a subtitulación ou a dobraxe como uns elementos máis dentro do proceso de produción. O idioma non pode ser un obstáculo, senón unha panca da difusión, na medida en que é garantía de diversidade e respecto á diferenciación cultural. A participación en festivais e concursos tamén depende en boa medida destes condicionantes.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

69 Emisión de produccions galegas en horas de *prime time*

Organo CRTVG

Descrición Desde o pleno respecto á autonomía da TVG en canto á súa programación, facemos constar que a mellor difusión do cine galego pasa pola súa programación en horas de máxima audiencia (*prime time*). Para isto, á hora de segui-lo cumprimento do convenio-marco e de establecer novos acordos coa Televisión de Galicia, non só é importante conseguir a emisión de produccions galegas: é fundamental que estas emisións se realicen en horas de boa audiencia. De pouco ou nada serven as proxeccións a altas horas da madrugada.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

70 Edición dun anuario do audiovisual

Organos AGAPI e CGAI

Descrición Desde a AGAPI propoñémoslle ó CGAI editar conxuntamente un anuario do sector onde se encontren condensados tódolos recursos, incluídas as localizacións, necesarios para situarse dentro do sector en Galicia. Cunha base de datos ben documentada, como material de traballo, o anuario podería conter: produtoras, empresas de servizos, persoal artístico e auxiliar, distribución e exhibición, Internet, televisión e telecomunicacións, medios de comunicación e institucións, axenda, etc.. Sería unha ferramenta de traballo para os profesionais do propio sector e un documento informativo para aqueles que queiran coñecer rapidamente o panorama audiovisual galego. Na publicación debería incluírse unha versión reducida –a modo de listaxe, con nome, ano, xénero e formato- do catálogo de produción. Esta guía debe editarse cunha periodicidade anual para que os datos non perdan actualidade e a publicación gaña en credibilidade.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

PROPOSTAS DE FORMACIÓN

71 *Publicación do Estudo de necesidades formativas do sector audiovisual de Galicia*

rgano Instituto Galego das Cualificacións (Consellería de Familia)

Descrición Edición do estudo realizado por SOLUZIONA en virtude do convenio AGAPI-Consellería de Familia. O estudo inclúe unha caracterización do sector, unha análise de necesidades formativas (Mapa de ocupacións) por subsectores (cinematografía, produción videográfica e televisión, multimedia, animación). As conclusións do estudo foron asumidas, no ámbito estatal, pola FAPAE.

rgano Consellería de Familia

Data Principios de 2002

Orzamento 72.000 € (12.000.000 pts. aprox.)

72 *Segunda fase do estudo de necesidades de formación Mapa de competencias*

rgano Instituto Galego das Cualificacións (Consellería de Familia)

Descrición Como continuación do estudo realizado no ano 2001 sobre detección de necesidades formativas, é preciso desenvolver ata as súas últimas consecuencias o mapa de ocupacións, realizando o “Mapa de competencias”, coherentemente coas directrices do novo Plan Galego de Formación Profesional.

Data 2002-2003

Orzamento 90.000 € (15.000.000 pts. aprox.)

73 *Análise da oferta educativa audiovisual*

rgano Consellería de Educación

Descrición O estudo de necesidades formativas impulsado pola AGAPI permitiu coñecer as necesidades do sector (a demanda); o paso seguinte debe pór este diagnóstico en correlación coa actual oferta educativa audiovisual existente en Galicia (universitaria, FP, etc.). O resultado final permitirá establecer a adecuación entre a oferta e a demanda.

Data 2003

Orzamento 180.000 € (30.000.000 pts. aprox.)

74 *Escola Superior de Cinematografía de Galicia*

rgano Consellería de Educación

Descrición Centro superior especializado, de prestixio, complementario das actuais escolas de Formación Profesional, con participación universitaria e do sector (modelos ECAM e ESAC).

Data 2003

Orzamento Indeterminado

75 Escola Superior de Arte Dramática

Organo Consellería de Educación

Descrición Centro superior especializado na formación de actores para o sector audiovisual con participación universitaria, do Centro Dramático Galego e do sector.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

76 Fondo de bolsas de formación

Organo Consellerías de Cultura e Educación

Descrición Fondo destinado a sufragar total ou parcialmente os gastos de estudio e/ou estancia fóra de Galicia destinado a estudantes que acaban de licenciarse e a profesionais cualificados para realizar estudos de alta especialización inexistentes en Galicia. A título indicativo, incluíría estudos como os seguintes ACE, STRATEGICS, CARTOON, EAVE, MEDIA BUSSINEESS SCHOOL, FILM BUSINESS SCHOOL, MEGA MEDIA, FASTLANE, ARISTA, PILOTS, etc.

Data 2002-2005

Orzamento Fondo plurianual estable dotado con 10 millóns anuais.

77 Desenvolvemento de contidos de TELEFORMACIÓN

Organo Consellería de Familia

Descrición O nacemento de nichos de traballo relacionados coa teleformación determinará a moi curto prazo unha gran demanda de contidos para teleformación, ós que o sector –particularmente as empresas de multimedia- débenlles dar unha resposta áxil.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

78 Convenio de formación empresarial específica coa Escola de Negocios

Organo Escola de Negocios de Caixanova

Descrición Inclúe a realización e estudo dos *business plans* das empresas interesadas, trasladando ó ámbito de cada empresa particular as liñas directrices do sector e deste mesmo Plan Estratéxico.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

79 Colaboración do sector coas universidades de Galicia

Organos Consellería de Educación, Consello de Universidades de Galicia

Descrición Participación do sector a través da AGAPI no *Estudio sobre o desenvolvemento do Sistema Universitario Galego nos próximos anos (2000-2005)*, particularmente no que atinxe ás tecnoloxías da información e a comunicación e a coordinación de titulacións, elaboración dun mapa de posgraos, etc.

Data 2002

Orzamento indeterminado

80 Plan de formación Galicia-Norte de Portugal (INTERREG III)

Organos AGAPI – Organizacións empresariais audiovisuais do Norte de Portugal

Descrición No marco do programa comunitario INTERREG III para o desenvolvemento das rexións fronteirizas, e coherentemente coa presenza de Galicia no espazo rexional denominado Arco Atlántico e na Comunidade Galicia-Norte de Portugal, o sector audiovisual debe establecerse unha crecente cooperación coas asociacións empresariais, as empresas e os demais axentes económicos e sectoriais do Norte de Portugal e, especialmente, das rexións de Porto, Braga e Vila Real. Debe salientarse que o ámbito da formación e as novas tecnoloxías están expresamente incluídos nas liñas de traballo de INTERREG III.

Data 2002-2003

Orzamento Indeterminado

81 Formación continua. Participación nos cursos de formación FORCEM 2002

Organo FORCEM

Descrición A AGAPI apostou historicamente pola formación continua dos seus traballadores en activo a través de FORCEM (agora Fundación Tripartita). Malia a complexidade que entraña a realización destas actividades formativas, segue sendo firme propósito da AGAPI a súa continuidade nos próximos anos, creando un departamento de formación estable.

Data 2002

Orzamento 120.000 € (20.000.000 pts. aprox.)

82 Plan Galego de Formación do Sector Audiovisual 2002

Organo CRTVG

Descrición No ano 2001, a AGAPI propúxolle á CRTVG a formulación e execución conxunta dun Plan de Formación Sectorial, que non puido realizarse pois na data da proposta a CRTVG xa desenvolvera as súas propias iniciativas ó respecto. Entendemos que en 2002 debe retomarse a proposta e buscar vías de converxencia e cooperación da AGAPI coa CRTVG en materia de formación, tal como existen noutros campos. A proposta deberá contar coa aprobación dos representantes dos traballadores, para o cal a AGAPI se propón manter un diálogo fluído coas organizacións sindicais.

Data 1eir. trimestre de 2002

Orzamento Indeterminado

83 Presentación de *software* novo

Organos Provedores de *software*

Descrición O noso sector non pode estar a expensas da inercia dos fabricantes de *software*, a tendencia xeral dos cales é a de presentalas súas novidades en Madrid, Barcelona ou en determinadas feiras e mercados. Debemos tomar a iniciativa de promover este tipo de presentacións directamente en Galicia, como xa se fixo nalgún caso illado (Sony, Adobe, etc.).

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

84 Estudio do horizonte laboral e socioeconómico do sector audiovisual galego. Oportunidade da creación do clúster

rganos CES Galicia e CEG

Descrición Tódalas accións previstas no Plan Estratéxico teñen unha repercusión e o seu alcance económico, así como en materia de creación e mellora de emprego – e moi especialmente a proposta de organización do Clúster Galego do Audiovisual– que deben ser avaliadas coa participación do Consello Económico e Social de Galicia. A proposta inicial foi formulada a través da CEG (Confederación de Empresarios de Galicia), á que pertence a AGAPI.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

85 Plan de Emprego

rgano Consellería de Familia

Descrición Actuación a través dos axentes de emprego para a mellora-lo emprego nas empresas do sector, optimizando os sistemas de contratación e axudas, co obxectivo de favorecer-la estabilidade no emprego a curto e longo prazo.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

86 Participación da AGAPI no *Libro branco da sociedade da información*

rgano Consellería de Cultura e Telefónica

Descrición A Xunta de Galicia está desenvolvendo a través da Consellería de Cultura e en colaboración con Telefónica o denominado *Libro branco da sociedade da información de Galicia* (<http://www.xunta.es/conselle/cultura/libroblanco>). A AGAPI propónse participar activamente na elaboración deste documento, no que se definirán as liñas mestras do desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, á que é especialmente sensible o sector audiovisual.

Data 2002

Orzamento Indeterminado

87 Formación empresarial

Organo Consellería de Cultura

Descrición Seguindo as recomendacións do *Libro branco da sociedade da información de Galicia*, debe fomentarse a creación de novos empresarios do sector audiovisual que exploten novas oportunidades de negocio, distintas das xa coñecidas (ou alomenos, das que xa existen en Galicia). A difusión en soportes novos como DVD, todo o ámbito de Internet, a xestión de proxectos empresariais vinculados á xestión e explotación dos dereitos audiovisuais, etc.

Data 2003

Orzamento Indeterminado

88 Programas de adaptación de expertos doutras disciplinas

Organo Universidades de Galicia

Descrición Unha das características da globalización e do mundo multidisciplinar no que se desenvolve o sector audiovisual é o carácter transversal ou horizontal de todas as súas actividades. A industria audiovisual atravesará toda a sociedade e afecta a todos os demais sectores e profesións. Particularmente importante é a formación específica de expertos audiovisuais procedentes do mundo do Dereito, da Economía e as Ciencias Empresariais, do Deseño e da Publicidade, da Fotografía, do Xornalismo, etc.

Data 2003-2005

Orzamento Indeterminado

89 Intercambios profesionais internacionais

Organos Consellería de Educación e Consorcio do Audiovisual

Descrición A posibilidade de facer chegar nova seiva profesional ás produtoras de Galicia incorporando profesionais de empresas de calquera parte do mundo abre unhas indubidables expectativas de refresco. Reciprocamente, os profesionais galegos deben poder ter estancias de intercambio en empresas do estranxeiro. Esta actividade, habitual no mundo universitario, pero escasamente implantada na empresa galega e española, xera toda clase de beneficios e só pode ser levada a cabo con programas de intercambio solidamente apoiados.

Data 2002-2003

Orzamento 240.000 € (40.000.000 pts. aprox.)

90 Convenios de prácticas

rganos AGAPI e centros educativos audiovisuais de Galicia

Descrición Os centros de formación necesitan ofrecerlles ós seus numerosos alumnos vías de realización de prácticas reais no mundo da empresa. A AGAPI xa vén participando en programas de prácticas (así, coa EIS da Coruña ou coa Escola de Imaxe e Son de Vigo). Trátase de avanzar un paso máis e formalizar estes convenios para darlles carácter estable.

Data 2002- 2005

Orzamento Indeterminado

PROPOSTAS SOBRE COOPERACIÓN EMPRESARIAL

91 Colaboración tecnolóxica entre empresas

Organo Empresas do audiovisual

Descrición As empresas do sector deben establecer liñas mutuas de apoio no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e a definición dos estándares de produción.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

92 Creación da guía de profesionais do audiovisual e multimedia

Organo AGAPI coa colaboración da Xunta de Galicia

Descrición As empresas colaborarán na creación dun directorio profesional con múltiples aplicacións no día a día da industria. Trátase dunha ferramenta que permitirá localizar profesionais vinculados ó audiovisual en áreas técnicas, artísticas e administrativas.

Data 2002, elaboración, e 2003, publicación.

Orzamento 60.000 € (10.000.000 pts. aprox.)

93 Creación de redes de coproducción galegas

Organos Membros da AGAPI entre si

Descrición Debe establecerse unha rede de cooperación empresarial específica vinculada a unha rede de coproduccións entre empresas. Xéranse así economías de escala baseadas na contribución conxunta das empresas, máis tecido empresarial e máis capacidades.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

94 Portal B2B do sector

Organo Clúster do Audiovisual

Descrición A creación dun portal en Internet B2B debe ser unha medida urxente para lle dar pulo ó comercio electrónico intrasectorial. O sector galego non pode quedar fóra do xogo de Internet no que se está operando xa unha parte substancial das transaccións, o que se incrementará no futuro inmediato. É posible estudia-la cooperación coa FAPAE nesta proposta.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

95 Aposta por Internet en tódalas fases do proceso de produción

Organo Empresas da AGAPI a través de políticas conxuntas

Descrición Internet achega beneficios ó sector en tres direccións fundamentais: a) implica unha nova tecnoloxía de produción, b) supón unha nova canle de distribución, e c) permite o establecemento de relacións de *Business to Business* entre organizacións. En todos eses eidos, o esforzo das empresas encamiñárase a introduci-la tecnoloxía da rede nas súas prácticas cotiás.

Data 2002-2005, en plena definición das redes de telecomunicación

Orzamento Indeterminado

96 Vangarda tecnolóxica facilitada polos operadores de telecomunicacións

Organo AGAPI e os operadores de telecomunicacións

Descrición Hai que reclamar dos axentes de telecomunicacións calidade e vangarda nas redes de comunicación. Vinculación do desenvolvemento da industria de contidos á industria dos transportadores. Asunto da máxima urxencia, vital para a competitividade do sector, actualmente lastrada por unhas telecomunicacións “imposibles”, con frecuentes caídas dos servidores de Internet, “anchos” de banda estreitos e deficiencias técnicas e de calidade graves. Todo isto repercute nos tempos de produción, ocasiona graves perdas, molestias e frea a rendibilidade e a competitividade do sector.

Data 2002-2005, en plena definición das redes de telecomunicacións

Orzamento Indeterminado

97 Relación especial con fabricantes de equipos e software

rganos AGAPI, as súas empresas e os principais fabricantes de *hardware* e *software* utilizado en audiovisual

Descrición O sector depende moi especialmente da tecnoloxía para mante-la produción. Cómpre liña directa cos fabricantes de equipos e *software*, formación continua, facilidades de financiamento na adquisición de tecnoloxía e promoción da vangarda técnica como motor da competitividade e da calidade.

Data Permanente

Orzamento Indeterminado

98 Atención especial ó contorno multimedia

rganos AGAPI e Administración pública

Descrición Converte-la rede e o multimedia en áreas de atención preferencial nas políticas sectoriais. A súa capacidade de expansión xustifica unha atención específica. O binomio *web*-multimedia supón a incorporación á rede, os CD-Roms ou DVD, de materiais de vídeo e audio concentrando así as oportunidades do sector.

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

99 Cultura de calidade no audiovisual

rgano As propias produtoras do sector

Descrición A implantación dunha cultura da calidade baseada na fiabilidade do sector (de cara ós investidores e os clientes), os estándares técnicos de produción (con vistas ó resultado audiovisual do proxecto), os procesos productivos (eficiencia, produtividade, cumprimento de compromisos de entrega e orzamentos).

Data 2002-2005

Orzamento Indeterminado

100 Academia Galega do Audiovisual

Descrición A existencia dunha ampla variedade de asociacións profesionais representativas do sector –así: representantes dos produtores, dos guionistas, dos actores, dos dobradores, dos directores e realizadores, etc.- suxire a conveniencia de que converxer nunha academia das artes audiovisuais, o mesmo que noutras disciplinas (lingua, historia, medicina, etc.) e seguindo o modelo implantado xa pola Academia Española de Cine ou a ATV /Academia de Televisión). As funcións desta academia deberían ser, basicamente, de natureza artística, creativa e de potenciación das profesións do sector, no seu conxunto.

PROPOSTAS POR ÓRGANOS E ENTIDADES

PRESIDENTE E CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA

Definición da política xeral audiovisual

Solicitarlle ó presidente da Xunta de Galicia o desenvolvemento do disposto polo artigo 2 da Lei 6/99, relativo á “definición da política xeral no campo audiovisual”, dotando de contido efectivo a consideración de “sector estratéxico”.

Comisión de Coordinación da Xunta de Galicia

Creación dunha comisión interferométrías, dependente da Consellería de Cultura, que coordine as actividades en materia audiovisual dos restantes departamentos da Xunta de Galicia. Determinación, por decreto da Xunta de Galicia, da súa dependencia orgánica, composición e funcións, en cumprimento do artigo 2.c) da Lei 6/1999.

PARLAMENTO DE GALICIA

Aumento do orzamento global da CRTVG

Aumenta-la dotación orzamentaria da CRTVG para que chegue a cumprir-la lei do 5% (investimento do 5% da súa conta de resultados en produción audiovisual), sen detrimento da dotación orzamentaria de produción allea. Velar polo procedemento da participación da CRTVG no sector audiovisual galego.

CONSELLERÍA DE CULTURA

Constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia

Solicitarlle ó conselleiro de Cultura a urxente constitución do Consorcio do Audiovisual, con participación das entidades do sector. Cumprimento do artigo 9 da Lei 6/1999.

Publicación do Estudio do sector audiovisual en Galicia

A Consellería de Cultura realizou en 1999 un voluminoso estudio, a modo de *Libro branco do sector audiovisual* e os seus datos foron actualizados a 31-12-2000, con activa participación das empresas da AGAPI. A publicación deste estudio sería un importante punto de referencia para o futuro do sector.

Incremento das axudas a produción e desenvolvemento

Axudas ó sector audiovisual para produción e desenvolvemento. Dúas características continuidade + aumento permanente para garanti-la expansión. Trátase de manter e reforza-la liña actual, duplicando a súa dotación (dada a gran demanda, o alto número de solicitudes e proxectos concorrentes ás últimas convocatorias públicas e o consecuente grao de insatisfacción que xera a partida orzamentaria actual).

Axudas automáticas para produción, distribución e exhibición cinematográfica.

O sistema estatal de axudas automáticas (Ministerio de Cultura) debe trasladarse ó ámbito da distribución e exhibición en lingua galega.

Axudas automáticas á produción cinematográfica

A especificidade do audiovisual fai que algunhas das modalidades coas que se pretende axudar non cumpran en ocasións a finalidade á que se destinaban. Nesta liña, e seguindo as experiencias españolas e internacionais, sería conveniente crear un fondo de protección do audiovisual xestionado desde o consorcio que dea axudas automáticas ás producións audiovisuais e multimedia xa realizadas e que cumpran determinadas condicións. Este fondo xa existe cun formulamento similar no ICAA. A característica principal deste fondo específico de axudas automáticas reside en que se concedan as axudas tendo en conta a diversidade dos tipos de producións.

Incentiva-las producciones con axudas de ata 3 millóns de euros (490 millóns de pesetas aproximadamente)

Este diñeiro podería ser destinado tanto a axudas para a produción como para o desenvolvemento. A lóxica anual á que se adaptan as axudas que a Consellería de Cultura concede á produción audiovisual crea a necesidade de que a convocatoria se axuste ó mes de xaneiro para que as contribucións poidan ser aproveitadas adecuadamente ó longo do ano -real e contable- polas empresas beneficiarias. Só desta forma se poderían cumprir os obxectivos que se prevén na Lei do audiovisual. En vista disto, sería desexable que no ano 2002, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual publicase as convocatorias a comezos de ano polo que isto significa para o sector. En canto ós requisitos de petición das axudas, é desexable que as producións se poidan presentar en soporte magnético e non necesariamente en celuloide.

Comisión avaliadora plural e especializada

A comisión avaliadora dos proxectos ten enorme importancia, por se-la encargada de analizar en profundidade cada unha das propostas de solicitude. Sería conveniente para garanti-la obxectividade e o correcto xuízo que os membros da comisión avaliadora respondan ós seguintes perfís:

- 1 representante da asociación de guionistas
- 1 representante experto en produción
- 1 representante experto en mercados audiovisuais
- 1 representante experto en produción multimedia
- 1 representante da Televisión de Galicia
- 1 representante da AGAPI
- 1 representante do CGAI

Apoio ós premios AGAPI (premios do audiovisual galego)

Os premios AGAPI foron desde o momento da súa creación un acontecemento promocional de primeira clase para as produtoras que forman parte da asociación en concreto e para o sector en xeral. Tódolos esforzos que estas empresas realizan ó longo do ano saen á luz na cerimonia de entrega dos premios, convertida en verdadeira gala ou festa do audiovisual galego. Tras cinco edicións celebrando os premios AGAPI, a nosa asociación considera que estes premios deben converterse nos premios de todo o sector, e propón modifica-lo seu nome e bases de convocatoria, de maneira que os futuros “premios do audiovisual galego” -coa denominación que no seu día se acorde- sexan os de todo o sector audiovisual galego, sen exclusión.

Axudas ós plans de comunicación dun produto

Independentemente de que unha productora presente o seu proxecto ás subvencións a desenvolvemento ou produción, os produtores galegos deberán poder optar a unha subvención concreta á promoción dun produto. Unha boa campaña de difusión pode chegar a ser tan cara como a propia execución do proxecto. Moitas veces, a promoción constitúe o funil onde se atascan as producións galegas que queren saír a competir ó mercado.

Participación e representación do audiovisual galego na Conferencia Euro-Iberoamericana do sector cinematográfico e audiovisual

A participación neste tipo de conferencias non só axuda a promover os traballos do sector audiovisual galego, senón que ademais pode abrir vías cara a acordos de coproducción.

Axudas a presenza en festivais

Cando unha empresa acode a un festival a promover os seus produtos, non só dá a coñecer o seu produto concreto, senón que fai un labor de difusión e representación de todo o sector. Isto é algo que se debe ter en conta e que a Administración autonómica debe incentivar. O copiado de orixinais e envío a diferentes puntos de España e do mundo é un gran custo que moitas veces non se ve rendibilizado en termos económicos.

Axudas a copias para distribución

Na actualidade existen convocatorias públicas para axudas a diferentes fases da creación do produto audiovisual. Sen embargo, nestas convocatorias ignórase unha e outra vez a parte de distribución. Para axudar ós produtos galegos a se introduciren no circuito estatal de salas e poder formularse como obxectivo serio saír a mercados internacionais, a Administración debe axudar economicamente á distribución.

Elaboración de estudio de mercados (en cine, televisión, documental e multimedia) para a distribución adecuada

Non todos os produtos son iguais e, por suposto, tampouco os mercados ós que se deben destinar eses produtos o son. Para lograr unha adecuada colocación da produción galega nos circuitos comerciais convencionais, e tamén nos alternativos, é necesario realizar un estudio de mercado que describa correctamente as características da demanda actual.

Axudas á asistencia a mercados e implicación directa da Administración nestes mercados

O mesmo que afirmamos noutra medida a necesidade de estar presentes en festivais internacionais para que os produtos galegos poidan ser coñecidos máis alá de Pedrafita, é absolutamente necesaria a participación en mercados internacionais, participación que deberá ser incentivada non só economicamente, senón tamén co apoio institucional, de representación da Administración autonómica.

Acordos para a distribución con grandes empresas especializadas en distribución

Hai só dous anos, a Xunta de Galicia chegou a un acordo histórico coa empresa Filmmax, que foi o primeiro, pero non debe se-lo último. Coñecida a situación actual dos circuitos comerciais de distribución, é desexable que a Administración autonómica, en colaboración coa AGAPI, e coa CRTVG trate de forxar e asinar acordos de distribución coas grandes empresas de distribución (nas mans das cales está o mercado).

Axudas ás salas de exhibición que proxecten películas comunitarias

As salas de exhibición son un foro cultural importante na sociedade actual, ademais da principal plataforma da produción cinematográfica europea presente. Actualmente, as comunidades autónomas son a administración competente para convocar e conceder axudas á exhibición cinematográfica, e, de feito, xa se publicaron ordes que convocan subvencións para as salas de exhibición cinematográfica que proxecten películas comunitarias beneficiarias das axudas á distribución do ICAA. Poden optar a estas axudas os titulares de salas de exhibición cinematográfica situadas en Galicia que acrediten ter proxectado películas da Comunidade Europea beneficiarias das axudas á distribución convocadas polo ICAA e que estean inscritas no Rexistro de Empresas do ICAA. A contía das axudas resulta da aplicación de ata un 5% dos ingresos brutos da recadación xerados pola proxección das películas comunitarias. No caso de que esas películas sexan exhibidas xunto a algunha curtametraxe, pode recibir adicionalmente o equivalente ó dous por cento dos ingresos brutos de recadación que obteña a correspondente película comunitaria. O obxectivo da Consellería de Cultura deberá ser que esas axudas se manteñan e se potencien.

Promoción institucional de festivais propios de curtametraxes, longametraxes e documentais

A Consellería de Cultura debe incentivar e axudar ós festivais e concursos de creación audiovisual, sobre todo no plano das dotacións. Novos talentos, produtoras galegas e o sector en xeral serían beneficiarias dun instrumento que é, sobre todo, auto-promocional.

Plan de produción de contidos audiovisuais da Cidade da Cultura

Posta en marcha dun ambicioso plan de produción de contidos, con implicación das empresas e profesionais de produción independente, mediante concursos públicos de ideas, guións e proxectos.

Axudas á dobraxe e á subtitulación

As axudas a dobraxe e subtitulación xa se mencionan no apartado de produción, pero é fundamental recordalo á hora de falar de promoción e difusión. Para que os produtos audiovisuais galegos teñan unha certa difusión en circuitos internacionais, é necesaria a subtitulación ou a dobraxe como uns elementos máis dentro do proceso de produción. O idioma non pode ser un obstáculo, senón unha panca da difusión, na medida en que é garantía de diversidade e respecto á diferenciación cultural. Pero non só no circuito comercial a lingua representa unha característica diferencial que se debe salvar con subtítulos ou dobraxe; a participación en festivais e concursos tamén depende en boa medida destes condicionantes, polo que estas axudas teñen unha importancia vital.

Participación no *Libro branco da sociedade da información*

A Xunta de Galicia está desenvolvendo, a través da Consellería de Cultura e en colaboración con Telefónica, o denominado "**Libro branco da sociedade da información de Galicia**" (<http://www.xunta.es/conselle/cultura/libroblanco>). A AGAPI propónse participar activamente na elaboración deste documento, no que se definirán as liñas mestras do desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, á que é especialmente sensible o sector audiovisual.

Formación empresarial en TIC

Seguindo as recomendacións do *Libro branco da sociedade da información de Galicia*, debe fomentarse a creación de novos empresarios do sector audiovisual que exploten novas oportunidades de negocio, distintas das xa coñecidas (ou, polo menos, das que xa existen en Galicia). A difusión en soportes novos como DVD, todo o ámbito de Internet, a xestión de proxectos empresariais vinculados á xestión e explotación dos dereitos audiovisuais, etc.

Distribución de parte dos orzamentos de promoción e difusión ás produtoras galegas

Posto que a promoción é un elemento clave para o éxito dunha produción, proponse que a Consellería de Cultura financie o 33% dos gastos promocionais xustificados para erradicar a tendencia actual na que as produtoras destinan todos os seus esforzos económicos á parte de produción e carecen de fondos para a parte comunicacional.

Posta en marcha da Comisión de Cine (Film Commission de Galicia)

Posta en marcha da oficina do audiovisual (*film commission*) para fomentar e facilitar as rodaxes audiovisuais no territorio da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E IGAPE

Proxecto do Clúster do Audiovisual e solicitude ó PLAN PEME

Elaboración do proxecto do Clúster do Audiovisual (como desenvolvemento do Plan Estratégico. O proxecto debe incluír detección de debilidades do sector, convocatoria ós axentes económicos afectados, organización de grupos de traballo e marco de participación da Administración autonómica (Consellería de Industria e IGAPE). O anteprojecto xa foi presentado ante o IGAPE e actualmente o CES (Consello Económico e Social) estudia emitir un informe-opinión sobre a conveniencia e necesidade do Clúster do Audiovisual.

Fondo de Garantías

Fondo estable de garantías para avala-lo desconto de subvencións e contratos. Debe estar suficientemente dotado (mínimo estimado, 3 millóns €, 500 millóns de pesetas), para a súa aplicación a circulante, con aceptación dos negativos, dereitos e formatos televisivos como garantía do produtor. Tamén se considera a función de aval e/ou reaval para desconto de contratos, prevendas, etc.

Convenio co IGAPE para préstamos directos á produción

Préstamos directos do IGAPE en situación vantaxosa respecto ó mercado para financia-lo circulante das produtoras que seguen o modelo do convenio IFC/BA.

Convenios IGAPE-ICO-ENTIDADES

Convenios IGAPE-ICO-entidades financeiras para prestar apoio financeiro a proxectos audiovisuais.

Avais sobre a propiedade intelectual

Concesión de avais por parte do IGAPE considerando os activos específicos do sector (que son os “materiais propios” da industria audiovisual) en inmovilizado inmaterial, tales como desenvolvementos de proxectos, guións, dereitos de propiedade intelectual, argumentos, *story-boards*, etc.

Axudas á coproducción

Seguindo as directrices europeas, considérase imprescindible facilita-lo acceso das empresas galegas á coproducción con empresas doutros países da Unión Europea (prioritariamente) e Latinoamérica, así como o estímulo da cooperación empresarial.

Liña sectorial de capital-risco en XesGalicia

Participación prioritaria (con carácter sectorial, valorando a oportunidade estratéxica do investimento) dos fondos de capital-risco (XesGalicia) na capitalización das produtoras para a consolidación do sector. Liñas específicas de actuación en audiovisual.

Colaboración cos investidores privados (e optimización das deducións fiscais)

Participación de fondos privados de investimento e financiamento na capitalización das produtoras. Optimización das deducións no imposto de sociedades por investimentos en producións de cine e televisión (ata un 20% na Lei 14/2000, de 29 de decembro, que por vez primeira incluíu longametraxes, series audiovisuais de ficción, animación e documental.

Maduración e profesionalización competitiva dos traballadores do sector mediante convenios de formación

Os convenios de formación desexables non só se ocuparían das cuestións formativas, senón que se encargarían tamén da inserción laboral. É recomendable un estudo previo, realista, sobre as necesidades concretas de cada rama do sector e, mesmo, de cada produtora. Este tipo de estratexias formativas personalizadas non só supoñen unha subida no nivel de cualificación dos profesionais do sector, senón que ademais, ó tratarse de respostas concretas a demandas concretas, ofrecen unha garantía de resultado inmediato.

ENTIDADES FINANCEIRAS

Convenios de colaboración con entidades financeiras

Convenios de colaboración para o desenvolvemento conxunto do proxecto de Clúster do Audiovisual, con contribución económica e asesoramento técnico.

Participación das sociedades de garantía recíproca

Fomenta-la actuación de **sociedades de garantía recíproca** (AFIGAL e SOGARPO) no campo do audiovisual para prestar garantías e avais no tráfico empresarial.

Convenios de colaboración da AGAPI con entidades financeiras

Elaboración dun plan de colaboración co sector financeiro e bancario galego. Elaboración dun prego de peticións do sector audiovisual ó sector financeiro.

Investimento de SODIGAL (Programa Lanza)

Fomentar fórmulas de participación de entidades como SODIGAL no capital de empresas en lanzamento, emprendedores e similares, por un período de tempo determinado.

Actividades de formación sobre financiamento

Apoio da Administración a actividades de formación e capacitación no ámbito do financiamento, con seminarios específicos de formación sectorial orientados a responsables e directivos das entidades financeiras. Visitas de traballo de empresarios e técnicos e xestores do IGAPE e entidades financeiras ó ICO, Instituto Catalán de Finanzas, etc.

Plan de colaboración coa Escola de Negocios de Caixanova

Na tarefa de contribuír á maduración dos produtores executivos de Galicia, a Escola de Negocios de Caixanova podería participar de modo especial. Nos cursos para desenvolver por esta escola de negocios, en colaboración coa AGAPI, inculcarase cómo valorar adecuadamente unha empresa e cómo facer unha prospección de futuro desta para realizar producións de nivel. O sector audiovisual non só necesita profesionais da produción, senón tamén da xestión e da administración; é dicir, empresarios que saiban cómo facer fronte a proxectos de dimensións considerables desde o punto de vista económico e empresarial.

Convenio de formación empresarial específica coa escola de negocios

Inclúe a realización e estudo dos *business plan* das empresas interesadas, trasladando ó ámbito de cada empresa particular as liñas directrices do sector e deste mesmo plan estratéxico.

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA

Desenvolvemento do Clúster do Audiovisual

Baseándose no anteproxecto presentado ó IGAPE, o obxectivo sinalado para o ano 2002 é o desenvolvemento completo do proxecto do clúster, coas fases que no seu momento se determinen.

Constitución do Clúster do Audiovisual

Creación efectiva e posta en funcionamento do Clúster do Audiovisual de Galicia, con participación de tódolos axentes económicos afectados.

Axudas á comercialización

Axudas ó sector audiovisual para comercialización e presenza en mercados nacionais e internacionais (creación de catálogos de empresa e/ou sectoriais, versión a outros idiomas, presenza en feiras especializadas, etc.)

Impulso de produtos máis competitivos mediante adquisición de tecnoloxías avanzadas

A situación específica do sector audiovisual, no que a innovación tecnolóxica é un factor fundamental para concorrer dunha forma competitiva no mercado, fai necesaria unha especial atención ás axudas para a adquisición de maquinaria. Nos últimos catro anos, as axudas á renovación e innovación tecnolóxica pasaron dun corenta por cento inicial ó vinte por cento. Sería conveniente que esta porcentaxe regresase ás súas orixes.

A estimación é que o sector audiovisual investirá arredor de 18 millóns € (300 millóns de pesetas, aproximadamente) para innovación e renovación tecnolóxica, tanto en *software* como en *hardware*. Aplicadas as porcentaxes de axudas, isto significaría unha contribución por parte da Consellería de Industria de 120 millóns de pesetas, esenciais para logralo obxectivo de incremento de postos de traballo e de facturación expresado no resumo inicial de obxectivos.

Elaboración dun catálogo de empresas e producións audiovisuais

O catálogo de empresas e producións audiovisuais, xerado pola Administración, non só é necesario para ter unha visión de conxunto fidedigna da realidade do audiovisual galego. Ademais, é unha ferramenta de promoción para presentar nas convencións, conferencias, festivais e mercados anteriormente citados. Este catálogo debe ser elaborado pola Consellería de Industria e non por unha empresa privada ou unha asociación para que nel non só estean presentes as produtoras da AGAPI ou aquelas con maior facturación, senón todo o sector.

Creación e celebración dunha feira internacional centrada nunha rama industrial do sector audiovisual

Galicia podería ser anfitriona dunha feira nacional de maquinaria ou *software* para a produción audiovisual. Habería dúas posibilidades: crear a feira *ex novo* (dado o gran número de empresas de dobraxe e sonorización que existen en Galicia, unha feira de son sería unha idea adecuada), ou ben celebrar en chan galego algunha feira de prestixio xa existente. Con este tipo de convocatorias conséguese concentrar na Comunidade a un gran número de profesionais e provedores especializados e converte-lo país nun referente na materia. A Semana Verde ou Expo-Agro son experiencias moi positivas dentro doutros sectores, que poden aplicarse ó audiovisual.

CLÚSTER GALEGO DO AUDIOVISUAL

Business plan das empresas do sector

Análise do *business plan* das empresas, prospeccións de futuro.

Proveranse os mecanismos necesarios para que técnicos especializados analicen os plans de negocio das empresas e as asesoren sobre o seu financiamento, á marxe dos seminarios, cursos ou actividades formativas que preparen o sector para traballar efectivamente as súas posibilidades de financiamento. Trátase de trasladar ás empresas o plan estratéxico, interiorizándoo.

Portelo do financiamento audiovisual

Creación do portelo do financiamento en colaboración coa Xunta, IGAPE e entidades financeiras. O obxectivo é responder individualmente ás necesidades de financiamento dunha productora e un proxecto concreto nun momento determinado, unificando criterios, trámites e xestións, simplificando o labor do produtor executivo e axilizando os procesos.

Estudio do horizonte laboral e socioeconómico do Sector Audiovisual Galego. Oportunidade da creación do clúster.

Tódalas accións previstas no plan estratéxico teñen unha repercusión económica, así como en materia de creación e mellora de emprego –e moi especialmente a proposta de creación do Clúster Galego do Audiovisual- que deben ser avaliadas coa participación do Consello Económico e Social de Galicia. A proposta inicial foi formulada a través da CEG (Confederación de Empresarios de Galicia), á que pertence a AGAPI.

Portal B2B do sector

A creación dun portal en Internet B2B debe ser unha medida urxente para impulsar o comercio electrónico intrasectorial. O sector galego non pode quedar fóra do xogo de Internet, no que se está operando xa unha parte substancial das transaccións, o que se incrementará no futuro inmediato. É posible estudar a cooperación con FAPAE nesta proposta.

CONSELLERÍA DE FAMILIA

Incrementar postos de traballo das produtoras da AGAPI desde os 188 postos fixos e 444 eventuais actuais ata os 300 postos fixos e 650 eventuais

Para conseguilo obxectivo proposto e combater a precariedade do emprego dentro do sector -nestes momentos é moi superior a cantidade de contratados eventualmente cá de traballadores con posto fixo- sería bo que se mantivesen as axudas á contratación estable que nestes momentos xa se están concedendo.

Producción máis especializada e competitiva gracias á formación de profesionais con bolsas específicas

Para que o sector audiovisual galego poida responder con produtos competitivos ás demandas do mercado do entretemento, debe contar con profesionais á altura das circunstancias. A formación destes profesionais poderíase incentivar coa creación de bolsas específicas que premien a excelencia e creatividade.

Producción de maior calidade para o desenvolvemento de contidos para a teleformación no sector audiovisual

A colaboración con empresas especializadas sería fundamental á hora de dirixir os esforzos formativos do sector a través da teleformación.

Publicación do Estudio de necesidades formativas do sector audiovisual de Galicia

Edición do estudo realizado por SOLUZIONA en virtude do convenio AGAPI-Consellería de Familia. O estudo inclúe unha caracterización do sector, unha análise de necesidades formativas (Mapa de ocupacións) por subsectores (cinematografía, produción videográfica e televisión, multimedia, animación). As conclusións do estudo foron asumidas, no ámbito estatal, pola FAPAE.

Segunda fase do estudio de necesidades de formación Mapa de competencias

Como continuación do estudio realizado no ano 2001 sobre detección de necesidades formativas, é preciso desenvolver ata as súas últimas consecuencias o mapa de ocupacións, realizando o “Mapa de competencias”, coherentemente coas directrices do novo Plan Galego de Formación Profesional.

Análise da oferta educativa audiovisual

O estudio de necesidades formativas impulsado pola AGAPI permitiu coñecer as necesidades do sector (a demanda); o paso seguinte debe poñer este diagnóstico en correlación coa actual oferta educativa audiovisual existente en Galicia (universitaria, FP, etc.). O resultado final permitirá establecer a adecuación entre oferta e demanda e, conseguintemente, propoñer as medidas correctoras oportunas.

Desenvolvemento de contidos de TELEFORMACIÓN

O nacemento de nichos de traballo relacionados coa teleformación determinará a moi curto prazo unha gran demanda de contidos para teleformación, os que o sector -particularmente as empresas de multimedia- deben dar unha resposta áxil.

Plan de emprego

Actuación a través dos axentes de emprego para mellorar o emprego nas empresas do sector, optimizando os sistemas de contratación e axudas, co obxectivo de favorecer a estabilidade no emprego a curto e longo prazo.

UNIVERSIDADES E CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Investigación + Desenvolvemento audiovisual

Financiamento do I+D específico do sector audiovisual

Convenio para sonorizar películas en galego

O sistema catalán de axudas á exhibición cinematográfica en lingua catalana (das que a Generalitat facilita o 50%) debe ser aplicado gradualmente, ata alcanzar unha cota de cine en galego do 25% en 2006, a razón dun incremento do 5% anual. O custo debería sufragarse entre a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística, 33%) e, o resto, as distribuidoras.

Colaboración coas facultades e escolas para producións non comerciais

A existencia de estudos audiovisuais en centros docentes -tales como a Facultade de Xornalismo de Santiago, a Facultade de Humanidades e a de Belas Artes en Pontevedra, a EGACI en Vigo, etc.- fan posible utilizar estes medios e platós por parte da industria en producións non comerciais. Excluindo expresamente o uso comercial destes medios educativos -que en ningún caso deben entrar en competencia coa industria-, deben establecerse liñas de colaboración en áreas non comerciais, así como en I+D.

Colaboración coa futura Escola Superior de Arte Dramática para a intervención de actores nas producións galegas

Existen en toda Galicia varias escolas e talleres non homologados nos que se imparten clases de interpretación e expresión cultural. O número de persoas que se matricula nestes cursos cada ano e o número crecente de producións de ficción que se rodan en Galicia son as mellores probas de que unha titulación regrada de interpretación é cada vez máis necesaria. As universidades galegas e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, co impulso da AGAPI, poderían crear ben unha escola oficial, ben un programa de cursos concreto.

Asesoramento en titulacións e axuda na elaboración dun mapa de posgraos en función das necesidades de produción do sector en Galicia

Á hora de elaborar un mapa das necesidades formativas de Galicia, tanto a Universidade de Santiago como as da Coruña e Vigo deberían participar activamente elaborando un estudio de demanda entre os estudantes, necesidades no mercado laboral e posibilidades reais orzamentarias ou de medios. Este estudio, sumado ó elaborado pola AGAPI e a Consellería de Familia, debería ofrecer unha radiografía bastante aproximada das necesidades do sector e das súas productoras.

Producción de maior calidade para o desenvolvemento de contidos para a teleformación no sector audiovisual

A colaboración con empresas especializadas sería fundamental á hora de dirixi-los esforzos formativos do sector a través da teleformación.

Proposta Escola Superior de Cinematografía de Galicia

Centro superior especializado, de prestixio, complementario das actuais escolas de Formación Profesional, con participación universitaria e do sector (modelos ECAM e ESAC).

Escola Superior de Arte Dramática

Centro superior especializado na formación de actores para o sector audiovisual con participación universitaria, do Centro Dramático Galego e do sector.

Fondo de bolsas de formación

Fondo destinado a sufragar total ou parcialmente os gastos de estudio e/ou estancia fóra de Galicia para estudantes acabados de licenciar e profesionais cualificados, para realizar estudos de alta especialización inexistentes en Galicia. A título indicativo, incluiría estudos como os seguintes ACE, STRATEGICS, CARTOON, EAVE, MEDIA BUSSINEESS SCHOOL, FILM BUSINESS SCHOOL, MEGA MEDIA, FASTLANE, ARISTA, PILOTS, etc.

Programas de adaptación de expertos doutras disciplinas

Unha das características da globalización e do mundo multidisciplinar no que se desenvolve o sector audiovisual é o carácter transversal ou horizontal de tódalas súas actividades. A industria audiovisual atravesa a toda a sociedade e afecta a tódolos demais sectores e profesións. Particularmente importante é a formación específica de expertos audiovisuais procedentes do mundo do Dereito, da Economía e das Ciencias Empresariais, do Deseño e da Publicidade, da Fotografía, do Xornalismo, etc.

Intercambios profesionais internacionais.

A posibilidade de facer chegar nova seiva profesional ás productoras de Galicia incorporando profesionais de empresas de calquera parte do mundo abre unhas indubidables expectativas de refresco. Reciprocamente, os profesionais galegos deben posuí-la posibilidade de ter estancias de intercambio en empresas do estranxeiro. Esta actividade, habitual no mundo universitario, pero escasamente implantada na empresa galega e española, xera toda clase de beneficios e só pode ser levada a cabo con programas de intercambio solidamente apoiados.

TELEVISIÓN DE GALICIA

Seguimento do convenio marco asinado pola CRTVG e a AGAPI

Durante o primeiro semestre de 1999 anunciouse a posta en marcha dun plan trianual de fomento da produción de documentais galegos para os que se destinarían 300 millóns de pesetas. Para iso, a CRTVG e a AGAPI acordan crear unha vía complementaria de financiamento, que se concretaría na negociación dos correspondentes contratos coas empresas produtoras en calquera fase de desenvolvemento dun proxecto. A CRTVG decidiu investir 330 millóns para cine e 100 para documentais nos anos 1999 e 2000, do que resulta unha cantidade total de 940 millóns, dos que 200 millóns se destinarán a documentais e 740 a cine e películas de televisión.

Polo que respecta ó cine, o prezo de venda das obras acabadas ha de valorarse nun mínimo de 90.000 € (15 millóns de pesetas aproximadamente) e un máximo de 180.000 € (30 millóns de pesetas aproximadamente), ademais de 30.000 € (aproximadamente 5 millóns de pesetas) en publicidade como máximo, a cambio da venda de dereitos en lingua galega no territorio lingüístico galego. Coa finalidade de contribuír á fase de preparación das películas cos produtores independentes e co obxecto de garantir producións de calidade e incorporar novos valores, 90.000 € (15 millóns de pesetas) han de ser destinados anualmente ó desenvolvemento de guións para películas de longametraxe, películas de televisión e documentais.

Ademais, a CRTVG contribuirá a amortiza-las películas de longametraxe coa concesión dun *rapell* por recadación en taquilla de 6.000 € por cada 18.000 € recadados en Galicia. Co fin de incentiva-las rodaxes en galego, a CRTVG concederalles un plus do 5% do orzamento, ata un máximo de 60.000 €, ás empresas de produción que roden a versión orixinal en galego. A Televisión de Galicia negociará autonomamente coas empresas produtoras o eventual interese dos proxectos que se lle presenten durante o período de vixencia do convenio, fixando así as condicións contractuais directamente coas empresas.

Con respecto ós documentais, a CRTVG achegará ata un máximo do sesenta por cento do orzamento en concepto de compra de tódolos dereitos da versión galega da obra por un período máximo de sete anos; o corenta por cento restante facilitarao a produtora. É fundamental que se produza un seguimento próximo deste convenio para que os seus formulamentos cheguen a ser reais.

Potenciación da produción galega cun incremento do orzamento da CRTVG para comprarlles produtos audiovisuais ás empresas autonómicas

Para cumprir-la Lei do 5% (a CRTVG ha de investir, polo menos, o 5% do seu orzamento en producións audiovisuais galegas) é necesario que a Consellería de Economía aumente as dotacións orzamentarias a esta televisión.

Mellora na distribución da contratación de produción da CRTVG, facilitando a entrada de novas produtoras entre os provedores habituais

Seguindo as instrucións do convenio marco asinado entre a AGAPI e a Televisión de Galicia, o importe unitario que a CRTVG destinará a cada proxecto subvencionado non ha de supera-los dez millóns de pesetas. Ademais, co fin de promover-la participación do maior número posible de produtoras galegas, establécese unha limitación do vinte por cento do orzamento asignable a unha soa produtora. A este respecto, deberán terse moi en conta as recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

Estratexia común coa CRTVG para realizar convenios co resto das televisións do Estado e da Unión Europea para producir proxectos

O futuro da produción audiovisual está na coproducción, sobre todo se o obxectivo é afrontar proxectos dunha magnitude considerable e cun estándar de calidade alto. A coproducción é unha alternativa clara de financiamento. Por esta razón, na liña de lles dar prioridade ás empresas que máis diversifiquen e externalicen a súa produción, e atendendo ós propósitos do Convenio Marco coa TVG, a televisión autonómica debería realizar un esforzo adicional á hora de se relacionar con outras televisións para acadar acordos de colaboración en proxectos conxuntos. A FORTA, agrupación de televisións autonómicas con fondos propios, ten capacidade suficiente para chegar a este tipo de acordos e establecer vías de colaboración. Por outra banda, diferentes programas da Unión Europea, insisten na idea de crear estreitas vías de colaboración entre as televisións públicas comunitarias. A Televisión de Galicia non pode facer oídos xordos ás oportunidades que se lle brinden ó audiovisual das periferias.

Convenio AGAPI-CRTVG para desenvolver proxectos experimentais

A experimentación é a base da creación con éxito. Os proxectos inicialmente *amateurs* ou desinteresados poden chegar a converterse en ideas rendibles. O apoio a este tipo de proxectos abre un camiño seguro cara á formación de novos profesionais e senta as bases para que pequenas iniciativas cheguen a ser grandes.

Producción estable de oito a doce *TV movies* por ano, desenvolvidas en coproducción coa CRTVG

O incremento das canles de televisión vai facilita-lo financiamento deste tipo de proxectos. Por outro lado, a *TV movie* é un formato ideal para, posteriormente, dalo paso á longametraxe, tanto para os actores como para os técnicos que neste momento realizan as series de ficción de gran éxito na Televisión de Galicia. Experiencias como a de *Mareas vivas* demostran que este tipo de producións gozan de gran éxito de público. As *TV movies* son, ademais, produtos exportables, o que non só significaría ingresos para as propias produtoras que venderan os dereitos de emisión ou para a CRTVG, que podería revendelos, senón que tamén podería ser unha fonte de traballo para as empresas de dobraxe e un medio de promoción do sector.

Convenio para sonorizar películas en galego

O sistema catalán de axudas á exhibición cinematográfica en lingua catalana (das que a Generalitat facilita o 50%), debe ser aplicado gradualmente, ata alcanzar unha cota de cine en galego do 25% en 2006, a razón dun incremento do 5% anual. O custo debería sufragarse entre a Xunta de Galicia (33%) e, o resto, as distribuidoras.

Programa semanal divulgativo do sector audiovisual galego

A emisión na TVG dun programa semanal dunha media hora de duración acerca do audiovisual propio axudaría a crear entre os espectadores unha conciencia selectiva de apoio ó cine galego. Ademais, un programa deste tipo permitiría dar a coñecer-las actividades dun sector estratéxico que, a estes niveis, rara vez aparece nos telexornais (a diferenza doutros sectores estratéxicos como o pesqueiro, o madeireiro, etc...).

Acordo coa CRTVG para a difusión de *promos* de producións do audiovisual galego

A difusión de *promos* (breves espazos promocionais) de cine propio é unha estratexia adoptada xa hai tempo por Televisión Española, que está facendo un intenso labor de apoio ó cine español, non só por medio de coproducción e compra de dereitos de emisión, senón tamén coa publicidade que lles dá ás producións estatais. Neste sentido, o programa *Versión Española* é un claro exemplo de promoción intelixente do cine español. A Televisión de Galicia podería seguir este exemplo coa emisión dun programa como o que xa se propuxo nun punto anterior e, adicionalmente, coa proxección de *promos* elaboradas dentro da CRTVG ou polas produtoras interesadas (en TVE séguese unha fórmula mixta).

Acordos a través da AGAPI e FAPAE con Televisión Española

A AGAPI, coa axuda da **Federación Española de Productoras**, e coa Televisión de Galicia como “madríña” de excepción, debe chegar a un acordo de emisión de producións audiovisuais galegas. Non só no que se refire ó cine, campo no que Televisión Española avanzou moito nos últimos anos, senón tamén no ámbito do documental, que, non o esquezamos, é o máis prolífico (en canto a número de producións ó ano) na Comunidade galega.

Emisión de producións galegas en horas de *prime time*

Desde o pleno respecto á autonomía da TVG respecto da súa programación, facemos constar que a mellor difusión do cine galego pasa pola súa programación en horas de máxima audiencia (*prime time*). Para iso, á hora de segui-lo cumprimento do Convenio-Marco e de establecer novos acordos coa Televisión de Galicia, non só é importante conseguila emisión de producións galegas: é fundamental que estas emisións se realicen en horas de boa audiencia. De pouco ou nada serven as proxeccións a altas horas da madrugada.

AGAPI E ASOCIACIÓN S DO SECTOR

Seguimento do convenio AGAPI-TVG-ICO

A ratificación do convenio para o financiamento de obras audiovisuais (documentais, longametraxes, *TV movies* e outros), os dereitos das cales fosen adquiridos pola Televisión de Galicia, a través do Instituto Oficial de Crédito, é unha das mellores noticias que no plano económico o sector audiovisual independente galego recibiu nos últimos anos. Este convenio, que se formula en certa maneira como complemento ó xa suscrito no ano 2002 pola AGAPI e a TVG, terá vixencia durante os dous próximos anos e está previsto que sexa executado en dous exercicios (xaneiro 2002 - xuño 2002, xuño 2002- xuño 2003). O importe da liña de financiamento será de 9.000.000 €, (1.500 millóns de pts. aprox.), para o período comprendido entre a data da firma deste convenio e o 30 de xuño de 2003, a razón de 4.000.000 € (750 millóns de pts. aprox.) por exercicio. O seguimento deste convenio para a súa axeitada aplicación e cumprimento preséntase como unha das propostas fundamentais dentro do ámbito financeiro.

Comisión de seguimento do Plan de Financiamento

Creación dun documento de necesidades de financiamento do sector audiovisual para que sirva de nexo entre produtores, Administración e sector financeiro-bancario. Este documento debe se-la base de traballo dunha comisión de seguimento do Plan de Financiamento do sector audiovisual.

Seguimento do convenio marco da CRTVG na súa faceta de instrumento difusor

O convenio marco entre a *Televisión de Galicia* e a *AGAPI* pretende establecer vínculos de colaboración permanentes para a promoción e difusión do audiovisual galego, fundamentais para a industria de contidos e para a difusión dos valores culturais, turísticos e de entretemento de Galicia. Co fin de cumprir con este obxectivo, a Televisión de Galicia debe garanti-la presenza de películas de longametraxe, películas para televisión e documentais de creación de nova produción realizados en lingua galega, mediante a adquisición para a difusión tanto na TVG como na Canle Internacional dos oportunos dereitos de comunicación pública, reprodución e, se é o caso, distribución.

Edición dun Anuario do Audiovisual

Desde a AGAPI propoñémoslle ó CGAI editar conxuntamente un anuario do sector onde se encontren condensados tódolos recursos, incluídas localizacións, necesarios para situarse dentro do sector en Galicia. Cunha base de datos ben documentada, como material de traballo, o anuario podería conter: productoras, empresas de servizos, persoal artístico e auxiliar, distribución e exhibición, Internet, televisión e telecomunicacións, medios de comunicación e institucións, axenda, etc. Sería unha ferramenta de traballo para os profesionais do propio sector e un documento informativo para aqueles que queiran coñecer rapidamente o panorama audiovisual galego. Na publicación debería incluírse unha versión reducida –a modo de listaxe, con nome, ano, xénero e formato- do catálogo de produción. Esta guía debe editarse cunha periodicidade anual para que os datos non perdan actualidade e a publicación gaña credibilidade.

Colaboración do sector coas universidades de Galicia

Participación do sector a través da AGAPI no “Estudio sobre o desenvolvemento do Sistema Universitario Galego nos próximos anos (2000-2005)”, particularmente no que atinxe ás tecnoloxías da información e a comunicación e a coordinación de titulacións, elaboración dun mapa de posgraos, etc.

Plan de formación Galicia-Norte de Portugal (INTERREG III)

No marco do programa comunitario INTERREG III, para o desenvolvemento das rexións fronteirizas, e coherentemente coa presenza de Galicia no espazo rexional denominado Arco Atlántico e na Comunidade Galicia-Norte de Portugal, o sector audiovisual debe formularse unha crecente cooperación coas asociacións empresariais, as empresas e os demais axentes económicos e sectoriais do Norte de Portugal e, especialmente, das rexións de Porto, Braga e Vila Real. Debe salientarse que o ámbito da formación e as novas tecnoloxías están expresamente incluídos nas liñas de traballo de INTERREG III.

Formación continua. Participación nos cursos de formación FORCEM 2002

A AGAPI apostou historicamente pola formación continua dos seus traballadores en activo, a través de FORCEM (agora Fundación Tripartita). Malia a complexidade que entraña a realización destas actividades formativas, segue a ser firme propósito da AGAPI a súa continuidade nos próximos anos, creando un departamento de formación estable.

Plan Galego de Formación do Sector Audiovisual 2002

No ano 2001, a AGAPI propúxolle á CRTVG a formulación e execución conxunta dun Plan de Formación Sectorial, que non puido realizarse, pois na data da proposta a CRTVG xa desenvolvera as súas propias iniciativas ó respecto. Entendemos que no ano 2002 debe retomarse a proposta e buscar vías de converxencia e cooperación da AGAPI coa CRTVG en materia de formación, o mesmo que existe noutros campos. A proposta deberá contar coa aprobación dos representantes dos traballadores, para o que a AGAPI se propón manter un diálogo fluído coas organizacións sindicais.

Presentación de *software* novidoso

O noso sector non pode estar a expensas da inercia dos fabricantes de *software*, que teñen a tendencia xeral a presenta-las súas novidades en Madrid, Barcelona ou en determinadas feiras e mercados. Debemos toma-la iniciativa de promover este tipo de presentacións directamente en Galicia, como xa se fixo nalgún caso illado (Sony, Adobe, etc.).

Convenios de prácticas

Os centros de formación necesitan ofrecerlles ós seus numerosos alumnos vías de realización de prácticas reais no mundo da empresa. A AGAPI xa vén participando en programas de prácticas (así, coa EIS da Coruña ou coa Escola de Imaxe e Son de Vigo). Trátase de avanzar un paso máis e formalizar estes convenios con carácter estable.

Colaboración tecnolóxica entre empresas

As empresas do sector deben establecer liñas mutuas de apoio no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e a definición dos estándares de produción.

Creación da guía de profesionais do audiovisual e multimedia

As empresas colaborarán na creación dun directorio profesional con múltiples aplicacións no día a día da industria. Trátase dunha ferramenta que permita localizar profesionais vinculados ó audiovisual en áreas técnicas, artísticas e administrativas

Creación de redes de coproducción galegas

Debe establecerse unha rede de cooperación empresarial específica vinculada a unha rede de coproduccións entre empresas. Xéranse así economías de escala baseadas na contribución conxunta das empresas, máis tecido empresarial e máis capacidades.

Aposta por Internet en tódalas fases do proceso de produción

Internet achega beneficios ó sector en tres direccións fundamentais: a) implica unha nova tecnoloxía de produción, b) supón unha nova canle de distribución e c) permite o establecemento de relacións de *Business to Business* entre organizacións. En todos eses ámbitos o esforzo das empresas encamiñárase a introduci-la tecnoloxía da rede nas súas prácticas cotiás.

Vanguardia tecnolóxica facilitada polos operadores de telecomunicacións

Reclamar dos axentes de telecomunicacións calidade e vangarda nas redes de comunicación. Vinculación do desenvolvemento da industria de contidos á industria dos transportadores. Asunto da máxima urxencia, vital para a competitividade do sector, actualmente lastrada por unhas telecomunicacións “imposibles”, con frecuentes caídas dos servidores de Internet, “anchos” de banda estreitos e deficiencias técnicas e de calidade graves. Todo isto repercute nos tempos de produción, ocasiona graves perdas, molestias e frea a rendibilidade e a competitividade do sector.

Relación especial con fabricantes de equipos e software

O sector depende moi especialmente da tecnoloxía para mante-la produción. Cómpre liña directa cos fabricantes de equipos e *software*, formación continua, facilidades de financiamento na adquisición de tecnoloxía e promoción da vangarda técnica como motor da competitividade e da calidade.

Atención especial ó contorno multimedia

Converte-la rede e o multimedia en áreas de atención preferencial nas políticas sectoriais. A súa capacidade de expansión xustifica unha atención específica. O binomio *web*-multimedia supón a incorporación á rede, os CD-ROM ou DVD, de materiais de vídeo e audio, concentrando así as oportunidades do sector.

Cultura de calidade no audiovisual

A implantación dunha cultura da calidade baseada na fiabilidade do sector (de cara ós investidores e ós clientes), os estándares técnicos de produción (con vistas ó resultado audiovisual do proxecto), os procesos productivos (eficiencia, produtividade, cumprimento de compromisos de entrega e orzamentos).

Academia Galega do Audiovisual

A existencia dunha ampla variedade de asociacións profesionais representativas do sector –así: representantes dos produtores, dos guionistas, dos actores, dos dobradores, dos directores e realizadores, etc.- suxire a conveniencia de que converxer nunha academia das artes audiovisuais, o mesmo que noutras disciplinas (lingua, historia, medicina, etc.) e seguindo o modelo implantado xa pola Academia española de Cine ou a ATV (Academia de Televisión). As funcións desta academia deberían ser, basicamente, de natureza artística, creativa e de potenciación das profesións do sector, no seu conxunto.

CALENDARIO DO PLAN ESTRATÉGICO

2002

- Definición da política xeral audiovisual
- Comisión de Coordinación da Xunta de Galicia
- Constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia
- Publicación do “Estudio do sector audiovisual en Galicia”
- Incremento das axudas a produción e desenvolvemento
- Axudas automáticas para produción, distribución e exhibición cinematográfica.
- Axudas automáticas á produción cinematográfica
- Incentiva-las producións con axudas de ata 3 millóns de euros (490 millóns de pesetas aproximadamente)
- Comisión avaliadora plural e especializada
- Apoio ós Premios AGAPI (Premios do Audiovisual Galego)
- Axudas ós plans de comunicación dun produto
- Participación e representación do audiovisual galego na Conferencia Euro-Iberoamericana do sector cinematográfico e audiovisual
- Axudas a presenza en festivais
- Produción de maior calidade para o desenvolvemento de contidos para a teleformación no sector audiovisual
- Axudas a copias para distribución
- Elaboración de estudio de mercados (en cine, televisión, documental e multimedia) para a distribución adecuada
- Axudas á asistencia a mercados e implicación directa da Administración nestes mercados
- Promoción institucional de festivais propios de curtametraxes, longametraxes e documentais
- Plan de produción de contidos audiovisuais da Cidade da Cultura
- Axudas á dobraxe e á subtitulación
- Participación no *Libro branco da sociedade da información*
- Distribución de parte dos orzamentos de promoción e difusión ás produtoras galegas

- Posta en marcha da Comisión de Cine (*Film Commission* de Galicia)
- Proxecto do Clúster do Audiovisual e solicitude ó PLAN PEME
- Fondo de Garantías
- Convenio co IGAPE para préstamos directos á produción
- Convenios IGAPE-ICO-ENTIDADES
- Avais sobre a propiedade intelectual
- Axudas á coprodución
- Liña sectorial de capital-risco en XesGalicia
- Colaboración cos investidores privados (e optimización das deducións fiscais)
- Convenios de colaboración con entidades financeiras
- Participación das sociedades de garantía recíproca
- Actividades de formación sobre financiamento
- Convenio de formación empresarial específica coa Escola de Negocios
- Desenvolvemento do Clúster do Audiovisual
- Impulso de produtos máis competitivos mediante adquisición de tecnoloxías avanzadas
- Elaboración dun catálogo de empresas e producións audiovisuais
- Estudio do Horizonte Laboral e socioeconómico do Sector Audiovisual Galego. Oportunidade da creación do clúster.
- Produción de maior calidade para o desenvolvemento de contidos para a teleformación no sector audiovisual
- Publicación do *Estudio de necesidades formativas do sector audiovisual de Galicia*
- Potenciación da produción galega cun incremento do orzamento da CRTVG para a compra de produtos audiovisuais ás empresas autonómicas
- Mellora na distribución da contratación de produción da CRTVG, facilitando a entrada de novas produtoras entre os provedores habituais
- Seguimento do convenio AGAPI-TVG-ICO
- Comisión de seguimento do Plan de Financiamento

- Seguimento do convenio marco da CRTVG na súa faceta de instrumento difusor
- Edición dun Anuario do Audiovisual
- Colaboración do sector coas universidades de Galicia
- Plan de formación Galicia-Norte de Portugal (INTERREG III)
- Formación continua. Participación nos cursos de formación FORCEM 2002
- Plan Galego de Formación do Sector Audiovisual 2002

2003

- Aumento do orzamento global da CRTVG
- Acordos para a distribución con grandes empresas especializadas en distribución
- Axudas ás salas de exhibición que proxecten películas comunitarias
- Plan de produción de contidos audiovisuais da Cidade da Cultura
- Formación empresarial en TIC
- Maduración e profesionalización competitiva dos traballadores do sector mediante convenios de formación
- Convenios de colaboración da AGAPI con entidades financeiras
- Investimento de SODIGAL (Programa Lanza)
- Plan de colaboración coa Escola de Negocios de Caixanova
- Constitución do Clúster do Audiovisual
- Axudas á comercialización
- Creación e celebración dunha feira internacional centrada nunha rama industrial do sector audiovisual
- Business plan das empresas do sector
- Portelo do financiamento audiovisual
- Portal B2B do sector
- Incrementar postos de traballo das produtoras de AGAPI desde os 188 postos fixos e 444 eventuais actuais ata os 300 postos fixos e 650 eventuais
- Producción máis especializada e competitiva gracias á formación de profesionais con bolsas de estudos específicas
- Segunda fase do estudio de necesidades de formación “Mapa de competencias”.
- Análise da oferta educativa audiovisual
- Desenvolvemento de contidos de TELEFORMACIÓN
- Plan de Emprego
- Investigación+Desenvolvemento audiovisual

- Convenio para sonorizar películas en galego
- Colaboración coas Facultades e Escolas para producións non comerciais
- Colaboración coa futura Escola Superior de Arte Dramática para a intervención de actores nas producións galegas
- Asesoramento en titulacións e axuda na elaboración dun mapa de posgraos en función das necesidades de produción do sector en Galicia
- Proposta Escola Superior de Cinematografía de Galicia
- Escola Superior de Arte Dramática
- Fondo de bolsas de formación
- Programas de adaptación de expertos doutras disciplinas
- Intercambios profesionais internacionais
- Potencia-la produción galega incrementando orzamento da CRTVG para comprarlles produtos audiovisuais ás empresas autonómicas
- Estratexia común coa CRTVG para realizar convenios co resto das televisións do Estado e da Unión Europea para a produción de proxectos
- Convenio AGAPI-CRTVG para desenvolver proxectos experimentais
- Programa semanal divulgativo do sector audiovisual galego
- Acordo coa CRTVG para a difusión de *promos* de producións do audiovisual galego
- Acordos a través da AGAPI e FAPAE con Televisión Española
- Emisión de producións galegas en horas de *prime time*
- Convenio para sonorizar películas en galego
- Producción estable de oito a doce *TV movies* por ano, desenvolvidas en coproducción coa CRTVG
- Presentación de *software* novidoso
- Convenios de prácticas
- Colaboración tecnolóxica entre empresas
- Creación da guía de profesionais do audiovisual e multimedia
- Creación de redes de coproducción galegas

- Aposta por Internet en tódalas fases do proceso de produción
- Vangarda tecnolóxica facilitada polos operadores de telecomunicacións
- Relación especial con fabricantes de equipos e *software*
- Atención especial ó contorno multimedia
- Cultura de calidade no audiovisual

2004

- Aumento do orzamento global da CRTVG
- Acordos para a distribución con grandes empresas especializadas en distribución
- Plan de produción de contidos audiovisuais da Cidade da Cultura
- Portal B2B do sector
- Incrementar postos de traballo das produtoras da AGAPI desde os 188 postos fixos e 444 eventuais actuais ata os 300 postos fixos e 650 eventuais
- Convenio para sonorizar películas en galego
- Potenciación da produción galega cun incremento do orzamento da CRTVG para a compra de produtos audiovisuais ás empresas autonómicas
- Convenio para sonorizar películas en galego
- Producción estable de oito a doce *TV movies* por ano, Desenvolvidas en coproducción coa CRTVG
- Presentación de *software* novidoso
- Convenios de prácticas
- Colaboración tecnolóxica entre empresas
- Creación da guía de profesionais do audiovisual e multimedia
- Creación de redes de coproducción galegas
- Aposta por Internet en tódalas fases do proceso de produción
- Vangarda tecnolóxica facilitada polos operadores de telecomunicacións
- Relación especial con fabricantes de equipos e *software*
- Atención especial ó contorno multimedia
- Cultura de calidade no audiovisual

2005

- Aumento do orzamento global da CRTVG
- Portal B2B do sector
- Incrementar postos de traballo das produtoras da AGAPI desde os 188 postos fixos e 444 eventuais actuais ata os 300 postos fixos e 650 eventuais
- Convenio para sonorizar películas en galego
- Potenciación da produción galega cun incremento do orzamento da CRTVG para a compra de produtos audiovisuais ás empresas autonómicas
- Convenio para sonorizar películas en galego
- Producción estable de oito a doce *TV movies* por ano, Desenvolvidas en coproducción coa CRTVG
- Presentación de *software* novidoso
- Convenios de prácticas
- Colaboración tecnolóxica entre empresas
- Creación da guía de profesionais do audiovisual e multimedia
- Creación de redes de coproducción galegas
- Aposta por Internet en tódalas fases do proceso de produción
- Vangarda tecnolóxica facilitada polos operadores de telecomunicacións
- Relación especial con fabricantes de equipos e *software*
- Atención especial ó contorno multimedia
- Cultura de calidade no audiovisual

ANEXOS

ANEXO 1. Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto pola *Constitución española* no seu título VIII, capítulo III, artigos 148.1.17º e 149.1.27, 2 e 3; no *Estatuto de autonomía de Galicia*, título II, capítulo I, artigos 27.19, 32 e 34; no Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo; nas normas de aplicación da Unión Europea incorporadas ó ordenamento xurídico español, como a Directiva 89/552/CEE, sobre coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e o Convenio europeo sobre televisión transfronteiriza, feito en Estrasburgo o 5 de maio de 1989, e nos programas europeos de desenvolvemento e apoio á industria audiovisual, debe e ten a potestade para legislar sobre esta materia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tódolos elementos que conforman o campo do audiovisual estanse situando nun primeiro plano dentro dos sectores industrial e económico en todo o mundo, xerando nas últimas décadas un gran volume de negocio e de emprego directo e indirecto, así como desenvolvendo de forma paralela novos sectores do ensino universitario, profesional e de investigación; por iso, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia estes acontecementos teñen que terse en conta e regularse por unhas liñas fundamentais que poidan servir como marco normativo para o seu posterior desenvolvemento regulamentario.

Doutra banda, é necesario articula-los mecanismos para que tódolos galegos poidan ter acceso a un sector audiovisual que favoreza o aumento e a mellora das súas capacidades e posibilidades de información e comunicación, obxectivo promovido e apoiado pola Xunta de Galicia e polos seus departamentos, procurando unha política coordinada que contribúa dun xeito decisivo á integración da sociedade galega no contexto da sociedade da información europea.

Así mesmo, sempre con respecto á liberdade de expresión e creación, cómpre establecer uns principios inspiradores do sector audiovisual galego que respecten os principios recollidos na *Constitución* e no *Estatuto de autonomía*, que serán harmónicos co marco lexislativo vixente, e establezan as canles para o desenvolvemento das competencias, que na materia lle corresponde á Comunidade Autónoma.

Por iso, tendo en conta a importancia cultural e económica do sector audiovisual, cómpre que se estimule e se potencie o crecemento e o desenvolvemento deste sector estratéxico coa creación dun marco legal que lles permita ós cidadáns expresárense cos medios oportunos dentro do noso espacio audiovisual cultural.

Considérase axeitado crear un consorcio das diversas administracións, autonómica, local e institucional, e de institucións e empresas que una esforzos para potencia-la industria audiovisual galega e que propicie a implicación e colaboración doutras administracións, institucións e empresas públicas e privadas para o mesmo fin.

Quérese, ó mesmo tempo darlle un pulo máis ó Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia, por consideralo un mecanismo que impulsa a sociedade de Galicia na mellora e no prestixio do seu sector audiovisual, creando a Comisión do Usuario, así como propiciando o autocontrol dos axentes do sector no respecto ós principios que rexen a súa actividade, e cara ó axeitado respecto do público destinatario da súa actividade, ó tempo que se establece a posibilidade de utilizar mecanismos arbitrais de resolución de conflitos que poidan xurdir entre particulares.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.21 do *Estatuto de Galicia* e co artigo 24 da Lei/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei do audiovisual de Galicia.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1º. -Obxecto da lei.

1. Esta lei establece, no exercicio das competencias que lle son propias á Comunidade Autónoma, no ámbito territorial de Galicia, os principios xerais e as liñas de acción institucional no sector audiovisual, así como os seus mecanismos de fomento.

2. É obxecto desta lei regula-la actividade cinematográfica e audiovisual (videograma) e o apoio á produción, comercialización e difusión de cine e vídeo galegos, e en galego, así como as relacións destes cos outros medios audiovisuais.

3. Os poderes públicos de Galicia recoñecen a importancia cultural, económica e social das actividades cinematográficas e do audiovisual, do papel que poden desempeñar como creación artística, información,

coñecemento e imaxe de Galicia, a prol da consecución da normalización cultural e lingüística de Galicia, polo que os consideran sector estratéxico e prioritario.

4. Consecuentemente, os poderes públicos optan por fomenta-la actividade cinematográfica e a produción audiovisual galegas, a súa comercialización e difusión, asumindo as competencias destas actividades en Galicia, asegurando o seu cumprimento e coordinando as relacións entre cine, vídeo e televisión en Galicia e espallando o seu coñecemento no interior e no exterior.

5. Para os efectos desta lei, enténdese por sector audiovisual o conxunto de actividades que utilizan como canle de desenvolvemento e transmisión da mensaxe os medios auditivos e visuais.

6. Para os conceptos xerais de longametraxe, curtametraxe, publicitario, comercial ou videograma, tómanse como referencia as normas de transposición das directivas da Unión Europea.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta lei aplícaselles ó sector audiovisual de Galicia, a aquelas empresas ou persoas que pretendan realizar actividades audiovisuais, ás que as institucións de autogoberno de Galicia consideren susceptibles de recibir achegas para o seu fomento e, en xeral, ós contidos audiovisuais, calquera que sexa a tecnoloxía que se utilice para a súa difusión no territorio de Galicia.

Artigo 3º.-Eercicio das competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través do seu Goberno e da consellería que teña atribuídas as funcións na materia obxecto desta lei, o fomento de tódalas actividades relacionadas coa creación, produción, investigación e conservación de obras audiovisuais galegas, así como a regulación da súa difusión dentro das normas básicas do Estado.

2. Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia:

- a) A definición da política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual.
- b) A aprobación dos regulamentos necesarios para o desenvolvemento desta lei.
- c) A coordinación das actividades dos órganos dependentes da consellería competente no audiovisual coas dos restantes departamentos da Xunta de Galicia a través dunha comisión, coa dependencia orgánica, composición e competencias que se determinarán regulamentariamente.

3. Correspóndelle á consellería competente no audiovisual, no ámbito das súas competencias:

- a) A proposta de definición da política xeral da Xunta de Galicia na materia audiovisual.
- b) A execución de programas e accións para o desenvolvemento do sector audiovisual.
- c) A elaboración do anteproxecto de orzamentos na materia audiovisual.
- d) A elaboración dos proxectos de regulamentos de desenvolvemento desta lei.
- e) O Control do cumprimento da normativa xeral do audiovisual no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-Principios xerais da actividade audiovisual.

As actividades recollidas nesta lei basearanse nos seguintes principios:

- a) O respecto dos valores e principios que informan a *Constitución española* e o *Estatuto de autonomía de Galicia* e os dereitos e liberdades que recoñecen e garanten.
- b) A promoción e a difusión da cultura e normalización da lingua galega, así como a defensa da identidade galega.
- c) O respecto ó pluralismo político, relixioso, social e cultural.
- d) O respecto ó honor, á fama, á vida privada das persoas, ó traballo, á creación intelectual e artística e a cantos outros dereitos e liberdades persoais ampara a Constitución.
- e) O respecto e a promoción dos valores de igualdade e non discriminatorios por razón de raza, sexo, nacemento, relixión, opinión e calquera outra condición ou circunstancia, persoal ou social, recollidos no artigo 2 da Declaración universal dos dereitos humanos e mais no artigo 14 da *Constitución*.
- f) A protección da mocidade e da infancia, de acordo coa regulación da Lei 25/1994, do 15 de xullo, de incorporación da Directiva 89/552/CEE, e da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.
- g) A promoción de valores que persigan a igualdade entre o home a muller e a defensa do respecto á súa identidade e imaxe.
- h) A defensa e preservación do medio ambiente.
- i) A promoción dos intereses xerais e locais de Galicia, impulsando para iso a participación das iniciativas galegas, tanto de carácter local coma de ámbito autonómico, co obxecto de fomentar, promover e defende-la cultura e convivencia, tanto no ámbito local coma no de Galicia.

Artigo 5º.-Principios xerais da acción institucional.

1. A Xunta de Galicia recoñece o carácter estratéxico e prioritario do sector audiovisual pola súa importancia cultural, social e económica, como instrumento para a expresión do dereito á promoción e divulgación da súa cultura, da súa historia e da súa lingua, como datos de autoidentificación.

2. Os poderes públicos de Galicia promoverán as actividades do sector audiovisual galego, tanto público coma privado, mediante mecanismos que fomenten a súa presenza.
3. Os poderes públicos garanten e promoven o pluralismo cultural no audiovisual, potenciando o sector mediante o apoio a iniciativas educativas, profesionais e industriais.

Artigo 6º -Liñas fundamentais das accións institucionais.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia manterá as seguintes liñas fundamentais de actuación no sector audiovisual:

- 1) Impulsa-la política integral de coordinación do sector audiovisual en Galicia, baseada nas seguintes medidas:
 - a) A coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e organismos dependentes.
 - b) A coordinación no conxunto das administracións públicas, organizacións empresariais e profesionais e outras entidades relacionadas co sector.
 - c) A adopción das medidas necesarias para a coordinación das accións da Comunidade en materia audiovisual coas accións que promovan o Estado español e a Unión Europea en relación co sector audiovisual.
- 2) Favorece-la promoción da cultura e lingua galega dentro e fóra de Galicia, en especial naquelas zonas nas que existan comunidades galegas no exterior.
- 3) Promove-la coordinación técnica no sector audiovisual, facilitando o avance das novas tecnoloxías.
- 4) Conservar e potencia-lo patrimonio audiovisual de Galicia.
- 5) Favorece-la competencia e a presenza internacional das empresas galegas.
- 6) Incentiva-la produción propia de animación, con axudas específicas ós establecementos de produción, e a creación, en particular, por parte dos debuxantes e humoristas galegos.
- 7) Estudiar formas de apoio ós establecementos técnicos de Galicia que sirvan para desenvolve-la actividade cinematográfica e audiovisual, de forma que se cubran as necesidades neste eido e se impulse a produción propia, capacitando nas técnicas apropiadas.

Artigo 7º.-Comunicacións de interese público.

As entidades que presten servizos de difusión de información por radio, por televisión ou por outros soportes tecnolóxicos en Galicia están obrigadas a difundir gratuitamente e con indicación da súa orixe comunicados ou declaracións por razóns de interese público, de acordo co establecido na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o Estatuto da radio e televisión, e na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.

Capítulo II. Actividades de fomento do sector audiovisual

Artigo 8º.- Dos obxectivos das actividades de fomento.

As accións de fomento do sector audiovisual en Galicia terán os seguintes obxectivos:

- a) Promover un mellor coñecemento da historia, a arte, a literatura, a música, as producións culturais e, en xeral, a realidade social galega a través das producións cinematográficas e audiovisuais.
- b) Promover e potencia-lo ensino de audiovisual e das novas tecnoloxías interactivas na práctica docente da educación.
- c) Promover e potencia-la actividade profesional no sector audiovisual dentro do seu territorio.
- d) Fomenta-la actividade empresarial e a creación de emprego no sector audiovisual, especialmente de actores e actrices e mais técnicos.
- e) Impulsa-la produción propia e a coprodución, así como a súa distribución por calquera dos sistemas e das canles da difusión audiovisual, favorecendo o desenvolvemento do sector audiovisual galego.
- f) Promove-la investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector audiovisual.
- g) Promove-la utilización do idioma galego mediante o seu uso nos medios audiovisuais, especialmente apoiando a súa utilización en salas de exhibición e promovendo a asistencia a elas en concellos de máis de 35.000 habitantes.
- h) Promove-la utilización dos medios audiovisuais entre os cidadáns discapacitados.
- i) Divulga-las obras audiovisuais galegas no propio territorio, no Estado español, en Portugal, na Unión Europea e en tódolos territorios onde existan comunidades galegas.

Artigo 9º.-Potenciación das accións institucionais: do Consorcio audiovisual de Galicia.

- 1.-Para a potenciación institucional das accións tendentes ó desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia, as administracións e entidades interesadas convirán a constitución do consorcio audiovisual de Galicia.
- 2.-A consellería competente en materia audiovisual promoverá a constitución do devandito consorcio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
- 3.-O devandito consorcio terá a condición de entidade de dereito público de carácter interadministrativo e contará cun patrimonio propio.
- 4.-Neste consorcio poderán participar entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan os fins de interese público concorrentes cos das administracións e entidades públicas consorciadas.

5.-O consorcio financiarase con achegas das entidades que o constitúan, sen prexuízo dos demais medios económicos que lle correspondan conforme ó seu réxime xurídico.

6.-O consorcio promoverá a formalización de convenios de colaboración con fundacións, asociacións e empresas que teñan interese no desenvolvemento do sector audiovisual galego. Asemade, promoverá a creación dunha oficina do audiovisual (*film commission*) para fomentar e facilita-las rodaxes en Galicia.

Capítulo III. Da exhibición

Artigo 10º.-Promoción e difusión.

1.-A Xunta de Galicia promoverá a difusión de obras audiovisuais galegas e coproduccións nas salas de exhibición cinematográficas da comunidade Autónoma de Galicia, así como en cine clubs, entidades privadas sen ánimo de lucro, asociacións, centros educativos, hospitais e organismos de asistencia social que lles oferten sesións de cine ós seus usuarios

2. A Xunta de Galicia velará porque a produción cinematográfica galega estea presente na cota de exhibicións de filmes dos estados membros da Unión Europea.

Artigo 11º.-Axudas.

Co fin de procura-la supervivencia das salas de exhibición cinematográfica sitas nas zonas rurais ou de baixa rendibilidade, a Xunta de Galicia fomentará a exhibición de cine mediante axudas, outorgadas conforme ós criterios que se determinen regulamentariamente.

Artigo 12º.-Cualificación e inspección.

A Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que a exhibición de obras e demais contidos audiovisuais nos medios de difusión da Comunidade Autónoma respecten a lexislación vixente, exercendo funcións de cualificación e inspección en coordinación co Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia.

Capítulo IV. Do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia

Artigo 13º.-Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia.

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual configúrase como un órgano de integración e participación das institucións, empresas, axentes e entidades directamente relacionadas cos referidos sectores, operadores e usuarios, que actuará con carácter consultivo e asesor para a Administración e de mediación para a arbitrase e o autocontrol entre os que voluntariamente se sometan a estes procedementos.

2. Así mesmo, o consello propiciará funcións de arbitrase e autocontrol en relación cos contidos dos medios de difusión audiovisuais específicos do ámbito da Comunidade Autónoma, sempre que o soliciten as partes.

3. O consello funcionará en pleno, comisión permanente e a través das comisións do audiovisual, de usuarios e operadores e do cine de Galicia e, así mesmo, de cantas decida crea-lo propio consello dentro das súas competencias.

4. O réxime de funcionamento e composición do consello establecerase regulamentariamente procurando a representación das institucións, sectores profesionais e empresariais e usuarios relacionado cos servicios de telecomunicacións e audiovisual.

5. O consello, a través da súa comisión permanente, elaborará un informe anual, de carácter público, sobre a actividade dos respectivos sectores no ámbito da Comunidade Autónoma.

6. O Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual encargarse da coordinación e relación cos organismos e entes homólogos do ámbito do Estado e das outras comunidades autónomas, dentro das materias da súa competencia.

Artigo 14º.-Funcións de arbitrase.

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual exercerá funcións de arbitrase co fin de lles garantir ós usuarios unha oferta de servicios competitivos, nos supostos de situacións de dominio de mercado que afecten ás relacións entre os diferentes axentes vinculados á prestación do servicio dunha determinada demarcación na rede de cable, sempre que a cuestión lle fose sometida polos interesados.

2. No desenvolvemento desta función, o Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual axustarase ó procedemento previsto nos artigos 11 e seguintes do Real decreto 1994/1996, do 6 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e, subsidiariamente, na Lei estatal 36/1988, do 5 de decembro, reguladora do réxime xurídico da arbitrase.

3. En todo caso, a submisión a esta arbitrase terá para os interesados a eficacia prevista no artigo 11 da devandita Lei estatal 36/1988, do 5 de decembro, reguladora do réxime xurídico da arbitrase.

Artigo 15º.-Das comisións.

1. Cada unha das comisións integrará a representación máis fidedigna, cualificada e directa dos axentes de cada sector, da Administración e das partes relacionadas cos produtos deles, así como aquela emanada da propia permanente do consello asesor.

2. As comisións informarán a consellería competente na materia sobre as cuestións que lle puidesen afectar á normativa relacionada cos contidos audiovisuais e a publicidade de calquera dos medios de difusión que emiten para a Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co alcance das propias competencias e co cumprimento dos dereitos fundamentais e da normativa xeral de aplicación no sector, con especial atención á protección dos menores.

3. O consello asesor propiciará tamén como tarefa inmediata a creación da Comisión do Cine de Galicia para contribuír ó mellor e máis directo asesoramento á Xunta de Galicia en canto a medidas, plans, accións, programas e proxectos de apoio e pulo ó antedito sector e no que se refira á creación, produción, realización, distribución, dobraxe e exhibición de produtos audiovisuais.

4. As comisións contribuirán, en colaboración cos operadores implicados, a propiciar fórmulas e vías en favor do uso do galego nas diferentes redes e medios de difusión audiovisual.

Disposicións adicionais

Primeira. - A Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as competencias que lle correspondan segundo o que establezan as leis estatais en materia de televisión local por ondas terrestres e de telecomunicacións por cable, e desenvolveraa regulando expresamente os contidos audiovisuais que teñan que ser difundidos por calquera sistema de telecomunicacións dentro do territorio da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, por decreto do Consello da Xunta creárase o rexistro de empresas, asociacións de profesionais do sector, asociacións de usuarios e grupos operadores con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. - A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades, que teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, rexeranse a través do disposto na Lei de Galicia 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, respectando o establecido no artigo 4 e concordantes desta lei.

Terceira. - Por proposta do organismo administrativo competente, as comisións encargaranse de tratar e estudar aqueles aspectos de ámbito competencial autonómico referidos á lexislación modificadora da Lei 25/1994 e, en particular, á incorporación da Directiva 97/36/CEE, do 30 de xuño, pola que se modifica a Directiva 89/552/CEE, do 3 de outubro, denominada Televisión sen fronteiras.

Cuarta. - O Centro Galego das Artes da Imaxe rexerase a través do disposto no seu decreto de creación e regulación e dotarase de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, respectando o establecido no artigo 4 e concordantes desta lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou menor rango no que se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o Consello da Xunta para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Segunda.-Esta lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de setembro de mil novecientos noventa e nove.

ANEXO 2. Convenio AGAPI- TVG- ICO

O Instituto de Crédito Oficial (en adiante ICO),

A Compañía de Radio e Televisión de Galicia,

E a Asociación Galega de Productoras Independentes,

EXPOÑEN

Que, co obxecto de potencia-lo sector audiovisual en Galicia e dotalo dunha vía complementaria de financiamento en relación coa cesión a Televisión de Galicia, S.A. dos dereitos de comunicación pública e, se é o caso, outros dereitos de obras audiovisuais de nova produción, acordaron outorga-lo presente convenio, que se rexerá consonte as bases que se expoñen a continuación:

BASES

PRIMEIRA.- Finalidade.

O ICO abrirá unha liña de financiamento á produción de películas de longametraxe, películas para TV, documentos de creación e pilotos de serie, en formato de longametraxe ou calquera outro tipo de obras audiovisuais distintas ás especificadas, os dereitos de comunicación pública das cales e, se é o caso, outros dereitos foran cedidos a Televisión de Galicia, S.A. segundo os termos que se recollen no acordo asinado entre a Televisión de Galicia, S.A. e a AGAPI, o 8 de febreiro de 2000, que as partes declaran coñecer.

Para os efectos previstos nesta base, enténdese por obras de nova produción as que se produzan no mesmo ano no que se adquiren os dereitos de emisión e, se é o caso, outros dereitos ou, como máximo, no ano seguinte.

Televisión de Galicia, S.A. comprométese a subscribir contratos de adquisición de dereitos de comunicación pública e, se é o caso, outros dereitos das obras audiovisuais de nova produción, realizadas por produtores independentes do sector audiovisual galego, integrados na AGAPI ou noutra asociación de produtores galegos, conforme define o artigo 3 da Lei 25/1994, modificada pola Lei 22/1999, por un importe de ata 1.500 millóns de pesetas, no período que abarque desde o ano 2000 ata o 2002, segundo se establece no acordo asinado entre a Televisión de Galicia S.A. e a AGAPI, do 8 de febreiro de 2000, sempre en función da calidade e interese para a Televisión de Galicia, S.A. e sempre e cando dispoña de cobertura orzamentaria suficiente en cada un dos exercicios obxecto de convenio.

SEGUNDA.- Importe da liña

O importe da liña de financiamento será de 9.015.181,57 euros, equivalente a 1.500 millóns de pesetas, para o período comprendido entre a data da firma deste Convenio e o 30 de xuño de 2003, a razón de 4.507.590,78 euros / 750 millóns de pesetas por exercicio.

TERCEIRA.- Período de vixencia

O período total de vixencia do convenio durará ata o 30 de xuño de 2003. Dentro do dito período, o primeiro exercicio do convenio comezará o día da firma e finalizará o 30 de xuño de 2002, e o segundo exercicio comprenderá desde o 1 de xullo de 2002 ata o 30 de xuño de 2003.

CUARTA.- Importe máximo e formalización.

O importe máximo dos préstamos no poderá supera-lo setenta e cinco por cento (75%) do prezo dos dereitos sobre a obra audiovisual que adquire a TVG, S.A., sendo o resto do financiamento, ata o vintecinco por cento

(25%), achegado directamente pola TVG, S.A., trala prestación de garantía suficiente por parte do produtor a TVG, S.A., conforme ó establecido na base sexta.

Formalizado o préstamo entre o ICO e o produtor, o desembolso estará condicionado a que Televisión de Galicia, S.A., realizara toma de razón, da cesión dos dereitos de crédito do produtor fronte a Televisión de Galicia, S.A., a prol do ICO.

QUINTA.- Tipo de xuro

O tipo aplicable ós créditos individuais será o EURIBOR aplicable durante o período de vixencia deste, e máis unha marxe do 0,50%, non existindo cobro de comisións por ningún concepto.

O seu custo poderá ser reducido en caso de que a asociación ou o produtor consiga subvencións ó tipo de xuro.

SEXTA.- Contratos TVG-Productor

Nos contratos outorgados entre os produtores e Televisión de Galicia, S.A., fixarase, en todo caso, unha data máxima de estrea comercial e de entrega de materiais, e a súa recepción de conformidade por Televisión de Galicia, S.A. no caso de ser un produto de exhibición cinematográfica, e só de entrega dos materiais para os demais produtos considerados neste convenio.

Así mesmo, deberase considera-la posibilidade de conceder unha prórroga, trala solicitude da productora e autorización por parte do instituto, cando se dea un atraso na estrea comercial e/ou na entrega de materiais, no caso de ser un produto de exhibición cinematográfica, ou na entrega de materiais e a súa recepción de conformidade para os demais produtos considerados neste convenio.

Toda modificación realizada sobre o contrato de cesión entre produtor e Televisión de Galicia, S.A., deberá ser notificada ó ICO antes da formalización do contrato de crédito entre o ICO e o produtor. Se esta modificación é posterior á formalización do contrato de crédito entre o ICO e o produtor, deberá ser notificada ó instituto no prazo de 10 días naturais desde a data da dita modificación, reservándose o instituto o dereito de aceptala ou non, para efectos do contrato ICO-productor.

Así mesmo, no mencionado contrato incluírase o calendario de pagamento por parte de Televisión de Galicia S.A., que será:

15% á firma do contrato entre o produtor e a Televisión de Galicia, S.A., sempre que o produtor lle presente aval suficiente.

10% ó inicio de rodaxe, sempre que o produtor lle presente aval suficiente.

75% ós 180 días da entrega de materiais e trala recepción de conformidade por Televisión de Galicia, S.A.

SÉTIMA.- Préstamos ICO-Productor

Os préstamos individuais nos que se instrumentará a liña de financiamento poderán solicitalos os produtores desde o momento en que Televisión de Galicia, S.A. asine o correspondente contrato para a produción da obra audiovisual de que se trate.

A documentación que deben presentar no ICO as produtoras no momento da solicitude de financiamento achégase como Anexo I e II deste convenio.

Os préstamos terán como vencemento único e exclusivo a data de pagamento da TVG, S.A. pactada no contrato entre TVG, S.A. e o produtor, sempre que esta conte co visto e prace do ICO, que se entende dado polo outorgamento do préstamo, e, se é o caso, polo procedemento establecido na base sexta.

OITAVA.- Obrigacións

Televisión de Galicia S.A. comprométese a informa-lo ICO sobre os dereitos adquiridos durante o período de vixencia deste convenio en relación coas obras audiovisuais o prezo das cales sexa obxecto de préstamo polo ICO.

Televisión de Galicia S.A. comprométese a enviar ó instituto as súas memorias auditadas, no momento que dispoñan delas.

NOVENA.- Garantías e outras obrigacións

O ente público Compañía de Radio e Televisión de Galicia garante tódalas obrigacións que correspondan a Televisión de Galicia, S.A. en razón deste convenio.

O capital social da Televisión de Galicia, S.A., integramente subscrito pola Comunidade Autónoma de Galicia, pertence á Compañía de Radio e Televisión de Galicia e non poderá ser alleado, gravado, peñado, hipotecado ou cedido en forma onerosa ou gratuíta, todo isto en virtude do artigo 14.2 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de Galicia.

DÉCIMA.- Marco regulatorio de cada proxecto

As partes comprométese a que os proxectos asinados ó abeiro deste convenio se axusten ó establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio de protección civil do dereito do honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, todo isto de acordo coa *Constitución española*, así como á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.

DECIMO PRIMEIRA.- Resolución

Poderá ser causa de resolución deste convenio o incumprimento das obrigacións de calquera das partes, principalmente as de pagamento asumidas por Televisión de Galicia, S.A., fronte ó ICO, por cesión dos dereitos de crédito do produtor a prol do ICO, conforme ó establecido na base cuarta.

Exercido o dereito de resolución por algunha das partes, todas se obrigan a cumpri-las obrigacións xurdidas antes do dito evento.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

Polo ICO
Pola Compañía de Radio e Televisión de Galicia S.A.
Pola AGAPI

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN BÁSICA QUE LLES VAI SOLICITAR O ICO ÁS PRODUCTORAS CINEMATográfICAS

- Contrato TVG-Productora.
- Escritura constitución sociedade e escritura de poderes.
- Breve currículum da productora, incluíndo descrición dos proxectos futuros.
- Contas anuais (auditoría ou imposto de sociedades ou contas depositadas en Rexistro Mercantil) dos tres últimos exercicios.
- Estados financeiros do ano en curso.
- Distribución do endebedamento bancario (tipo de operación, entidade, importe, tipo de xuro, vencemento e garantías).
- Certificado de estar ó corrente de pago con Seguridade Social e Facenda Pública.
- Detalle da obra cinematográfica obxecto de financiamento, incluíndose:
 - Orzamento definitivo da película.
 - Plan de financiamento distribuído da obra (presentación dos documentos que xustifiquen o financiamento incluído no plan).
 - Plan de traballo
 - Ficha técnica.
 - Sinopse, etc.
- Xustificante de ser socio da AGAPI ou doutra asociación de produtores independentes galegos.
- Presentación de póliza combinada de riscos cinematográficos subscrita pola productora, que cubra os principais riscos de produción da obra que se quere financiar.
- O ICO poderá solicitarlle á asociación unha carta de recoñecemento . (Achégase como ANEXO II o modelo da dita carta).

En caso de empresa individual, ademais:
 Imposto da renda (3 últimos exercicios).
 Imposto sobre patrimonio.

A información para o seu estudo no ICO deberá ser enviada en castelán.

ANEXO II

MODELO CARTA DE RECOÑECIMIENTO EMITIDA POLA AGAPI OU OUTRA ASOCIACIÓN DE PRODUCTORES GALEGOS

Estimados señores:

Don, en representación da empresa cinematográfica, con CIF e domicilio en, comunícanos que ten en marcha o proxecto dunha longametraxe titulada provisionalmente, o cal acometerá en breve prazo.

Desde .././.. pertence a, asociación integrada na AGAPI/ ou noutra asociación.

A súa produción, ata a data componse de longametraxes, tituladas todas elas estreadas en salas comerciais.

O (texto a elixir segundo o caso)

Esta sería a súa primeira produción cinematográfica, realizando anteriormente unha serie de curtametraxes, anuncios publicitarios, etc.

E para que así conste ante o Instituto de Crédito Oficial asínase a presente carta en Madrid.

ASDO: PRESIDENTE DA AGAPI

ANEXO III

CONDICIÓN XERAIS QUE REXERÁN OS PRÉSTAMOS QUE SE VAIAN SUBSCRIBIR ENTRE ICO E O PRODUCTOR

Prestatarios:

Productores representados pola AGAPI ou outra asociación de Productores galegos.

Finalidade:

Financia-la produción de obras audiovisuais de nova produción, os dereitos de emisión e, se é o caso, outros dereitos das cales foran adquiridos pola Televisión de Galicia.

Importe

Financiamento: Ata o 75% do prezo a pagar por Televisión de Galicia polos dereitos adquiridos (IVE non incluído).

Tipo de xuro: EURIBOR + 0,50%.

Comisións: Sen comisións.

Liquidacións: Capitalización semestral de xuros.

Pagamento

liquidacións: No momento do vencemento da operación.

Disposicións: Única ó inicio de rodaxe e tralo cobro do 25% correspondente á Televisión de Galicia.

Vencemento: Na data fixada no contrato de adquisición para o pagamento por parte da cadea de televisión ó produtor.

Garantías: Endoso do dereito de cobro, incluído IVE, do produtor a favor do ICO.

Outras garantías necesarias a xuízo do ICO que debe presta-lo produtor.

BIBLIOGRAFÍA

- ACALPA; *Estudio de necesidades del sector audiovisual de Castilla y León*, texto redactado por Valentín Carrera, en colaboración con ACALPA e a ADE (Agencia de Desarrollo Económico de Castilla y León), 60 pp., Valladolid, outubro 2000.
- Arthur Andersen e Universidade de Navarra; *El futuro de la televisión en España, análisis prospectivo 2000-2005*. Ed. de José Luis Carrascosa; dirección: A. Duráñez e A. Sánchez-Tabernero; Madrid, xuño 2000.
- Azpillaga, Patxi e Idoyaga, Petxo; *Guía de ayudas al sector audiovisual*, 271 pp., Ed. IBAIA, San Sebastián, 2000.
- Comité Económico e Social das Comunidades Europeas; Dictame sobre a *Proposta de Decisión do Consello relativa á participación comunitaria no Observatorio Europeo do Sector Audiovisual*, CES 843/99, Bruxelas, 22/23 de setembro de 1999.
- Consejería de Educación y Cultura; *Libro blanco das artes escénicas de Castilla y León*, 350 pp., editado pola Junta de Castilla y León, Salamanca, 1998.
- Consejería de Fomento; Plan Director de Infraestructuras y Servicios de telecomunicaciones (PDIS I), 88 pp., editado pola Junta de Castilla y León, Valladolid, 1995.
- Consejería de Fomento; Plan Director de infraestructuras y servicios de telecomunicaciones (PDIS II, 1999-2002), 73 pp. e CD-Rom, editado pola Junta de Castilla y León, Valladolid, 1999.
- De Pablos Miguel, Clemente; *Un lugar de cine: rodajes cinematográficos en Segovia (1898-1999)*, ed. Obra Social y Cultural de CajaSegovia, 166 pp., Segovia, 1999.
- Fapae/Icex; *La producción audiovisual española ante el reto de la internacionalización*, informe elaborado por PRODESCÓN, 223 pp., Ed. RSO Tandem S.L., Madrid, 2001.
- Galicia na boa dirección*, Feitos 1990-2001; PP de Galicia (carece de pé de imprenta).
- González García, Fernando; *Castilla y León en el cine*, Filmoteca de Castilla y León e SEMINCI, col. Patrimonio Audiovisual, 203 pp., ilustrado, Valladolid, 1998.
- Libro branco da sociedade da información*; Monografía Horizontal “Ferramentas da Sociedade da Información”, Xunta de Galicia-Telefónica, 2001.
- Libro blanco de las Telecomunicaciones en Castilla y León*, 229 pp., realizado por Telefónica y la Junta de Castilla y León, ed. Fundesco, Madrid, 1994.
- NORCONSULT, *Estudio de necesidades formativas do sector audiovisual galego*, informe elaborado para a AGAPI/Consellería de Familia (borrador do estudio, inédito, suxeito a cambios), Santiago, 2001.
- Porter, Michael E.; *Estrategia competitiva. Técnicas de análisis de los sectores industriales y de la competencia*, Cecs Ed., 390 pp., 20ª reimpr., México, 2000.
- Revista *Actúa*, BBVA, Madrid, 2000-2001.



Redacción e coordinación editorial

Valentín Carrera

Asesoramento metodolóxico

José Moreno Carretero e Arsenio Iglesias

Documentación

Iván Mato, Raquel Peláez, María Fernández e María Folgueira

Asociados da AGAPI participantes:

(Sesión de traballo monográfica de revisión do Plan Estratégico, Club de Prensa de Santiago, 6 de marzo de 2001)

Antón Reixa (Ringo Rango, Portozás Visión S.L.)

Beatriz Legerén (Pixel Graphics, Interacción, S.L.)

Carmen de Miguel (Continental)

Celestino Hermida (Área 5.1 Factoría Audiovisual)

Dolores Ben Pena (Sodinor S.A.)

Ignacio Varela (CTV S.A.)

Ignacio Vilar (Vía Láctea Filmes)

J. Vecino e J. Coira (Noroeste de TV e Radio)

José Luis González(Producciones Vigo S.L)

Luis Ángel Díaz (Faes, TRIADE)

Luis Collazo (Productora Faro (Prod. Faro Lérez S.L.)

Luis Núñez Rojo (Studio XXI)

Manuel Cristóbal (Dygra)

Manuel Gómez Santos (Dygra)

Manuel Seijas (Seypro)

Mara Gutiérrez Andrés (Mara Producciones)

Marco Meere (Costa Oeste)

Marcos Gallego Fernández (Servicios Audiovisuais Galegos SAGA TV)

Moncho Varela (Pórtico Comunicación)

Pablo Novo (Video Zetra)

Pancho Casal (Continental Prod.)

Silvino Fernández (Estudio Uno TV)

Susana Maceiras (Adivina Producciones)

Valentín Carrera (Ibisa Televisión)

Agradecementos:

Gregorio Gurriarán (Caixanova)

Arsenio Iglesias e Antonio Paz (Soluziona management consulting)

Jaime López Cossío (director xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia)

Cristina Rubal (subdirectora do Instituto Galego das Cualificacións)

Miguel Ángel Benzal (director xeral de EGEDA)

Eduardo Campoy (presidente da FAPAE)

Relación de propostas

1 DEFINICIÓN DA POLÍTICA XERAL AUDIOVISUAL	135
2 COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.....	135
3 CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA	135
4 POSTA EN MARCHA DA COMISIÓN DE CINE (<i>FILM COMMISSION</i> DE GALICIA).....	136
5 PUBLICACIÓN DO <i>ESTUDIO DO SECTOR AUDIOVISUAL EN GALICIA</i>	136
6 PLAN DE PRODUCCIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS DA CIDADE DA CULTURA	136
7 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES FINANCEIRAS.....	136
8 PROXECTO DO CLÚSTER DO AUDIOVISUAL E SOLICITUDE Ó PLAN PEME	137
9 DESENVOLVEMENTO DO CLÚSTER DO AUDIOVISUAL	137
10 CONSTITUCIÓN DO CLÚSTER DO AUDIOVISUAL	137
12 CONVENIO CO IGAPE PARA PRÉSTAMOS DIRECTOS Á PRODUCCIÓN.....	138
13 CONVENIOS IGAPE-ICO-ENTIDADES.....	138
14 AVAIS SOBRE A PROPIEDAD INTELECTUAL.....	139
15 AXUDAS Á COPRODUCCIÓN	139
16 INCREMENTO DAS AXUDAS Á PRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO	139
17 AXUDAS Á COMERCIALIZACIÓN	139
18 AXUDAS AUTOMÁTICAS PARA PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXHIBICIÓN CINEMATOGRAFICA	140
19 LIÑA SECTORIAL DE CAPITAL-RISCO EN XESGALICIA	140
20 COLABORACIÓN COS INVESTIDORES PRIVADOS (E OPTIMIZACIÓN DAS DEDUCCÍONS FISCAIS)	140
21 BUSINESS PLAN DAS EMPRESAS DO SECTOR.....	140
22 PORTELO DO FINANCIAMENTO AUDIOVISUAL.....	141
23 AUMENTO DO ORZAMENTO GLOBAL DE CRTVG.....	141
24 PARTICIPACIÓN DAS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA	141
25 SEGUIMIENTO DO CONVENIO AGAPI-TVG-ICO	142
26 INVESTIGACIÓN+DESENVOLVEMENTO AUDIOVISUAL.....	142
27 CONVENIOS DE COLABORACIÓN DA AGAPI CON ENTIDADES FINANCEIRAS	142
28 INVESTIMENTO DE SODIGAL (PROGRAMA LANZA)	143
29 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SOBRE FINANCIAMENTO	143
30 COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE FINANCIAMENTO.....	143
32 SEGUIMIENTO DO CONVENIO MARCO ASINADO POLA CRTVG E A AGAPI.....	144
33 CREACIÓN DE CONTIDOS PARA A CIDADE DA CULTURA.....	145

34 POTENCIACIÓN DA PRODUCCIÓN GALEGA CUN INCREMENTO DO ORZAMENTO DA CRTVG PARA A COMPRA DE PRODUCTOS AUDIOVISUAIS ÁS EMPRESAS AUTONÓMICAS	145
35 INCENTIVA-LAS PRODUCCIÓN CON AXUDAS DE ATA 3 MILLÓNS DE EUROS (490 MILLÓNS DE PESETAS APROX.).....	146
36 COMISIÓN AVALIADORA PLURAL E ESPECIALIZADA.....	146
37 IMPULSO DE PRODUCTOS MÁIS COMPETITIVOS MEDIANTE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍAS AVANZADAS	147
38 INCREMENTAR POSTOS DE TRABALLO DAS PRODUCTORAS DE AGAPI DESDE OS 188 POSTOS FIXOS E 444 EVENTUAIS ACTUAIS ATA OS 300 POSTOS FIXOS E 650 EVENTUAIS	147
39 MELLORA NA DISTRIBUCIÓN DA CONTRATACIÓN DE PRODUCCIÓN DA CRTVG, FACILITANDO A ENTRADA DE NOVAS PRODUCTORAS ENTRE OS PROVEDORES HABITUAIS.....	148
40 ESTRATEXIA COMÚN COA CRTVG PARA A REALIZACIÓN DE CONVENIOS CO RESTO DAS TELEVISIÓNS DO ESTADO E DA UNIÓN EUROPEA CO OBXECTIVO DE PRODUCIR PROXECTOS.....	148
41 CONVENIO AGAPI-CRTVG PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS EXPERIMENTAIS	149
42 PRODUCCIÓN ESTABLE DE OITO A DOCE <i>TV MOVIES</i> POR ANO, DESENVOLVIDAS EN COPRODUCCIÓN COA CRTVG	149
43 CONVENIO PARA SONORIZAR PELÍCULAS EN GALEGO	149
44 MADURACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN COMPETITIVA DOS TRABALLADORES DO SECTOR MEDIANTE CONVENIOS DE FORMACIÓN.....	150
45 COLABORACIÓN COAS FACULTADES E ESCOLAS PARA PRODUCCIÓN NON COMERCIAIS	150
46 COLABORACIÓN COA FUTURA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA PARA A INTERVENCIÓN DE ACTORES NAS PRODUCCIÓN GALEGAS	150
47 PRODUCCIÓN MÁIS ESPECIALIZADA E COMPETITIVA GRACIAS Á FORMACIÓN DE PROFESIONAIS CON BOLSAS ESPECÍFICAS	151
48 PRODUCCIÓN DE MAIOR CALIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS PARA A TELE FORMACIÓN NO SECTOR AUDIOVISUAL	151
49 PLAN DE COLABORACIÓN COA ESCOLA DE NEGOCIOS DE CAIXANOVA	151
50 ASESORAMENTO EN TITULACIÓN E AXUDA NA ELABORACIÓN DUN MAPA DE POSGRAOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DE PRODUCCIÓN DO SECTOR EN GALICIA	152
52 DISTRIBUCIÓN DE PARTE DOS ORZAMENTOS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN ÁS PRODUCTORAS GALEGAS	153
53 SEGUIMIENTO DO CONVENIO MARCO DA CRTVG NA SÚA FACETA DE INSTRUMENTO DIFUSOR	154
54 AXUDAS ÓS PLANS DE COMUNICACIÓN DUN PRODUCTO	154
55 PARTICIPACIÓN E REPRESENTACIÓN DO AUDIOVISUAL GALEGO NO CONFERENCIA EURO-IBEROAMERICANA DO SECTOR CINEMATOGRAFICO E AUDIOVISUAL	154
56 AXUDAS PARA A PRESENCIA EN FESTIVAIS.....	155
57 AXUDAS A COPIAS PARA DISTRIBUCIÓN.....	155
58 ELABORACIÓN DE ESTUDIO DE MERCADOS (EN CINE, TELEVISIÓN, DOCUMENTAL E MULTIMEDIA) PARA A DISTRIBUCIÓN AXEITADA.....	155
59 AXUDAS Á ASISTENCIA A MERCADOS E IMPLICACIÓN DIRECTA DA ADMINISTRACIÓN EN ESTES MERCADOS.....	156
60 ACORDOS PARA A DISTRIBUCIÓN CON GRANDES EMPRESAS ESPECIALIZADAS EN DISTRIBUCIÓN	156

61 ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO DE EMPRESAS E PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS	156
62 AXUDAS ÁS SALAS DE EXHIBICIÓN QUE PROXECTEN PELÍCULAS COMUNITARIAS	157
63 PROMOCIÓN INSTITUCIONAL DE FESTIVAIS PROPIOS DE CURTAMETRAXES, LONGAMETRAXES E DOCUMENTAIS	157
64 CREACIÓN E CELEBRACIÓN DUNHA FEIRA INTERNACIONAL CENTRADA NUNHA RAMA INDUSTRIAL DO SECTOR AUDIOVISUAL.....	158
65 APOIO ÓS PREMIOS AGAPI (PREMIOS DO AUDIOVISUAL GALEGO)	158
66 ACORDO COA CRTVG PARA A DIFUSIÓN DE PROMOS DE PRODUCCIÓN DO AUDIOVISUAL GALEGO	159
67 ACORDOS A TRAVÉS DA AGAPI E A FAPAE COA TELEVISIÓN ESPAÑOLA	159
68 AXUDAS Á DOBRAXE E Á SUBTITULACIÓN.....	159
69 EMISIÓN DE PRODUCCIÓN GALEGAS EN HORAS DE <i>PRIME TIME</i>	160
70 EDICIÓN DUN ANUARIO DO AUDIOVISUAL	160
72 SEGUNDA FASE DO ESTUDIO DE NECESIDADES DE FORMACIÓN "MAPA DE COMPETENCIAS"	161
73 ANÁLISE DA OFERTA EDUCATIVA AUDIOVISUAL.....	161
74 ESCOLA SUPERIOR DE CINEMATOGRAFÍA DE GALICIA.....	161
75 ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA.....	162
76 FONDO DE BOLSAS DE FORMACIÓN	162
77 DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS DE TELEFORMACIÓN	162
78 CONVENIO DE FORMACIÓN EMPRESARIAL ESPECÍFICA COA ESCOLA DE NEGOCIOS.....	163
79 COLABORACIÓN DO SECTOR COAS UNIVERSIDADES DE GALICIA.....	163
80 PLAN DE FORMACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (INTERREG III).....	163
81 FORMACIÓN CONTINUA. PARTICIPACIÓN NOS CURSOS DE FORMACIÓN FORCEM 2002 ..	164
82 PLAN GALEGO DE FORMACIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL 2002.....	164
83 PRESENTACIÓN DE <i>SOFTWARE</i> NOVIDOSO.....	164
84 ESTUDIO DO HORIZONTE LABORAL E SOCIOECONÓMICO DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO. OPORTUNIDADE DA CREACIÓN DO CLÚSTER.....	165
85 PLAN DE EMPREGO	165
86 PARTICIPACIÓN DA AGAPI NO LIBRO BRANCO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	165
87 FORMACIÓN EMPRESARIAL.....	166
88 PROGRAMAS DE ADAPTACIÓN DE EXPERTOS DOUTRAS DISCIPLINAS.....	166
89 INTERCAMBIOS PROFESIONAIS INTERNACIONAIS.	166
90 CONVENIOS DE PRÁCTICAS	167
92 CREACIÓN DA GUÍA DE PROFESIONAIS DO AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	168
93 CREACIÓN DE REDES DE COPRODUCCIÓN GALEGAS.....	168

94 PORTAL B2B DO SECTOR.....	169
95 APOSTA POR INTERNET EN TÓDALAS FASES DO PROCESO DE PRODUCCIÓN.....	169
96 VANGARDA TECNOLÓXICA FACILITADA POLOS OPERADORES DE TELECOMUNICACIÓNS.....	169
97 RELACIÓN ESPECIAL CON FABRICANTES DE EQUIPOS E <i>SOFTWARE</i>	170
98 ATENCIÓN ESPECIAL Ó CONTORNO MULTIMEDIA	170
99 CULTURA DE CALIDADE NO AUDIOVISUAL	170
100 ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL.....	170

NDICE

PRESENTACION: PLAN ESTRATÉGICO DO AUDIOVISUAL GALEGO (2002-2005)	9
<i>A Casa Antiga do Monte</i>	12
<i>Consenso parlamentario</i>	13
<i>Diálogo coa Administración</i>	15
<i>Participación interna</i>	18
<i>Contido do Plan Estratégico</i>	20
AGAPI 1994-2001: OITO ANOS COMO MOTOR DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA	23
<i>Introducción</i>	25
<i>As empresas da AGAPI ano a ano</i>	27
<i>Relacións institucionais</i>	29
Representacións da AGAPI en Galicia:.....	29
Representacións da AGAPI fóra de Galicia:.....	29
<i>Principais convenios e acordos</i>	30
<i>Axudas da Administración</i>	32
Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.....	32
Consellería de Industria.....	33
Axudas á innovación.....	33
Dirección Xeral de Comercio e Consumo.....	34
Dirección Xeral de Política Lingüística.....	34
<i>Outras actividades (1995-2000)</i>	35
Premios AGAPI.....	36
Film Commission Virtual de Galicia.....	36
PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DO SECTOR	39
I. POLÍTICA SECTORIAL	41
<i>Introducción</i>	43
<i>Consorcio do Audiovisual de Galicia</i>	47
<i>Film Commission de Galicia</i>	51
<i>Do Consorcio ó Clúster do Audiovisual</i>	53
II FINANCIAMENTO	59
<i>Perspectiva europea</i>	61
Política audiovisual da Comisión Europea.....	61
“i2i-Audiovisual”: A Comisión Europea e o BEI.....	63
<i>Banca e ladrillos</i>	66
Audiovisual: un produto específico.....	67
Un sector participado polo poder público.....	69
Cara a un novo contorno de financiamento.....	69
<i>Axentes e liñas de financiamento</i>	72
Os axentes financeiros.....	72
IGAPE.....	72
SGR (Sociedades de garantía recíproca).....	74
XESGALICIA.....	74
ENTIDADES FINANCEIRAS.....	75
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.....	75
As principais liñas de financiamento.....	76
Préstamos públicos directos á produción.....	76
Liña de capital-risco a capital.....	77

Liña de fondo de garantías a circulante.....	77
Axudas públicas autonómicas e estatais.....	77
Axudas ó audiovisual da Consellería de Cultura	79
Proposta de axudas ó audiovisual 2002	79
Convocatoria das axudas	79
Proposta de comisión avaliadora.....	80
Proposta de axudas automáticas	80
Axudas á promoción e difusión.....	81
Subvencións á exhibición de películas.....	81
Financiamento do I+D audiovisual.....	81
III PRODUCCI N.....	83
<i>As produtoras galegas.....</i>	<i>85</i>
<i>A produción cinematográfica en Galicia.....</i>	<i>90</i>
<i>A produción videográfica e de televisión en Galicia.....</i>	<i>93</i>
<i>O sector da produción de animación en Galicia</i>	<i>96</i>
<i>O sector da produción multimedia en Galicia.....</i>	<i>98</i>
IV. PROMOCI N E COMERCIALIZACI N.....	101
<i>Contorno e diagnóstico.....</i>	<i>103</i>
V. FORMACI N.....	107
<i>Antecedentes.....</i>	<i>109</i>
<i>Ano 2000: punto de inflexión.....</i>	<i>114</i>
<i>Convenio para o Estudio de Necesidades.....</i>	<i>115</i>
<i>Plan Galego de Formación Sectorial 2002</i>	<i>117</i>
<i>Bolsas de estudos.....</i>	<i>119</i>
<i>Conclusión</i>	<i>121</i>
VI. CULTURA EMPRESARIAL.....	123
<i>Contorno da relación empresarial en Galicia</i>	<i>125</i>
<i>Redes de cooperación entre empresas.....</i>	<i>126</i>
<i>Uso de Internet, o B2B e o comercio electrónico.....</i>	<i>128</i>
<i>Plans de mellora e calidade</i>	<i>131</i>
SEGUNDA PARTE: 100 PROPOSTAS SOCIEDADE GALEGA 133	
<i>PROPOSTAS DE POL TICA AUDIOVISUAL.....</i>	<i>135</i>
<i>PROPOSTAS SOBRE FINANCIAMENTO</i>	<i>138</i>
<i>PROPOSTAS DE PRODUCCI N.....</i>	<i>144</i>
<i>PROPOSTAS DE PROMOCI N E COMERCIALIZACI N.....</i>	<i>153</i>
<i>PROPOSTAS DE FORMACI N.....</i>	<i>161</i>
<i>PROPOSTAS SOBRE COOPERACI N EMPRESARIAL.....</i>	<i>168</i>
100 PROPOSTAS POR ORGANOS E ENTIDADES; ERROR! MARCADOR	
NO DEFINIDO.	
<i>PRESIDENTE E CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA</i>	<i>173</i>
<i>PARLAMENTO DE GALICIA</i>	<i>174</i>
<i>CONSELLER A DE CULTURA.....</i>	<i>175</i>
<i>CONSELLER A DE ECONOM A E IGAPE.....</i>	<i>181</i>
<i>ENTIDADES FINANCEIRAS.....</i>	<i>183</i>
<i>CONSELLER A DE INDUSTRIA</i>	<i>185</i>
<i>CL STER GALEGO DO AUDIOVISUAL.....</i>	<i>187</i>
<i>CONSELLER A DE FAMILIA.....</i>	<i>188</i>
<i>UNIVERSIDADES E CONSELLER A DE EDUCACI N.....</i>	<i>190</i>

<i>TELEVISI N DE GALICIA</i>	193
<i>AGAPI E ASOCIACI NS DO SECTOR</i>	197
CALENDARIO DO PLAN ESTRAT XICO	203
2002.....	204
2003.....	207
2004.....	210
2005.....	211
ANEXOS	212
ANEXO 1. Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia	213
ANEXO 2. Convenio AGAPI- TVG- ICO.....	218
BIBLIOGRAFÍA	223

